

Coa palabra na boca

SUGESTIÓNS PARA TRABALLAR
CON REFRÁNS NAS AULAS



Xaime Iglesias González

Ilustracións de José M. Castro Méndez

XUNTA DE GALICIA

Coa palabra na boca

SUXESTIÓNS PARA TRABALLAR
CON REFRÁNS NAS AULAS

Xaime Iglesias González

Ilustracións de José M. Castro Méndez

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral de Política Lingüística
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador científico do CIRP
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Directora técnica de Lingüística
MARÍA SOL LÓPEZ MARTÍNEZ

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2019

Autor XAIME IGLESIAS GONZÁLEZ

Ilustración JOSÉ M. CASTRO MÉNDEZ

Revisión lingüística SARA VILLAR AIRA

Título *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*

Colección *Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

ISSN: 1698-787X

*A Tere, que aturou
as miñas teimas cos refráns.*

*A muller e a sardiña, canto máis pequeniña máis xeitosiña.
Quen boa muller ten, seguro vai, seguro vén.*

AGRADECEMENTOS:

Ás compañeiras do Departamento de Lingua Galega. (IES Xunqueira II.
Pontevedra) que animaron o alumnado na busca de refráns.

Aos alumnos e alumnas que contribuíron á realización deste traballo.

A José M. Castro Méndez, amigo e compañeiro, pola súa xenerosa
colaboración na ilustración das actividades.

Ao Centro “Ramón Piñeiro” por darme a oportunidade de sacar á luz esta
proposta para traballar refráns nas aulas.

COA PALABRA NA BOCA.

Suxestións para traballar con refráns nas aulas
foi realizado por Xaime Iglesias González
durante unha licenza de estudos retribuída
pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,
ao abeiro de orde de 25 de febreiro de 2004.
Para esta edición, o texto foi revisado polo autor.

T Á B O A

PRÓLOGO	11
1. REFRÁNS E REFRANEIROS	13
a. O refrán e as súas variedades	15
b. Estrutura bimembre e esquemas xeradores	17
c. Recursos métricos e de estilo	18
d. O refraneiro galego	19
2. O REFRÁN NO ENSINO	21
a. O refrán, recurso docente	23
b. Obxectivos didácticos	24
3. PROPOSTA DIDÁCTICA	25
a. Actividades xerais	28
- a.1. Recollida de refráns	29
- a.2. Traballando cun refrán	36
- a.3. Reciclaxe de refráns	41
- a.4. Significado e uso dos refráns	46
- a.5. Algunhas características dos refráns	53
- a.6. Orixe e universalidade dos refráns	59
- a.7. Os refráns nas clases de Lingua	65
- a.8. Os refráns noutras áreas do currículo	75
b. Actividades por etapas	86
- b.1. <u>Educación infantil</u>	87
1. O que non ten cabeza ten pés	89
2. A cada paxariño gústalle o seu niño	92
3. O que ten boca vai a Roma	95
4. *Aprende cachola que estamos na escola	98
- b.2. <u>Educación primaria. 1º/2º cursos</u>	101
1. Non é ouro todo o que reloce	103
2. Na necesidade vese a amizade	106
3. Polo san Xoán, a sardiña molla o pan	109
- b.3. <u>Educación primaria. 3º/4º cursos</u>	113
1. Traballo comezado é medio rematado	115
2. Vale máis maña ca forza	118
3. Non pon a galiña, senón a fariña	121
- b.4. <u>Educación primaria. 5º/6º cursos</u>	125
1. O que canta, as penas espanta	127
2. Río revoltó, ganancia de pescadores	130
3. A auga no refraneiro	133
4. A comer co refraneiro	136
- b.5. <u>Educación secundaria</u>	139
1. Os refráns do avó	141
2. Un refrán para cada mes	144
3. Recursos lingüísticos dos refráns	147
4. O amor no refraneiro	150
5. Refráns da vida e da morte	153
6. Refráns do mundo clásico	156
7. A Biblia, fonte de refráns	159
8. Outros refráns con raíces	162
4. SUXESTIÓNS E RESPOSTAS	165
BIBLIOGRAFÍA	203

Prólogo

“Coa palabra na boca” quedei ao saber da publicación destas “suxestións para traballar con refráns nas aulas”. Sen fala e emocionada porque Xaime Iglesias me propuxo escribir este prólogo. Sen fala e agradecida ao Centro Ramón Piñeiro porque fai realidade o nacemento deste libro. O neonato non tivo unha hora pequeniña, e tardou en ver a luz varios anos, pero nunca é tarde...

Souben da existencia deste resultado da licenza de estudos de Xaime Iglesias e dos seus froitos hai anos, mesmo chegara a preguntarlle por el ao autor sen atreverme a máis. Agora, tanto os especialistas nas unidades fraseolóxicas galegas como os e as docentes estamos de en hora boa coa aparición de *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*.

Esta obra é coma auga na terra e vén que nin pintada para o ámbito docente do que procede Xaime Iglesias, profesor cunha longa traxectoria e experiencia na elaboración de manuais, de textos divulgativos e de libros de investigación. Intuímos en Xaime Iglesias un docente con vocación, con gran curiosidade por aprender e así se explican as súas licenzas de estudos para, sendo mestre, licenciarse en Xeografía e Historia e profundar no refraneiro galego.

Xaime Iglesias ofrécenos o agasallo do seu saber con este libro como fixera en 2013. Se daquela indagara intensamente para “recoller a historia, os pormenores e detalles” dunha “empresa de espectáculos, cine, música, clown e varieté” que foi *José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde*; nesta ocasión volvemos ter a “inmensa fortuna” de contar cun traballo dun “home que mima con agarimo o noso pasado” (Jorge Rey 2013: 13) e que tamén o coñece.

Outros agasallos podemos lelos, sobre todo, na revista *Cedofeita* editada pola Asociación Sociocultural Cedofeita de Lérez (parroquia onde reside) da que foi fundador e presidente. Nesta publicación periódica a temática das colaboracións de Xaime Iglesias é variada (as exposicións anuais organizadas pola Asociación, a lingua galega, as conversas con diferentes persoas da veciñanza cunha importante historia de vida...) como variado son o perfil e as inquietudes do autor cuxo libro prologamos.

Como ben explica Xaime Iglesias no libro que nos ocupa, antes a permanencia dos refráns estaba garantida sen a intervención da escola, mais na actualidade é necesario que o sistema educativo “supla esa carencia e que se teña en conta o refraneiro á hora de planificar o ensino”. Con ese obxectivo elaborou *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas*, para encher un baleiro.

En dous capítulos diferenciados e complementarios *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas* preséntanos unha primeira parte teórica e unha segunda parte práctica. A primeira infórmanos arredor do que é un refrán, da súa orixe, das características, da súa contextualización, da temática, da estrutura e dos esquemas, dos recursos métricos e do estilo. Péchase esta coa indicación das recoleccións de refráns e dos seus recompiladores en Galicia, sen esquecer o tan necesitado de estudo e atención refraneiro de Vicente Llópez.

A segunda sección, de teor práctico, centra o refrán no eido do ensino dado que o coñecemento dos refráns significa

- participar da cultura secular da comunidade e abrir “a porta a unha maior integración do individuo nela”,
- amosar “un medio práctico e eficaz de coñecer a lingua na súa máis íntima expresión, de aprendela e usala inequivocamente”,
- “coñecer e valorar tanto a contorna das crianzas como a realidade sociocultural das persoas que nela habitan” e
- ofrecer “un interesante recurso docente á hora de presentarmos aspectos como a amizade...”

Presentados os refráns como recurso docente e os obxectivos, Xaime Iglesias achéganos unha proposta didáctica, ilustrada por José M. Castro Méndez, para cada unha das etapas do ensino (infantil, primaria e secundaria) con fichas, lecturas, actividades, suxestións, ademais de actividades xerais (recolla; traballo cun refrán e a súa reciclaxe, as características, o significado e uso, a orixe e universalidade; para a clase de lingua e para outras áreas do currículo). Coa finalidade de facilitar a incorporación do refraneiro ao ensino, Xaime Iglesias propón actividades “abertas e flexibles” coas súas orientacións.

Para as diferentes etapas educativas sobresaie como premisa metodolóxica a interdisciplinabilidade e o tratamento transversal dos refráns. Desta maneira, na educación infantil aténdese ás tres áreas do currículo (coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do contorno e linguaxe). A través dos refráns (centrados na contorna, relacións persoais, alimentos e festas, tarefas, animais, carácter, distraccións, problemas individuais e xerais, auga) para a educación primaria considéranse diferentes áreas como ciencias da natureza, ciencias sociais, as linguas, os valores, a educación artística e musical... Para a educación secundaria o profesorado poderá encontrar recursos que contemplan as áreas de linguas, xeografía e historia, valores éticos, cultura clásica, bioloxía... a partir de refráns que abordan a sabedoría dos maiores, o tempo cronolóxico, as raíces históricas (mundo clásico e bíblico...) ou os grandes temas da humanidade (amor, vida e morte), incluída a abordaxe dos recursos lingüísticos e literarios presentes no refraneiro.

Estamos, pois, ante un libro imprescindible para os e as docentes de calquera etapa educativa, mesmo para a universitaria, pois non existía ata o momento –que nós saibamos– unha publicación con propostas didácticas sobre o refraneiro tan profundas e específicas. Estamos, insistimos, ante unha oferta didáctica ampla e acaída ao inserir a interdisciplinabilidade centrada nas humanidades (pensamos especialmente nas actividades que relacionan os refráns coa nosa historia e coas outras linguas da nosa contorna).

Quixeramos pór o ramo a este prólogo cunhas palabras da especialista Julia Sevilla para o *Diccionario de refráns* de Germán Conde Tarrío (2001: 8) que tamén nos parecen acaídas para esta ocasión

A lectura deste libro deléitanos cun amplo abano de normas de conduta, argumentos para apoiar as nosas opinións, solucións ou consolo para situacións difíciles, frases chispeantes de humor, ensinanzas varias. A filosofía de vida que agroma nestas follas latexa con tanta forza que cativará a calquera curioso que se asome a elas.

Ana Acuña
Universidade de Vigo

1. REFRÃNS E REFRANEIROS



1. REFRNS E REFRANEIROS

Os refrns son unha das mis xenunas manifestacins da tradicin oral, un arsenal de intelixencia prctica e fresca imaxinacin. Nacen, transfrmanse e difndense no pobo e forman parte da lingua oral como un relevante recurso da fala. Ademais de empregaren, en moitos casos, expresivas figuras lingsticas, sintetizan a sabedora popular e serven de orientacin e consello, cuxas ensinanzas se transmiten ao longo dos sculos de xeracin en xeracin.

Na actualidade, non podemos atribuirles aos refrns a capacidade persuasiva que tiveron antano, cando se dica, por exemplo, que *Non hai refrn vello que non diga unha verdade*, porque boa parte deles foron concibidos en afastadas pocas, en sociedades de corte tradicional, onde a relixin, as diferenzas sociais e as supersticins tinan un notorio peso especfico na mentalidade colectiva e na organizacin social e cultural dos pobos. Pero anda hoxe, os refrns adoitan aparecer nas conversas, tanto formais como informais, como un recurso lingstico que permite sintetizar mensaxes e expresar a realidade en forma de metfora. E, por varias razns, moitos deles anda son vlidos na actualidade. Uns ofrcennos atractivos que poden atinxir a natureza, a sociedade, a etnografa, a tica, a esttica e mesmo a filosofa. Outros poden facilitarnos datos sobre o modo de vivir e de pensar dos nosos antepasados. Por iso, son dignos de mereceren a nosa atencin.

a. O refrn e as sas variedades

A palabra *refrn* procede do provenzal *refranh* que significa verso ou conxunto de versos que se repiten regularmente ao final de cada estrofa dunha cantiga ou outra composicin potica. Con esa acepcin usouse na lrica medieval galego-portuguesa, mentres que para designar as formas sentenciosas empregbanse daquela outras expresins, como *verbo antigo* ou *exemplo vello*.

A natureza e estrutura do verso ou versos que conformaban aquel refrn, que en ocasins condensaba un pensamento de carcter mis ou menos sentencioso, propiciou que o vocbulo *refrn* adquirise no galego un segundo significado: *frase curta de forma fixa, polo xeral en forma de imaxe, coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia*. (Diccionario RAG, 1997). Ademais, a insercin do *verbo antigo* nas creacins da literatura galega medieval (Filgueira, 1990), en especial nos distintos tipos de poesa lrica, tamn contribuíu a que a palabra *refrn* acadase este segundo significado. Xa que logo, *refrn*, sen perder a sa primeira acepcin, foi desprazando a *verbo antigo* e, pouco e pouco, apoderouse do seu contido semntico, tras un perodo de convivencia con *dito*, *dito dos vellos* e outros termos.

A anterior definicin de refrn suxrenos determinadas notas caractersticas como annimo, popular e breve, s que se poden engadir outras como antigo, sentido completo, forma fixa, de transmisin oral, universal e verdadeiro. Mais convn sermos cautos, pois estes trazos non son aplicables en toda a sa amplitude nin a todo o refraneiro.

Os refrns pertencen  ampla familia das unidades fraseolxicas, nas que se poden distinguir as seguintes categoras: **locucins** (*cara lavada, man aberta, o cu do mundo*), **expresins ponderativas fixas** (*buscar unha agulla nun palleiro, ter msica*) e **enunciados** nos que cabe diferenciar *frmulas* (*mola virando, bos das!*) e *paremias*. (lvarez, 2003, 32). Estas, que son as que aqu nos interesan, cabe dividilas en dous grandes grupos: cultas (proverbio, mxima, sentenza, apotegma, aforismo, axioma, adaxio e precepto) e populares (refrn, dito, frase proverbial e dialoxismo).

A multitude e diversidade de refrns  enorme. Atopamos refrns referidos  vida social (o home, a muller, ricos, pobres, diversn, galanteo, burlas ...),  familia (fillos, pais, nais, sogros, noras...),  vida laboral (oficios, traballos...),  agricultura (animais, plantas, tarefas...), ao decorrer da vida (nenos, mozos, vellos, casados, solteiros...), s calidades humanas (carcter, ambicin, bondade...),  conduta humana (deber, prudencia, discrecin, esforzo, constancia...), aos estados de nimo (risas, choros, mgoas ...), ao tempo (cronolxico, atmosfrico),  sade e alimentacin (enfermidades, fame, hixiene...) e a un sen fin de temas mis.

Atendendo ao mbito de aplicacin, todo este inxente e variado conxunto pode dividirse en dous grandes grupos: *refrns de alcance xeral* e *refrns de alcance limitado*. (Sevilla e Cantera, 2002, 27). Os primeiros son aqueles que non estn suxeitos ao tempo nin ao espazo e son susceptibles de seren empregados polos falantes en calquera poca ou lugar. Son refrns que se refiren a temas de tipo universal, como amor, amizade, bondade, economa, xustiza ou moralidade. Os refrns de alcance limitado viven nun mbito mis reducido e constiten principalmente catro grupos: temporais e meteorolxicos; laborais; supersticiosos e pexorativos; xeogrficos e histricos.

Os refrns temporais e meteorolxicos estn moi ligados  agricultura. Un suponer, *En xaneiro pon o teu alleiro* e *Auga de san Xon non d vio e tolle o pan*. Para marcar o tempo cronolxico, o refraneiro recorre xeralmente ao santoral, por exemplo, *De san Xon a san Pedro, cinco das van no medio*. Tamn existen moitos refrns exclusivamente meteorolxicos que tentan predicir o tempo, como *Chuvia no mar e vento na ra, chuvia todo o da*.

Os refrns laborais, ademais do alcance xeral que poidan ter, opinan ou dan consello sobre multitude de oficios tradicionais e presntannos unha chea de tipos sociais como ilustran estes exemplos: *Afiador e paraugueiro, canto mis burro mis parrandeiro; Non te burles do oleiro que da terra fai dieiro; Costureira sen dedal cose pouco e cose mal*. Por ltimo, os refrns xeogrficos e histricos poden dar a coecer algns aspectos de lugares, como caractersticas, costumes, acontecementos etc.: *Caldas e Padrn, afogados son; Non se ganou Zamora nunha hora*.

b. Estrutura bimembre e esquemas xeradores

O refrán é breve, pero non por iso carece dunha organización estrutural. Esta vai facilitar a súa memorización e, xa que logo, o uso e a transmisión, feitos que garanten a súa supervivencia.

Xeralmente, o refrán presenta unha organización bimembre. Os dous elementos de que consta son maioritariamente simétricos e adoitan corresponderse reciprocamente, tanto na forma como no fondo. O primeiro dos elementos é a *presentación* onde aparece a situación. O segundo denomínase *termo* que vén sendo a conclusión derivada do primeiro.

PRESENTACIÓN / TERMO

*Cando un non quere, dous non pelexan.
Vale máis pequeno agudo que grande e burro.*

O bimembrismo vai acompañado de certos esquemas xeradores sobre os que o refrán configura a súa sintaxe. A título de exemplo citamos algunhas mostras.

(A), (B): *Falen cartas e calen barbas.*

A mal (A), (B): *A mal camiño, darse présa.*

Máis vale/Vale máis (A) que/ca (B): *Máis vale ter que desexar.*

O que/Quen (A), (B): *O que con cans se deita, con pulgas se levanta.*

Se/Se non (A), (B): *Se non foi nesta feira, será na que vén.*

Cando (A), (B): *Cando roxe a cazola é sinal de encherola.*

Como (A), (B): *Como pasan os tempos, pasan os pensamentos.*

c. Recursos mtricos e de estilo

Rima. Xeralmente, os dous membros do refrn riman entre si. Trtase maioritariamente dunha rima asonantada (*O que mal anda, mal acaba*), pero tamn existen refrns con rima consonante (*Mans fras, amores todos os das*) e refrns sen rima (*Da de todo, vspera de nada*).

Algns refrns poden evolucionar cara a variantes con rima engadindo elementos que non modifican a sa mensaxe. Por exemplo, *Auga que corre non mata* ten variantes rimadas como *Auga que corre non mata o home* e *Auga corrente non mata a xente*. Noutros casos, a rima bscase reformulando o refrn (*Con boas palabras ningun come* pode aparecer baixo a forma de *Coas palabras de doutrina non guisa a cocina*) ou recorrendo ao hiprbito, como *O pote que moito ferve, a sazn perde*. Por ltimo, a deformacin intencionada ou a invencin dunha palabra pode introducirse nun refrn para buscar a rima: *Marzo, pelarzo*.

Metro. Cmpre dicir que os refrns, dentro da brevidade, presentan unha gran variedade de medidas. O mis curto que atopamos  tetraslabo (*Tal rei, tal grei*), pero non  fcil determinar cal  o de maior nmero de slabas. A presentacin e o termo adoitan ser isosilbicos (*Ceo empedrado, agro mollado*), pero existen abundantes exemplos de asimetra silbica como *Ben ou mal feito, o que fagas faino ao dereito* ou *Quen pode, puxa*.

Ritmo. O ritmo vn dado pola entoacin, o nmero de slabas e, especialmente, pola distribucin dos acentos. A efectos mnemotcnicos,  tan interesante como a medida e a rima, pois a sa disposicin harmnica provoca agrado ao odo co que se facilita a sa memorizacin. Podemos atopar mltiples combinacins rtmicas, desde as mis sinxelas e regulares, *Pai aforrador, fillo gastador*, ata outras mis complexas como *Ningun as faga, que tarde ou cedo as paga*.

Recursos de estilo. Os refrns tenen unha intencin informativa e, especialmente, persuasiva, por iso a linguaxe que empregan  de tipo discursivo. De por parte, por razns estticas e mnemotcnicas, tamn participan da linguaxe literaria, de tal xeito que empregan recursos lingsticos propios, anda que non exclusivos, deste tipo de linguaxe, cos que pretenden dar maior expresividade  mensaxe.

O refraneiro est cheo de figuras de estilo de variados tipos. As metforas son probablemente as mis abundantes: *rbore sen flor, da sen sol* ou *O boticario  a chave do mdico*; pero tamn podemos encontrar outras figuras: imaxinativas metonimias, *Ao novo dlle prato, ao vello zapato*; atrevidas hiprboles, *Unha nai coida cen fillos, cen fillos non coidan unha nai*; enxebres comparacins, *Boca sen moas  coma muio sen pedra*; hbiles ironas, *Est caladio coma a gaita na festa*; sonoras aliteracins, *Ao malo amalo, senn deixalo*; cumpridos hiprbatos, *Dlle ao rabo o can, non por ti, senn polo pan*; non faltan paralelismos e anforas como *O ben vn andando, o mal vn voando* e *Ano de ameixas, ano de queixas*, respectivamente.

d. O refraneiro galego

Anteriormente aludimos a que os refráns son universais, o que, a primeira vista, parece incompatible coa existencia de refraneiros locais. Mais no refraneiro, atopamos elementos diferenciadores que, dalgún xeito, nos permiten pensar en refraneiros de determinadas culturas, de países e incluso de zonas reducidas, porque *o refraneiro, como as lendas e os mitos, moldean os principios abstractos no barro do máis próximo*. (Quintáns López, 1999, 219). Daquela, os animais, o clima, os oficios, os cultivos, o mar etc. de cada lugar, materia coa que adquiren forma os refráns, son causa da individualización dos refraneiros. Por outra banda, unha comunidade só vai aceptar aqueles refráns que reflectan a súa maneira de ser, de ver a vida, de relacionarse co medio, de entender a morte, etc. Estes feitos, non superficiais, van diferenciar un refraneiro doutro e, polo tanto, permítennos, coas debidas reservas, falar dun refraneiro galego, ruso, portugués...

Aínda que existen refráns galegos que datan do medievo, non coñecemos ningún refraneiro galego daquela época. Só atopamos algúns refráns soltos en obras de tipo histórico ou relixioso, como a *Crónica Iriense* (s. XI) e, sobre todo, na lírica medieval. Malia o dito, non é aventurado afirmar que os refráns foron empregados acotío polos nosos antepasados medievais nas súas conversas e sabemos que foron utilizados como medio moralizador e transmisor da mensaxe divina, así como no ensino.

Na Idade Moderna, o eixo político sobre o que gravita Galicia fica definitivamente desprazado ao centro peninsular. Daquela, o Reino de Galicia sitúase baixo a Coroa de Castela. A cultura galega fica relegada e a nosa lingua perde os usos escritos. Son os chamados *Séculos Escuros*. Con todo, a capacidade creativa do pobo galego xerou a aparición dunha cultura de carácter popular da que se conservan variados testemuños: contos, lendas, coplas, panxoliñas, adiviñas e, como non, refráns, cuxo uso foi frecuente na vida coloquial.

Pero, como a lingua galega non tivo a oportunidade de continuar sendo unha lingua normalizada, os refráns galegos, nos comezos desta época, están documentados unicamente en obras escritas noutras linguas, como *Refranes o proverbios en romance* de Hernán Núñez (Salamanca, 1555), *Refranes de mesa, salud y buena crianza: cogíalos de muchos autores y conversaciones* (1569) do valenciano Lorenzo Palmireno e *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* (1627) de Gonzalo Correas.

Xa no século XVIII xorden en Galicia voces ilustradas que se interesan polo uso, cultivo e estudo da lingua galega, daquela tamén dos refráns. Son exemplos, Frei Juan Sobreira, o maior compilador da tradición oral galega do seu tempo, Frei Martín Sarmiento, estudoso de todo o relacionado coa cultura popular galega, e Frei Jerónimo Feijoo que nos advirte da falsidade de certos refráns, en especial dos referidos ás xentes e ás vilas e, obviamente, dos que atacan a clase clerical.

O rexurdimento da lingua e da creación literaria galegas a partir da segunda metade do século XIX tamén leva consigo o interese de escritores e intelectuais galegos polos refráns. Entre eles, cómpre citar a Manuel Murguía, J. A. Saco y Arce e Valentín Lamas Carvajal. Porén, o meirande pulo da paremioloxía galega acádase no século XX. Eladio Rodríguez González inclúe en múltiples entradas do seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961) un interesante conxunto de máis de dez mil refráns que lle van servir a Xesús Ferro Ruibal para elaborar o *Refraneiro galego básico* (1995). Clodio González Pérez preséntanos *O refraneiro de mar* en 1988. Autores coma Bouza Brey, García Martínez, Gippini Escoda, Moreiras Santiso, López Navia, Rielo Carballo, Zamora Mosquera, Xaquín Lorenzo, Vázquez Saco, Quintáns Suárez, Conde Tarrío e outros dedicaron unha boa parte do seu esforzo a prol da compilación e estudo dos refráns, sen esquecer a Llopiz, que nos legou unha colección inédita de máis de corenta mil refráns.

2. O REFRÃO NO ENSINO



2. O REFRÁN NO ENSINO

Desde tempos seculares, a aprendizaxe dos refráns (e tamén doutros saberes) realizábase maioritariamente a través da oralidade no seo familiar e no ambiente local. A permanencia destas xoias lingüísticas estaba garantida sen necesidade da intervención da escola. Pero as circunstancias mudaron. Os cambios sociais habidos ao longo dos últimos cen anos, así como os adiantos científicos e técnicos, foron minorando notablemente ese modo de transmisión de coñecementos.

Daquela, cremos necesario que o sistema educativo debe suplir esa carencia e ter en conta os refráns á hora de planificar o ensino. Non se trataría de incorporar unha materia máis ao currículo escolar, senón de utilizar os refráns como material de apoio en determinadas materias establecidas, favorecendo de paso a transversalidade curricular.

a. O refrán, recurso docente

Coñecer refráns e empregalos axeitadamente significa que se participa da cultura secular da comunidade e abre a porta a unha maior integración do individuo nela, o que non significa renunciar ao coñecemento doutros saberes de carácter máis amplo. Antes ao contrario, estes serán máis sólidos ao asentarse sobre a bases firmes e fértiles da aprendizaxe concreta e próxima.

A linguaxe enxebre, pero doada, dos refráns e a súa estrutura sinxela favorecen que o alumnado os comprenda facilmente, incluso o seu habitual senso metafórico, amosándose como un medio práctico e eficaz de coñecer a lingua na súa máis íntima expresión, de aprendela e usala inequivocamente.

A variedade de temas aos que alude o noso refraneiro permítenos achegar o alumnado a certos coñecementos desde unha óptica peculiar galega que posibilita arraigar a aprendizaxe ao medio. Contribúen, pois, a coñecer e valorar tanto a contorna das crianzas como a realidade socio-cultural das persoas que nela habitan.

Por último, algúns refráns ofrécensenos como un interesante recurso docente á hora de tratarmos aspectos como a amizade, o compañeirismo, a bondade, a honradez, a discreción etc.

b. Obxectivos didácticos

Coa utilización de refráns nas aulas é posible acadar varios obxectivos educativos dos que salientamos os seguintes:

- Promover a recollida de refráns a través do alumnado, recorrendo ás persoas maiores que aínda os teñen na memoria, co que se pode recuperar ou reforzar o diálogo avós-pais-fillos-netos nunha época, como a actual, na que as présas non nos deixan tempo para falar.
- Apreciar o material recollido como un aspecto valioso do noso patrimonio cultural con todas as eivas (que haberá que interpretar en función da época en que naceron), pero tamén co seu potencial de virtudes.
- Analizar os refráns recollidos valorándoos desde unha perspectiva comprensiva, pero nova. Neste senso, teremos en conta que os refráns son saberes precientíficos polo que, se se opoñen á ciencia, á técnica ou ás conquistas sociais, debemos matizalos e corrixilos, e se é o caso, rexeítalos sen medo.
- Elaborar un “corpus de refráns” que podería servir de base e referencia na elaboración de actividades, así como no logro dos obxectivos.
- Divulgar o resultado dos traballos de recollida, análise e clasificación dos refráns, presentándoo como algo aberto, co que se promoverá un reencontro positivo coa cultura galega do alumnado e mesmo de familiares, se conseguimos facelos partícipes do noso proxecto.
- Contribuír á aprendizaxe significativa da comprensión e expresión orais por seren os refráns manifestacións da cultura popular que esencialmente se transmiten por vía oral.
- Achegar o alumnado a un aspecto singular da nosa literatura popular de tradición oral que, por ter como protagonista o noso pobo, pasou a través do tempo, por un filtro autenticamente galego.

3. PROPOSTA DIDÁCTICA



3. PROPOSTA DIDÁCTICA

A investigación paremiolóxica en Galicia coñece actualmente un excelente momento. Non só se veñen realizando recollidas de refráns e publicacións dos materiais recompilados, senón que se están levando a cabo labores de catalogación, análise de características e estudos comparativos. En boa parte, os resultados están prestos para que os ensinantes poidamos botar man deles e, daquela, programar obxectivos e contidos, artellar estratexias e concretar actividades para a aula.

Coa presente publicación, queremos, modestamente, achegar o noso granciño de area para facilitar a incorporación do refraneiro ao ensino. Daquela, a nosa proposta didáctica, suxire unha serie de actividades abertas e flexibles, cuxo valor estriba máis no que insinúan que no que amosan. Unhas cualificámolas “actividades xerais” coa intención de que cada profesor/a as escolla e adapte ás necesidades da aula. As outras, “actividades por etapas”, están dirixidas a cada un dos ciclos do ensino básico (infantil, primaria e secundaria), aínda que poderán facerse translacións dunhas a outras, de acordo co criterio de cada ensinante.

Nas actividades que suxerimos a continuación, utilizamos o termo *refrán* como o arquilexema que abrangue as formas sentenciosas, isto é, a palabra que alcanza a paremias cultas e populares. Os refráns que utilizamos en linguas diferentes do galego, castelán e portugués están tomados de *877 refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa, Inglesa*. VV. AA. Ediciones Internacionales Universitarias. Madrid. 1998.

a. Actividades xerais

As actividades que expoñemos a continuación agrúpanse, para unha mellor localización, en oito apartados. Unhas están especialmente pensadas para seren realizadas oralmente e outras por escrito, pero a maioría delas admiten ambas formas, debendo cada docente concretar este aspecto no seu momento, sen esquecer que a natureza dos refráns é a oralidade.

a.1. Recollida de refráns

Antes de iniciar a recollida, convén motivar o alumnado e realizar sinxelas actividades para afacelo aos refráns. A título indicativo, propoñemos un par delas no apartado de “Suxestións e respostas”, onde tamén figura unha ficha que se lle pode facilitar ao alumnado para que lle axude a recoller cada refrán.

Igualmente, as actividades que figuran a continuación pretenden contribuír a familiarizar o alumnado co traballo a realizar e suxerir outras que se poidan artellar cos refráns recollidos en cada caso.

1.- Completa os seguintes refráns coas palabras que se indican:

frouxo, autoridade, maquía, lebre

- a. *Muíño parado non gaña* _____
- b. *Coa bondade gáñase a* _____
- c. *Onde menos se pensa, salta a* _____
- d. *A corda rompe sempre polo máis* _____

2.- Analiza o significado do refrán *Onde menos se pensa, salta a lebre*. Podes tratar de contestar a estas preguntas.

- Oíches este refrán algunha vez? _____ En que contexto? _____
- Que significado ten para ti? _____
- Coñeces unha anécdota á que se poida aplicar este refrán? Explicaa. _____
- Escribe un refrán que teña significado semellante. _____

3.- Relaciona cada situación co refrán que mellor lle acae.

- _____ a. O fillo de Martiño xa gastou máis da metade da fortuna que lle deixou o pai. A este ritmo, queda sen nada dentro de pouco.
- _____ b. Manolo precisaba unha bicicleta para ir á escola. Sen ela tiña que andar oito quilómetros ao día. Tanto a desexaba que só falaba do ben que estaría se a tivese.
- _____ c. Hai uns días, Maruxa perdeu o bolso na vila. Despois, indo para a casa, torceu un pé. Hoxe chegoulle a noticia de que a súa avoa está moi maliña.
- _____ d. Mateu axudoulle a preparar os exames a Alexandre, fillo do veciño, con todo, agora este apenas lle fala.

1. *Pasou o día, pasou a romaría.*
2. *Pai aforrador, fillo gastador.*
3. *Cando vén unha, nunca vén soa.*
4. *Soñaba o cego que vía e soñaba o que quería.*

4.- Identifica a frase que mellor recolle o significado do refrán.

Nunca choveu que non escampase.

- Cando chove nunca escampa.
- Os males pasan, non duran sempre.
- A chuvia é boa no inverno.
- Despois de escampar sae o sol.

5.- Emparella refráns con frases de significado equivalente.

1. *A can fraco todo son pulgas.*
2. *Canto máis se ten, máis se quere.*
3. *De homes sabedores é trocar de pareceres.*
4. *Do dicir ao facer, hai moito que percorrer.*

- a. A xente cobizosa é insaciable.
- b. As persoas razoables e preparadas saben rectificar a opinión.
- c. Ás veces, hai diferencias entre a teoría e a práctica, entre o que se di e o que se fai.
- d. Detrás dun mal pode vir outro peor.

_____ -1

_____ -2

_____ -3

_____ -4

6.- Recoñece que características, gustos ou habilidades se lle atribúen ao gato nos seguintes refráns.

- a. *Un home é un home e un gato é un bicho.*
- b. *O amor dos gatos entra a rabuñadas.*
- c. *Gato berrador, pouco cazador.*
- d. *Sardiña no prato por falta de gato.*

1. Come sardiñas.
2. É un animal.
3. Ten uñas.
4. Caza (ratos).

a - _____;

b - _____;

c - _____;

d - _____

7.- Recoñece a utilidade da auga nos seguintes refráns:

1. *Bebín auga nun xuncal, sóbome ben e fíxome mal.*
2. *Con auga non hai terra mala.*
3. *A auga todo lava, senón a mala fada.*
4. *Auga, que arde a casa!*
5. *Auga pasada non move muiño.*

- a. Para apagar o lume.
- b. Para lavar.
- c. Para regar.
- d. Para beber.
- e. Para mover muiños

1 - _____;

2 - _____;

3 - _____;

4 - _____;

5 - _____

8.- Diferencia o sentido literal do sentido metafórico do refrán:

A cabra tira ao monte.

SENSO LITERAL: _____

SENSO METAFÓRICO: _____

9.- Explica o sentido literal e o sentido metafórico do refrán:

O que quere besta sen chata, a pé anda.

SENSO LITERAL: _____

SENSO METAFÓRICO: _____

10.- Emparella os seguintes refráns con cadanseu significado.

<i>a. Ao amigo, co seu vicio.</i>	1. Se chove en maio, haberá boas colleitas.
<i>b. O abade xanta, alí onde canta.</i>	2. Os amigos hai que comprendelos e aceptalos cos seus defectos.
<i>c. Sábado á noite, María toca a roca.</i>	3. Cada un debe vivir e sustentarse do seu traballo.
<i>d. Auga de maio carga o carro.</i>	4. Algo é inoportuno por estar fóra de tempo.
a - _____;	b - _____;
c - _____;	d - _____

11.- Completa os seguintes refráns mutilados.

...medio perdoado; ...dous non rifan; ...vai un treito; ...déixaa correr; ...que mal falar

1. *Vale máis calar* _____

2. *Auga que non has de beber* _____

3. *Do dito ao feito* _____

4. *Cando un non quere,* _____

5. *Pecado oculto,* _____

Agora explica o significado.

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

5. _____

12.- Asocia cada refrán ao tema correspondente.

1. *Dos moitos poucos, fanse poucos moitos.*
2. *A carne no teito e a fame no peito.*
3. *Algo alcanza, aquel que non cansa.*
4. *Home avarento, por un perde un cento.*
5. *Vivir ben e comer ben, non é para quen non ten.*
6. *Ao pobre, ata os cans lle ladran.*
7. *Bago a bago, unha vella encheu un canado.*
8. *Ninguén debe vivir pobre por morrer rico.*
9. *Un só golpe non derruba un carballo.*
10. *Mala é a fame, cando non se ten que comer.*
11. *Máis inventa un pobre que cen avogados.*

Constancia: _____

Avaricia: _____

Pobreza: _____

15.- Escribe enriba de cada significado o refrán correspondente.

a. _____
Aconsella que debemos ocuparnos principalmente das cousas, traballos e incluso opinións das que sabemos ou entendemos e non meternos en asuntos que descoñecemos.

b. _____
Prognostica que os anos fríos, con abundantes nevadas e xeadas, son anos de boas colleitas.

c. _____
Moitas veces opinamos das persoas, das cousas e dos feitos segundo a nosa propia experiencia e, incluso, segundo o beneficio ou dano que delas se derive. Isto é, moitas veces, opinamos subxectivamente.

d. _____
Para conseguir algo na vida hai que esforzarse e loitar para alcanzalo.

1. *Ano de nevadas, ano de fornadas.*
2. *A gaita é para o gaitero.*
3. *Cada un fala da feira segundo lle foi nela.*
4. *O que algo quere, algo lle custa.*

16.- Le o seguinte relato e despois completa a ficha.

O señor Xoán díxolle a Noa que o refrán *Ao mellor escribán cáelle un borrancho* indica que a calquera persoa lle pode saír mal un traballo ou unha xestión e, por iso, non deixa de ser bo profesional. Engadiu que se emprega para escusar unha falta cometida, en especial a primeira vez. Ademais, contoulle que tamén se usa para advertir que non debemos confiar en exceso nas nosas destrezas e que outros refrán semellantes son *Ao mellor escribán esgállaselle a pluma*; *A mellor besta dá coa carga no chan*; *Ao mellor cazador váiselle unha lebre*.

Refrán	
Significado	
Uso	
Variante e sinónimos	

a. 2. Traballando cun refrán*Gato escaldado da auga fría foxe*

1.- Marca o significado correcto das palabras que se indican:

a. escaldado

_____ que se queimou cun líquido moi quente.

_____ que se lavou nun río profundo.

_____ que comeu moito caldo quente.

b. foxe

_____ disimula unha falta.

_____ escapa correndo.

_____ bebe moito.

Daquela, literalmente o refrán indica que o gato que se _____ con auga a ferver (escaldado), _____ da auga, aínda que estea fría.

2.- Escolle a frase que mellor define o significado metafórico de

Gato escaldado da auga fría foxe.

_____ a. Unha persoa tivo unha mala experiencia e intenta repetila para rematar de aprender.

_____ b. Unha persoa que tivo unha mala experiencia toma precaucións, ás veces esaxeradas, para non volver pasar por outra desagradable situación.

_____ c. Unha persoa que tivo unha mala experiencia esquece aquel mal momento.

3.- En que situacións empregarías o refrán *Gato escaldado da auga fría foxe*?

_____ a. Un día Xocas, baixando do autobús rompeu unha perna. Desde aquela, antes de baixar amárrase ben ás asas.

_____ b. A Brais mordeulle un can. Agora, como a can está preso, vai visitalo todos os días para meterse con el.

_____ c. Antía deixou a mochila nun banco do xardín mentres se arrandeaba. Cando foi buscala xa non estaba. Desde aquela arrandéase coa mochila ao lombo.

- 4.- Como a maioría dos refráns, *Gato escaldado da auga fría foxe* ten estrutura bimembre, é dicir, divídese en dúas partes: a primeira (presentación) e a segunda (termo). Completa o cadro, separando ambas partes.

Presentación	Termo

Cantas sílabas ten a presentación? _____. E o termo? _____.

Total de sílabas do refrán _____. Riman as dúas partes? _____.

- 5.- Algunhas características dos refráns pódense resumir nun cadro coma o seguinte. Fíxate nel para completar o outro.

<i>Boi vello, rego dereito</i>	
ESTRUTURA	Bimembre
Nº DE SÍLABAS	3 + 5 = 8
RIMA	Asonante
RITMO	Irregular (Fixarse na distribución dos acentos)

<i>Gato escaldado, da auga fría foxe</i>	
ESTRUTURA	
Nº DE SÍLABAS	
RIMA	
RITMO	

- 6.- Dos seguintes refráns, cales che parecen de significado semellante a *Gato escaldado da auga fría foxe*?

_____ a. *Cos escarmentados fanse os avisados.*

_____ b. *Dos escarmentados nacen os espelidos.*

_____ c. *Auga corrediza non leva malicia.*

_____ d. *Moito gañou quen noutro escarmentou.*

- 7.- O poeta latino Ovidio (43 a.C-17 d.C) escribiu “Tranquillas etiam naufragus horret aquas” (O náufrago desconfía ata das augas tranquilas). Que relación ten esta afirmación co refrán *Gato escaldado da auga fría foxe*?

8.- O refrán *Gato escaldado da auga fría foxe* ten as palabras desordenadas (hipérbato). Escríbeas ordenadamente (suxeito+verbo+complementos).

Agora contesta e realiza:

- Subliña o verbo e ponlle debaixo V.
- Cal é o suxeito? _____. Sublíñao. Ponlle debaixo S.
- Cal das dúas palabras que forman o suxeito é o núcleo? _____.
- Que función realiza “da auga fría”? _____. Ponlle debaixo C. Pr.
- Que clase de oración é? Marca o correcto.

_____ simple	_____ afirmativa	_____ transitiva
_____ composta	_____ negativa	_____ intransitiva

9.- Relaciona as palabras do refrán coa clase a que pertencen.

<ul style="list-style-type: none"> • gato • escaldado • da... de • ... a • auga • fría • foxe 	<ul style="list-style-type: none"> substantivo adxectivo verbo preposición artigo
--	--

10.- A forma verbal *foxe* é do verbo *foxir*. Contesta e completa:

• En que tempo está? _____.

- Conxuga *foxir* en todas as formas do presente de indicativo.

Eu _____	Nós _____
Ti _____	Vós _____
El _____	Eles _____

• Que outros verbos se conxugan como *foxir*? _____

11.- Escribe seis palabras que pertenzan ao mesmo campo semántico que gato, animal mamífero.

can, _____

12.- Tacha as palabras que non sexan da familia léxica de *auga*.

Augardente, acuario, augada, acuarela, agudo, autobús, acuático, auganeve

13.- Separa e conta as sílabas das palabras do refrán.

palabra	separa as sílabas	nº sílabas	clase de palabra
<i>gato</i>	<i>ga-to</i>	2	<i>bisílaba</i>
<i>escaldado</i>			
<i>da</i>			
<i>auga</i>			
<i>fría</i>			
<i>foxe</i>			

14.- Responde:

- Por que se acentúa *fría* e *gato* non? _____

- Pon todas as palabras do refrán en plural: _____

- A que palabras do refrán *Gato escaldado da auga fría foxe* non se lle pode cambiar o xénero?

15.- Gato é unha palabra polisémica. Busca no dicionario tres acepcións.

- _____
- _____
- _____

16.- Emparella as seguintes expresións co significado correspondente.

a. auga chirla	b. auga choca	c. tomar as augas
d. catro gatos	e. dar gato por lebre	f. haber gato encerrado

1. existir algo sospeitoso ou misterioso.
2. comida con moita auga e pouco sólido.
3. auga temperada ou en descomposición.
4. pouca xente.
5. estar nun balneario.
6. vender malo por bo.

a - _____ b - _____ c - _____ d - _____ e - _____ f - _____

17.- Emparella os refráns que conteñen a palabra gato, co seu significado.

<ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Come o gato o que non atopa ben gardado.</i> 2. <i>Gato maiador non é bo cazador.</i> 3. <i>De noite, todos os gatos son pardos.</i> 4. <i>Vale máis ser cabeza de rato que rabo de gato.</i> <p>- a. Aplícase ao que moito fala e pouco fai.</p> <p>- b. A falta de luz impide apreciar a perfección ou os defectos das cousas ou persoas.</p> <p>- c. É mellor ser o primeiro nun sitio pequeno que ser o último nun grande.</p> <p>- d. As cousas desaparecen por non estaren ben gardadas.</p> <p>1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____</p>
--

• Agora escribe o significado dos refráns anteriores:

1. _____ _____
2. _____ _____
3. _____ _____
4. _____ _____

18.- Debate. Segundo o refrán *Gato escaldado da auga fría foxe*, ás persoas que lles sucedeu algo desagradable ata se poden volver desconfiadas. Debater sobre o necesario equilibrio das reaccións diante das adversidades.

a. 3. Reciclaxe de refráns

1.- Combina a primeira parte dun refrán coa segunda doutro. Comenta as frases resultantes.

1. *Herba mala non periga.*
2. *Vaca e carneiro, comida de cabaleiro.*
3. *Non ten que comer e convida hóspedes.*
4. *Non ten medo e vai tremendo.*
5. *Quen dá primeiro, dá dúas veces.*
6. *Quen aceite mestura, as mans unta.*

2.- Reformula os seguintes refráns cambiando a primeira parte.

1. *A inimigo que foxe, ponte de prata.*
2. *Cría corvos e tiraranche os ollos.*
3. *Tempo de neve, tempo alegre.*
4. *Auga de febreiro enche o cabaceiro.*
5. *A río revolto, ganancia de pescadores.*

- Busca información e escribe o significado de dous dos refráns anteriores.

Refrán: _____

Significado: _____

Refrán: _____

Significado: _____

3.- Cambia a segunda parte dos seguintes refráns para obter frases xocosas.

a. *Ollo por ollo, dente por dente.*

b. *Ollos que non ven, corazón que non sente.*

c. *Ao pan, pan e ao viño, viño.*

d. *Quen escoita, o seu mal oe.*

4.- Reordena as palabras dos seguintes refráns para obter frases divertidas.

• *Ao mal tempo, boa cara.* _____

• *A Deus rogando e co mazo dando.* _____

• *Colle boa sona e bótate a durmir.* _____

• *Quen queira peixe que molle o cu.* _____

5.- Recicla refráns obsoletos e supersticiosos. Partindo dos seguinte refráns, escribe frases de estrutura semellante, pero de carácter actual e lóxico.

a. *A letra con sangue entra.*

b. *Pensa mal e acertarás.*

c. *En martes, nin cama mudes nin roupa laves.*

d. *Gato negro na ventá, mala mañá.*

e. *Home faladeiro, home mentireiro.*

6.- Reformula os refráns. Emprega vocabulario actual.

REFRÁN	REFRÁN ACTUALIZADO
<i>Preguntando vaise a Roma.</i>	
<i>En xaneiro, arde o verdeiro.</i>	
<i>Por un cravo, pérdese a ferradura.</i>	
<i>Vale máis peseta na man que peso no aire.</i>	

7.- Cuestiona os seguintes refráns. Comenta o ambiente sociocultural en que puideron nacer.

• Machistas:	<i>A muller sempre algo ha de querer. A dona na casa, o home no traballo.</i>
• Deterministas:	<i>Que queira que non queira, o burro ha de ir á feira. O que nace para burro, non chega a cabalo.</i>
• Supersticiosos:	<i>Ao mal encontro, faille a figa. Cando a galiña canta coma o galo, a morte está no tellado.</i>
• Materialistas:	<i>O que non herda, non medra. Home rico. coa fama casa o fillo.</i>
• Pexorativos:	<i>Home pequeno, fol de veneno. Falou a vaca e dixo: ¡Muu!</i>
• Desconfiados:	<i>Desconfía e acertarás. Cando o río sona, auga leva.</i>
• Obsoletos:	<i>Poñámonos gordos, que o comer é todo. Ave de paso, fungueirazo!</i>

- Comentario.

8.- Le atentamente os seguintes refráns e comenta que mensaxe che transmiten.

1. *Cal é a ama, tal é a casa.*

2. *A dona quere ser rogada e non obrigada nin forzada.*

3. *Casa sen muller, que goberno pode haber?*

4. *Quen boa muller ten, seguro vai, seguro vén.*

5. *A muller fai o home.*

9.- Descubre que defecto se lle apón á muller nos seguintes refráns. Que valoración che merecen estes refráns?

a. *A muller na igrexa, santa; na rúa cabra.*

b. *Da muller e do mar, non hai que fiar.*

c. *A muller e a troita pérdense pola boca.*

d. *Muller, vento e ventura logo mudan.*

e. *As mulleres sempre escollen o peor.*

f. *Pola muller entrou o mal no mundo.*

• Valoración.

10.- Fai as observacións oportunas e anota nos recadros os resultados.

Norte escuro, vendaival seguro

DATAS DE NORTE ESCURO	DATAS DE VENDAIVAL

Conclusión : _____

Alumno/a responsable: _____

11.- Os seguintes refráns están manipulados. Escribe debaixo de cada un o refrán orixinal.

- Ao mal tempo, levar paraugas.

- O que madruga pouco dorme.

- En boca pechada non entra nada.

- Contigo, pan e xamón.

- Quen mal anda igual cae.

- Cría corvos e terás moitos.

- Non te deitarás se ter unha débeda máis.

- Cando o río soa, escoitámolo.

- O que non chora atópase ben.

a. 4. Significado e uso dos refráns

Un refrán é unha frase normalmente curta, polo xeral en forma de imaxe, que expresa un pensamento popular baseado na experiencia.

1.- Le e marca a frase que mellor exprese o significado de cada refrán:

a. *Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe.*

_____ Traballa todos os días, en especial pola mañá.

_____ Debemos ser dilixentes no traballo.

_____ O que poidas facer mañá non o fagas hoxe.

b. *Libro pechado non fai letrado.*

_____ Hai que pechar os libros para que non se descoloren as letras.

_____ Os libros dos letrados hai que pechalos.

_____ Hai que abrir os libros para deles e aprender deles.

2.- Relaciona cada refrán coa frase que mellor lle acae.

1. *Non se collen as troitas coas mans enxoiadas.*

2. *Quen todo o quere, todo o perde.*

3. *O bo traxe cobre mala liñaxe.*

4. *Non hai atallo sen traballo.*

a. Non debemos ser demasiado ambiciosos, pois podemos perder todo.

b. As aparencias enganar/poden enganar.

c. Todos os traballos necesitan o seu esforzo e o seu tempo. Normalmente, o que se acurta nun percorrido/nun proceso, auméntase en esforzo.

d. Para conseguir algo fai falla esforzo.

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____

3.- Completa os refráns escollendo nos recadros:

- ten ganas de berrar

- bocado que perde

- está cabreada

a. *Ovella que berra,* _____

- vasoira nova

- vasoira vella

- vasoira de dúas canas

b. _____ *varre que rabea.*

- apetito

- falta

- dentes

c. *Deus dá pan a quen non ten* _____

- repousada

- lixeira

- abundante

d. *A comida* _____ *e a cea paseada.*

Significado literal é o que ten un refrán de acordo co significado habitual das palabras que o forman.

Significado metafórico é o verdadeiro significado do refrán. Xorde ao relacionar as palabras que o forman cunha idea diferente da que teñen habitualmente.

4.- Une con frechas cada refrán co correspondente significado.

a. *Auga pasada non
move muiño.*

b. *O que ten rabo de palla
sempre pensa que llo
queiman.*

c. *Amiguiño si, pero a
vaquiña polo que vale.*

d. *Fai ben e non cates a quen.*

1. Indica que ao falar dun vicio ou defecto, algunhas persoas que o teñen danse por aludidas.
2. Expresa que as oportunidades pasadas xa non se poden aproveitar no presente ou xa non son eficaces.
3. Recomenda facer ben en xeral sen fixarse demasiado no beneficiario.
4. Dá a entender que á hora de facer negocios non se pode ter en conta a amizade.

5.- Completa os refráns coas palabras que queiras conservando o seu significado.

1. *De arrieiro a arrieiro* _____

2. *Contra a morte* _____

3. _____ *non se devece.*

4. *Falar do mar e non saber* _____

5. *Onde entra o beber;* _____

6. _____ *ninguén se acorda.*

6.- Le os seguintes refráns e explica os sentidos literal e metafórico.

REFRÁN	SENSO LITERAL	SENSO METAFÓRICO
<i>É máis o ruído cás noces.</i>		
<i>Máis moscas se collen con mel ca con fel.</i>		
<i>Unha mala abella revolve unha colmea.</i>		
<i>En todas partes espiga o pan.</i>		
<i>Polo canto coñécese o paxaro.</i>		
<i>O que fai un cesto, fai un cento.</i>		

7.- Volve escribir os seguintes refráns dándolles unha forma libre e persoal, pero mantendo o significado.

a. *A pobreza fai estar o home triste.*

b. *A saúde non é coñecida ata que é perdida.*

c. *Pensa o ladrón que todos son da súa condición.*

d. *Ou nas uñas ou nos pés, has parecerse a quen es.*

8.- Agrupa os seguintes refráns segundo a idea que expresan.

1. *Ao ben comer, hai que beber.*

2. *Calquera é pastor con bo sol.*

3. *Costa abaixo, todos os santos axudan.*

4. *O bo viño trae a venda consigo.*

5. *A bocado forte, trago de viño.*

6. *O bo pano na arca se vende.*

Facilidade para facer algo: _____

Importancia da calidade: _____

Conveniencia de beber á comida: _____

9.- Que refrán ten significado próximo ao do recadro?

A necesidade fai ao home matinar e traxinar.

_____ *Home pobre, todo é mañas.*

_____ *Ao home farto, as cereixas amárganlle.*

_____ *O ser home de ben non fai mal a ninguén.*

_____ *Herba mala nunca morre.*

10.- Marca o refrán que sexa oposto a

Quen cala consente.

_____ *Calar nunca fixo mal a ninguén.*

_____ *O que cala non fala.*

_____ *O que cala amola a quen fala.*

11.- Une con frechas os refráns de significado semellante.

GRUPO A	GRUPO B
1. <i>A lingua ten bo curral.</i>	a. <i>Boa cea cea aquel que case non cea.</i>
2. <i>Xamais digas que non ao que che vén dado.</i>	b. <i>Garda o bico e problemas aforrarás.</i>
3. <i>Vale máis ser cabeza de rato que rabo de gato.</i>	c. <i>O que che veña dado, nada de desprezalo.</i>
4. <i>De grandes ceas están as sepulturas cheas.</i>	d. <i>Máis vale ser amo dun burro que criado dunha recua.</i>

12.- Investiga e escribe un refrán semellante a cada un dos seguintes:

a. *Casa feita, cova aberta.*

b. *Cousa prometida, cousa debida.*

c. *A filla da cabra, cabuxa é.*

d. *Todo ten remedio menos a morte.*

- Agora escribe o significado dos refráns anteriores.

a. _____

b. _____

c. _____

d. _____

13.- Relaciona cada refrán do primeiro grupo co correspondente oposto do segundo.

1. *A quen madruga, Deus axuda.*
2. *Labor feito non ten présa.*
3. *Cada pinga de xaneiro vale diñeiro.*
4. *Can que moito ladra ben garda a casa.*

- a. *Can ladrador, pouco mordedor.*
- b. *Enxoito xaneiro, chea no graneiro/celeiro.*
- c. *Non por moito madrugar amañece máis cedo.*
- d. *O que moito apura pouco dura.*

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____

14.- Infórmate e escribe un refrán oposto a cada un dos seguintes.

- a. *Máis vale un amor de lonxe que vintecinco da porta.*
-

- b. *Boi que non vai á feira non pode ter venda.*
-

- c. *Viste un ladrón e parecerá un señor.*
-

- d. *O que non se arrisca non pasa o mar.*
-

15.- Relaciona cada unha das seguintes explicacións co refrán axeitado.

- a. Antigamente pescábase (xurelo, por exemplo) cun tipo de rede chamada *medio mundo*. Para descargarlo, acercábano a un costado do barco e ían quitando o peixe cunha bolsa de rede chamada *culler*. Despois de quitaren máis ou menos sete culleradas de peixe, collían o *medio mundo* e dábanlle a volta para coller o peixe que quedaba na *cuada* (no fondo do medio mundo).
- b. As persoas que non teñen os medios necesarios para sobrevivir están sempre preocupadas e incluso padecen insomnio.
- c. Ás veces, os favores que se reciben esixen ser esaxeradamente compensados.
- d. Cando se colle o millo, debe procurarse que as moreas de palla e mazarocas estean a unha distancia prudencial da finca lindeira para evitar conflitos.

1. *De graneiro a graneiro, quere o tomo dun carneiro.*
2. *Sete culleradas, fóra cuada.*
3. *O que non ten boi nin cabra, toda a noite labra.*
4. *Pan alleo caro custa.*

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____

16.- Indica que animal ou planta fala en cada refrán. Despois comenta o significado.

Viña, galiña, burro, raposo, centeo, millo

a. *Onde vexas orella mete cebada e onde non vexas corpo non metas carga.*

b. *Cávame tarde e réndame cedo e farás de min un mancebo.*

c. *Se o millo fose pouco, mudalo dun noutro.*

d. *Sácheme quen quixer e pódeme quen souber.*

e. *Vale máis que diga “córrete para aquí” que “achégate para alá”.*

f. *Cando vexades cazadores esfarrapados e cans fracos, desconfiade deles coma dos diaños.*

17.- Comproba ata que punto se cumpren as previsións dos seguintes refráns meteorolóxicos.

- *Lúa que quixo entrar xeando, medrou mollando.*
- *Arco da vella á mañanciña, prepara a capotiña.*
- *As enchentes de san Simón, ou antes ou despois, sonadas son.*
- *Ceo cuberto de la, se non chove hoxe, chove mañá*
- *En marzo, cando medra a lúa, medra a chuvia.*

- Comentario.

18.- Localiza as palabras do seguinte refrán no revoltó de letras.

Quen pregunta o que non debe, escoita o que non quere.

Q	U	E	N	Z	N	V	O
B	N	L	U	Q	O	E	P
P	R	E	G	U	N	T	A
R	D	E	B	E	O	S	T
F	G	H	D	R	N	M	I
Q	U	E	R	E	O	Z	O
F	G	L	T	I	N	N	C
O	Z	X	C	Q	U	E	S
N	M	L	N	H	E	F	E

- Explica o significado deste refrán.

19.- Realiza este encrucillado e despois explica o significado do refrán.

- | | |
|----------------------------------|-------------------------------------|
| 1. xamais. | 2. cae auga das nubes. |
| 3. primeira letra do abecedario. | 4. un dos cinco sentidos corporais. |
| 5. preposición. | 6. a totalidade. |

1					
2					
3					
4					
5					
6					

Refrán: _____

Significado: _____

20.- Debate. Fixádevos en refráns nos que aparecen as palabras *santo* ou *Deus* (*Costa abaixo todos os santos axudan; A quen madruga Deus axuda*). Que significado ten aí a palabra *santo*? E *Deus*? Como era a mentalidade que inspirou estes refráns? Confrontar opinións.

a. 5. Algunhas características dos refráns

Estrutura bimembre. Os refráns adoitan ter dúas partes (membros): presentación (a primeira) e termo (a segunda). Exemplo:

Ben de cartos, mal de amores
PRESENTACIÓN / TERMO

Tamén existen refráns unimembres e de máis de dous membros

1.- Volve escribir os seguintes refráns no cadro, separando a presentación do termo.

- *Caldo sen pan dáselles ao can.*
- *Uns levan as noces e outros as voces.*
- *Auga que non has de beber déixaa correr.*
- *O que ten cu ten medo.*

Presentación	Termo

2.- Une cada presentación co termo correspondente para recompoñer os refráns.

- | | |
|-------------------------------|--------------------------------|
| <i>a. Ao boi vello</i> | <i>fai como vires.</i> |
| <i>b. Cando un non quere,</i> | <i>róeme os ósos.</i> |
| <i>c. Comíchesme a carne,</i> | <i>dous non rifan.</i> |
| <i>d. Onde fores,</i> | <i>non lle busques abrigo.</i> |

3.- Completa os seguintes refráns engadíndolles a segunda parte (termo).

- *O emprestado é _____*
- *Dádivas e boas razóns _____*
- *Pecado oculto _____*
- *Quen dá o que ten, _____*

Cando os dous membros dun refrán teñen o mesmo número de sílabas, dicimos que se trata dun refrán isosilábico ou simétrico.

4.- Completa os seguintes refráns pódolles a presentación.

Quen traballa, Ao mal tempo, Garda que comer, Pasou o día, Pasiño a pasiño,

_____ *non ten nugalla.*

_____ *e non gardes que facer.*

_____, *faise o camiño.*

_____, *boa cara.*

_____, *pasou a romaría.*

5.- Clasifica os seguintes refráns en bimembres e non bimembres.

1. *A caridade e o amor non queren tambor: caladiños viven mellor.*
2. *A peneda é dura e a auga é miúda, mais caendo, caendo, fai cavadura.*
3. *A novos tempos, novos consellos.*
4. *A nugalla non come pan nin dorme na palla nin viste camisa lavada.*
5. *Abre un porco e verás o teu corpo.*
6. *Quen o carro unta, os seus bois axuda.*

• Bimembres, números _____

• Non bimembres, números _____

6.- Inventa frases que respondan aos seguintes esquemas xeradores. Fíxate nos exemplos.

• A quen (A), (B): *A quen cedo se ergue, cedo lle estrelece.*

• Cal (A), tal (B): *Cal dono, tal can.*

• De (A), (B): *Do bo viño, bo vinagre.*

• O que (A), (B): *O que vai pedir, non vai fuxir.*

7.- Crea frases sentenciosas relacionadas con cada un dos temas que se indican.

a. Vacacións: _____
b. Habilidade: _____
c. Trabucos novos: _____
d. Vivenda: _____
e. Fútbol: _____

Rima. En moitos refráns, a presentación e o termo riman en asonante. Pero existen refráns con rima consonante e sen rima.

8.- Indica que refráns riman en consonante, asonante ou non riman.

a. *A pan duro, dente agudo.* _____
b. *A boca fala, ás veces, o que sente o corazón.* _____
c. *O que anda con mel, sempre se lle pega algo del.* _____
d. *Detrás de min virá quen bo me fará.* _____
e. *Hai pillabáns con fortuna e homes de ben sen ningunha.* _____
f. *Na terra dos lobos, ouvear coma todos.* _____
g. *Non hai peor cego que o que non quere ver.* _____

9.- Busca e escribe tres exemplos de refráns segundo a rima.

Rima asonante: _____

Rima consonante: _____

Sen rima: _____

10.- Conta as sílabas dos seguintes refráns e completa o cadro.

REFRÁN	PRESENTACIÓN	TERMO	TOTAL
a. <i>Máis vale unha segura que dúas en dúbida.</i>			
b. <i>Coa axuda do veciño, matou meu pai un porquiño.</i>			
c. <i>Quen moito abarca, pouco aperta.</i>			
d. <i>Cada cabeza, a súa sentenza.</i>			
e. <i>Garda que comer e non gardes que facer.</i>			

O ritmo dun refrán vén marcado fundamentalmente pola distribución axeitada das sílabas tónicas.

11.- Indica a estrutura, a medida e o ritmo dos seguintes refráns. Fíxate no exemplo.

<i>Ovella que berra, bocado que perde.</i>	
ESTRUTURA	Bimembre.
Nº DE SÍLABAS	6+ 6 = 12 (isosilábico)
RIMA	Sen rima.
RITMO	Regular. (Fixarse na distribución dos acentos)

- a. *Aínda que tome moitos baños, o negro non se fai branco.*
- b. *Quen sementa no camiño, sementa para o veciño.*
- c. *O pouco agrada, o moito enfada.*
- d. *Quen espera man allea, mal xanta e peor cea.*

	a	b	c	d
Estrutura				
Nº sílabas				
Rima				
Ritmo				

Existen refráns que non levan verbo. A elipse verbal dálle ao refrán un carácter atemporal.

Tamén é frecuente a ausencia do artigo.

12.- Escribe de novo os seguintes refráns incorporando o verbo que se sobreentende.

poñerlle, convén, é considerada, botarlle

- *A camiño longo, paso curto.* _____
- *Obra de común, obra de ningún.* _____
- *Ao mozo malo, o amo ao lado.* _____
- *A pouca carne, moitas verzas.* _____

13.- Volve escribir os seguintes refráns poñéndolles o verbo que creas máis axeitado.

- *Amor e morte, nada máis forte.* _____
- *Ao lacón e ao touciño, trago de viño.* _____
- *Contas feitas, medias pagas.* _____
- *Arco da vella, auga na terra.* _____

14.- En cales dos seguintes refráns se aprecia a ausencia do verbo?

- _____ a. *Cabalo que voa non precisa espora.*
- _____ b. *En agosto, frío no rostro.*
- _____ c. *A boa terra, de lado da serra.*
- _____ d. *Barca parada non gaña soldada.*
- _____ e. *A pequeno pote, pequeno guisote.*

Agora escribe os refráns que carecen de verbo, poñéndolle o que se sobreentende.

En moitos refráns podemos recoñecer figuras literarias.

15.- Identifica nos seguintes refráns as figuras literarias que atopas.

- a. *Se ten contas, non fai conta, pero se non ten contas, fai conta.* _____
- b. *Ano de amores, ano de choros.* _____
- c. *Casa, a que morares; terras, as que vires; viñas, as que plantares.* _____
- d. *O vinagre e o limón, medio cirurxián son.* _____
- e. *É traballador coma un can deitado.* _____
- f. *O falar non ten cancelas.* _____
- g. *A preguiza morreu de sede ao pé da fonte.* _____
- h. *O traveseiro é bo conselleiro.* _____

16.- As palabras dos seguintes refráns están desordenadas (hipérbato). Ordénaas (S+V+Comp).

a. *Máis sabe o louco na súa casa que o cordo na allea.*

b. *Pan de millo non deas ao teu fillo.*

c. *Para a tía muller, segredos non debes ter.*

d. *Está a vella morrendo e está aprendendo.*

e. *O tempo todo o trae e todo o leva.*

17.- Cambia a segunda parte destes refráns e obtén frases xocosas.

- *A cabalo cansado, mudarlle o prado.*
 - *Cal traballes, comerás.*
 - *Por san Xoán, o xurelo pinga no pan.*
 - *Quen mal anda, mal acaba.*
- _____
- _____
- _____
- _____

18.- Debate. Buscade refráns optimistas/esperanzadores como *Nunca choveu que non escampase* ou *Ao mal tempo, boa cara*, e pesimistas/fatalistas como *A onde irás boi que non ares* e *Cabalo que ha de ir á guerra non o come o lobo nin o malpare egua*. Despois debater sobre o optimismo/pesimismo do refraneiro.

a. 6. Orixe e universalidade dos refráns

1.- Emparella cada refrán co seu antecedente bíblico.

- a. *Moitos son os chamados e poucos os escollidos.*
- b. *O bo home vale máis ca toda a riqueza do home.*
- c. *Coa vara que midas, serás medido.*
- d. *Como sementedes, así colleredes.*
- e. *Os derradeiros son os primeiros.*
- f. *A castaña que está no camiño é do veciño.*

1. San Mateu, XIX.30. “E hai moitos que son os primeiros e serán os últimos; e moitos que son os últimos e serán os primeiros”.
2. Salomón. Proverbios. XXII.1: “Máis vale a boa sona que a moita facenda”.
3. San Mateu, VII. 2: “Co xuízo que xulgedes hanvos xulgar a vós e coa medida que midades hanvos medir a vós”.
4. San Paulo, VI. 8: “O que sementa baixos instintos, dos baixos instintos recollerá podremia; o que sementa no Espírito, do Espírito recollerá Vida Eterna”.
5. San Mateu, XX.16 e XXII.14: “Moitos son os chamados, pero poucos os elixidos de verdade”.
6. Levítico, XIX. 9: “Cando recollades os vosos cereais, non seguedes ata o linde do campo”.

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____; f - _____

2.- Relaciona os refráns cos seus antecedentes latinos.

- a. *Ex malis elixere minima.* (Cicerón) (Dos males, elixir o menor)
 - b. *Cualis rex, talis grex* (Cal é o rei, tal é o pobo)
 - c. *Communiter negligitur quod communniter possidetur.* (O que se ten en común, en común se esquece)
 - d. *Nocte latent mendae, vitioque ignoscitur omni.* (Ovidio) (Pola noite non se ven as faltas e non se ten en conta ningún defecto)
 - e. *Pallida mors aequo pulsat pede pauperunt tabernas Regunque turres.* (Horacio) (A pálida morte golpea co mesmo pé as chozas dos pobres e as mansións dos ricos)
 - f. *Amantium irae, amores ingratio est.* (Terencio) (As pelexas entre amantes son unha renovación do amor)
1. *Tal rei, tal grei.*
 2. *De noite, todos os gatos son pardos.*
 3. *A morte a todos iguala.*
 4. *Do malo pouco, do peor nada.*
 5. *Rifan os amantes e quérense máis ca antes.*
 6. *A ovella de moitos, cómena os lobos.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____; f - _____

A orixe doutros refráns pode estar relacionada con costumes, lendas, fábulas, supersticións, agricultura, pesca, lugares, xentilicios, feitos históricos, etc.

3.- Os seguintes relatos están na orixe -ou son antecedentes- de certos refráns. Le e relaciona cada un deles co refrán correspondente.

a. Superstición.

Na mitoloxía latina, o martes estaba consagrado a Marte, deus da guerra. Polo tanto, asociado ás calamidades que provoca: fame, destrución, morte... Daquela os romanos consideraban ese día como de malos agoiros para emprender accións importantes como casar, montar un negocio, embarcar ou mercar unha casa. Esta idea supersticiosa estendeuse polo mundo grecolatino e chegou ata nós.

b. Historia.

Afonso VI (1065-1109) foi rei de León e Galicia e tamén de Castela. Na súa corte falábase galego. A historia conta que, por influencia da súa dona Constanza e dos frades cluniacenses, instituíu nos seus dominios o rito eclesiástico romano, fronte ao hispánico ou mozárabe, que era o preferido polo pobo.

c. Lenda.

O apóstolo santo André andaba triste porque pouca xente acudía ao seu santuario en Teixido, no concello de Cedeira (A Coruña). Un día aparecéuselle Xesús e díxolle:

- Que che pasa André que te atopo un pouco amoucado?

- Divino Mestre, que me vai pasar! Eu vexo que todo o mundo, incluso de afastadas terras, vai visitar a Santiago. Mais, a pé de min, que tamén son discípulo teu, non vén ninguén.

- Non te preocupes, André. De hoxe en diante, todo o mundo ha ir ao teu santuario polo menos unha vez. Se non fose vivo, irá despois de morto.

d. Falsa crenza.

Segundo a tradición cristiá, o demo era un anxo máis, que gozaba dos beneficios do ceo. Pero a soberbia e a rebeldía que o caracterizaban provocaron que Deus o desterrase da súa presenza e o enviase ás cavernas do inferno. Na súa caída aos abismos do averno, rompeu unha perna e quedou coxo. A xente deu en pensar que calquera coxo podía ser a encarnación do demo na terra.

Refráns:

1. *Deus nos libre de home coxo.*

2. *Anda a lei ao son do rei.*

3. *A santo André de Teixido, vai de morto quen non vai de vivo.*

4. *En martes nin cases nin embarques.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____

Moitos refráns son comúns a diferentes linguas e culturas. Isto é un indicio da universalidade do refraneiro. Coinciden nos temas e na intención dos argumentos e diferéncianse na presenza de elementos autóctonos.

4.- Relaciona os seguintes refráns galegos coas paremias que se indican. Observa a existencia de frases sentenciosas idénticas en lugares afastados entre si.

- a. *O mellor amigo, un libro.*
- b. *Home avisado vale por dous.*
- c. *Tanto fai o home, canto quer facer.*
- d. *Burro morto, cebada ao rabo.*
- e. *Pouquiño a pouquiño, chégase a todo.*

- 1. Repara a túa zorra no verán e o teu carro no inverno. (Armenia)
- 2. Despois de afogar o neno, tapan o pozo. (California)
- 3. O libro é coma un xardín que se leva no peto. (árabe)
- 4. Nada no mundo é difícil para o que se propón facelo. (China)
- 5. Gota a gota faise un lago. (Armenia)

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____

5.- Relaciona os seguintes refráns casteláns cos correspondentes galegos. Fíxate no distinto modo de expresar a mesma idea.

- a. *La cara es el espejo del alma.*
- b. *Muda el lobo los dientes y no las mientes.*
- c. *A lo hecho, pecho.*
- d. *Ande yo caliente y riase la gente.*
- e. *Unos llevan la fama y otros cardan la lana.*

Galegos:

- 1. *O lobo muda o pelo, máis non o vezo.*
- 2. *O que ardeu, queimouse.*
- 3. *Diga a miña veciña e teña o meu fol fariña.*
- 4. *Uns levan a fama e outros o proveito.*
- 5. *O mal e o ben na cara se ven.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____

Infórmate e explica o significado de *Uns levan a fama e outros o proveito*.

6.- Emparella os seguintes refráns ingleses cos galegos. Fixarse no distinto modo de expresar a mesma idea.

Ingleses:

- a. All cats are grey in the dark. (Todos os gatos son grises na escuridade)
- b. The father a saint, the son a devil. (O pai un santo, o fillo un demo)
- c. So many men, so many opinións. (Tantos homes, tantas opinións)
- d. He that comes of, a hen must scrape. (O que procede dunha galiña debe esporriñar)

Galegos:

1. *De casta vénlle ao galgo ter o rabo longo.*
2. *De pai santo, fillo diaño.*
3. *De noite todos os gatos son pardos.*
4. *A cada cabeza, o seu siso.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____

7.- Relaciona os refráns galegos cos franceses correspondentes.

Franceses:

- a. De noble plante, noble fruit. (De nobre planta, nobre froito)
- b. Mieux vaut mourir que perdre l'honneur. (Máis vale morrer que perder a honra)
- c. On ne peut pas boire et siffler à la fois. (Non se pode beber e asubiar á vez)
- d. On ne peut contenter tout le monde et son père. (Non se pode contentar a todo o mundo e a seu pai)

Galegos:

1. *Nunca chove a gusto de todos.*
2. *De bo lar, mellor borralla.*
3. *Vale máis morte calada que pública desventura.*
4. *Mentres se capa non se asubía.*
5. *Por falar pouco, nada se perde.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____

- Emparella cada significado co refrán anterior que lle corresponda.

- _____ a. Convén ser prudente ao falar.
- _____ b. O que gusta ou favorece a uns pode desagradar ou prexudicar a outros.
- _____ c. É mellor conservar boa reputación que vivir deshonorado.
- _____ d. É mala idea intentar facer varias cousas á vez.
- _____ e. Polo xeral, costumes e carácter transmitense de pais a fillos.

8.- Relaciona os seguintes refráns galegos cos de idéntico significado en catalán.

Galegos:

1. *O feito non ten remedio, o por facer pide consello.*
2. *Cada can no seu palleiro é moita xente.*
3. *Vale máis chosco que cego.*
4. *Polo canto coñécese o paxaro.*

Cataláns:

- a. *Al cantar coneix hom l'ocelo i al parla, el cervell.*
- b. *Val més borni que cec.*
- c. *Cada gall en son galliner, canta molt bé.*
- d. *El que etá fetja està fet.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____

9.- Emparella os seguintes refráns portugueses cos galegos. Hai moitas diferencias na forma de expresar a mesma idea?

Portugueses:

- a. *Berças que nao has de comer, nao as queiras remexer.*
- b. *Em quanto zoa a carvalheira, nao saias da tía fogueira.*
- c. *Dinheiro emprestado, dinheiro arriscado.*
- d. *Quem semeia basto gasta mais e colhe menos.*
- e. *Quem quer bom alhal semeá-lo polo natal.*
- f. *Sol na eira e chuva no nabal.*

Galegos:

1. *Cando a carballeira canta, gusta ben a manta.*
2. *O que bota o pan raro non colle pan malo.*
3. *Verzas que non has de comer, déixallas ao demo cocer.*
4. *Polo Nadal pon o teu allal.*
5. *Gran emprestado tarde ou nunca volve ao celeiro.*
6. *Sol na eira e auga no lameiro.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____; f - _____

- Explica as diferenzas.

10.- Le as seguintes transcricións de refráns árabes e búscalle a cada un deles un refrán galego de idéntico significado.

- a. O ovo de hoxe é mellor que a galiña de mañá.
- b. Os oídos non serven de nada a un cerebro xordo.
- c. Non abras os labios se non estás seguro de que o que vas dicir é máis fermoso que o silencio.
- d. Ao can que ten diñeiro chámanlle señor can.

1. *Non hai peor xordo que o que non quere oír.*
2. *Máis vale calar ca mal falar.*
3. *Don diñeiro é gran cabaleiro.*
4. *Vale máis paxaro na man que cento voando.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____;

- Infórmate e explica o significado de cada refrán.

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

11.- Debate. O refraneiro é moi antigo, con todo, son moitos os refráns aínda válidos hoxe. Ademais o mesmo refraneiro amosa certa perspectiva de modernidade en refráns como *A novo rei, nova lei; A tempos novos, novos consellos; Cada tempo ten o seu costume; Mudado o tempo mudado o pensamento*. Partindo destes supostos debater sobre tradición e modernidade do refraneiro.

a. 7. Os refráns nas clases de lingua galega

1.- Corrixe os seguintes refráns e indica o tipo de erro localizado.

- a. *Unha ave *sola non canta nin chora.*
 b. *Marzo chuvioso, *vrau *abundoso.*
 c. *O *millor viño vólvese vinagre.*
 d. *A *paloma *torcaz *soilo a mata un rapaz.*

Os refráns corrixidos perderon rima ou ritmo? _____

2.- Rodea os erros dos seguintes refráns e indica de que tipo se trata.

1. *Boca de mel e maus de fel.* _____
 2. *Ouvellas tolas, detrás dunha van todas.* _____
 3. *O ben non é conocido ata que é perdido.* _____
 4. *A craba da miña veciña sempre dá máis leite cá miña.* _____

3.- Corrixe na escrita as gheadas e os seseos dos seguintes refráns.

- a. **Amighos da taberna, *amighos da merda.* _____
 b. **Algho ten a *augha cando a *bedisen.* _____
 c. *Máis vale *serto que dubidoso.* _____
 d. *A *siensia quere *pasensia e *esperensia.* _____

É válida a gheada na fala? En que zonas de Galicia se fala con gheada?

4.- Elabora un diálogo entre dous personaxes no que se empreguen, entre outros, os seguintes refráns.

- a. A confianza, moitas veces, mata o home.*
- b. O medo garda a vida.*
- c. O boi turra do arado, mais non é do seu agrado.*
- d. Herba ruín non periga.*
- e. Non as fagas, non as temas.*
- f. As cousas ben pensadas son as máis acertadas.*
- g. Coñecido o dano, fuxilo é “sano”.*
- h. O que non se arrisca non cruza o mar.*

5.- Elabora un relato que desenvolva e relacione os seguinte refrán:

- Non é pobre o que pouco ten, senón o que moito quere.*
- O demo sabe máis por vello ca por demo.*
- Quen fai ben, faino para el tamén.*
- Non temos pan e mantemos un can.*
- Onde comen tres, comen catro, se poñen máis prato.*

6.- Realiza un relato ou un diálogo no que figuren oito ou dez refráns que ti escollas.


7.- Que refráns sintetizan a seguinte lenda.

Os catro brahmanas

Nun mosteiro hindú vivían catro brahmanas.

Os tres maiores eran sabios, mentres que ao cuarto, que era o máis novo, tíñano por menos douto.

Un día acordaron ir á cidade santa de Benarés, onde esperaban obter recoñecemento mais popularidade. Cando ían polo camiño, atoparon os ósos dun león e un dos tres máis sabios propuxo poñer en práctica os seus grandes coñecementos resucitando aquel león. Daquela, chegarían a Benarés precedidos de gran fama. Os outros dous brahmanas sabios aceptaron, pero o máis novo dixo que non fixesen tal cousa, que unha vez resucitado o león, devoraríaaos a todos.



Os tres monxes letrados non fixeron caso das recomendacións do menos sabio e, mentres este subía a unha árbore para evitar os posibles ataques do león, eles resucitárono e este, ao verse con vida, atacou os resucitadores e papounos axiña.

Lenda popular hindú. Adaptada.

Refráns

- *Quen fai o que pode, fai o que debe.*
- *O que todo quere, todo perde.*
- *Máis vale onza de prudencia que ferrado de ciencia.*
- *O que non pasa nun ano, pasa nun instantiño.*

8.- Traballo en equipo. Elaborade un guión para escenificar a lenda anterior. Catro escolares farán de brahmanas e un quinto será o león. Despois representádeaa na clase.

9.- Substitúe as frases en cursiva polos refráns que se propoñen sen que o texto perda o seu significado.

Os compañeiros

Seguramente na túa clase hai compañeiros bos, pero outros, sen seren malos, cometen faltas que deben corrixir. Por exemplo, ha de haber algún que despreza e insulta os compañeiros que non pensan coma el. Iso non se debe facer porque *os insultos non van moi lonxe* e ademais molestan. Tamén haberá quen poña alcumes ofensivos a outros compañeiros. Daquela, *como uns poñen alcuños, os outros tamén*, entón fórmase unha liorta imparabile. Por último, están aqueloutros que ridiculizan os demais cando cometen erros, esquecendo que *o máis listo pode equivocarse*.

Refráns

- *Ao mellor galgo escápalle unha lebre.*
- *Patadas de burro non chegan ó ceo.*
- *Quen di o que non debe, oe o que non quere.*

10.- Une as seguintes parellas de refráns con conectadores. Escólleos no recadro.

pero, ademais, efectivamente, así que

a - *Nunca a mala fada deixa de ter compañía.*

- *Cando vén unha, nunca vén soa.*

b - *Para o que está ausente, non hai xustiza.*

- *Por detrás, chámanlle ao rei cornudo.*

c - *De grandes ceas, están as sepulturas cheas.*

- *De non cear, xa non hai onde enterrar.*

d - *Non ha ser o corvo máis negro cás ás.*

- *Onde unha porta se pecha, outra se abre.*

11.- Localiza figuras literarias nos seguintes refráns.

a. *Mira Bras por onde vas e mira ben o que fas.*

b. *Amor forasteiro, amor pasaxeiro.*

c. *Casa de pai, viña de avó, oliveira de bisavó.*

d. *Come e durme e engorda e, se te chaman, faite a xorda.*

e. *Ben a entende, aquel que merca e vende.*

f. *En boas mans está o pandeiro.*

g. *Vale máis unha imaxe que cen palabras.*

h. *A castaña no agosto quere arder e no setembro beber.*

i. *Xa que a camisa cala, cale tamén a saia.*

12.- Identifica os termos figurado e aludido en refráns metafóricos. Fíxate no seguinte modelo.

Refrán: *Mal vai a corte onde o boi vello non tose.*

Termo figurado:	Termo real aludido:
VEHÍCULO (A)	TENOR (B)
a corte	calquera familia ou entidade.
o boi vello	autoridade: pai, nai, alcalde, director, presidente...
tose	fala, orienta, dirixe, manda...

Agora faino ti co refrán *O hóspede e o peixe aos tres días feden.*

Termo figurado: VEHÍCULO (A)	Termo real aludido: TENOR (B)
<i>O hóspede e o peixe</i>	
<i>aos tres días</i>	
<i>fedem</i>	

13.- Localiza hipérbatos nos seguintes refráns e escribe as palabras ordenadamente.

a. *A pedradas, non se collen os paxaros.*

b. *Algo alcanza quen non cansa.*

c. *Amasando faise o pan.*

d. *Cereixas e mentiras unhas das outras tiran.*

e. *Cos anos veñen os desenganos.*

14.- Fíxate no refrán *Co tempo maduran as uvas* e realiza os exercicios.

- Explica o significado. _____

- Que clase de figura literaria atopas nel? _____
- Escribe o refrán ordenando as palabras (S+V+Compl).

- Subliña o suxeito e ponlle debaixo S; subliña o predicado e ponlle debaixo P.
- Dentro do predicado rodea o verbo e ponlle un recadro ao complemento.
- Que clase de oración é? Marca o correcto.

_____ simple	_____ afirmativa	_____ transitiva
_____ composta	_____ negativa	_____ intransitiva

- Cales dos seguintes refráns che parecen de significado semellante a *Co tempo maduran as uvas*? Márcaos.

_____ a. *Cada cousa ao seu tempo.*

_____ b. *Tempo ao tempo.*

_____ c. *O tempo vaise e os anos veñen.*

_____ d. *Co tempo todo chega.*

_____ e. *O tempo non agarda por ninguén.*

15.- Realiza as actividades e sintetiza o seguinte relato nun refrán.

O loro falador

Aló en tempos pasados, nunha casa de Sarria, había un loro que falaba moi ben. Decía todo o que vía. Un día saíron os amos de paseo, deixando na casa unha criada soa. Esta, aproveitando a ocasión, fritiu un par de ovos e comeunos. Mais, en canto chegaron os amos á casa, o loro díxolles todo e rifáronlle á criada.

Ao día seguinte, volveron saír os amos e a criada fixo a mesma operación, pero deulle ao loro un ovo para que non dixese nada. Mais o loro contou todo outra vez.

Ao terceiro día, volvendo saír os amos, a criada quería repetir a tomar os ovos fritos, pero como lle tiña medo ao loro, preguntoulle se llo ía dicir aos amos e el respondeulle que si. Vaise a criada, colle o loro polo pescozo e meteuno nunha pota de auga que fervía co que lle pelou a cabeza toda.

De alí a uns días, houbo naquela casa unha voda e colgaron o loro no alto dun teito por debaixo do que habían pasar os invitados.

O loro viu que viña un home calvo e díxolle:

- Ai, ho! Seica ti tamén andas dicindo o que fan as criadas nas casas cando non están os amos!

Contos populares da provincia de Lugo. Ed. Galaxia.



a. Cal dos seguintes refráns sintetiza mellor o relato anterior?

- _____ a. *Ben pode ir o criado onde vai o amo.*
- _____ b. *Fillos criados, traballos dobrados.*
- _____ c. *Pensa o ladrón que todos son da súa condición.*

b. Os loros non falan, só repiten palabras. Explica como nos comunicamos as persoas e como se comunican os animais.

c. Xúntate cos teus compañeiros e elaborade unha pequena obra de teatro e despois representádea. Pode ter como personaxes: a criada, o loro, a ama, o amo, o home calvo e os invitados. Se non dades artellado a representación, podeades contar o conto. Procurade facer voces distintas para os diferentes personaxes.

16.- Existen refráns que sintetizan cantigas. Escribe os seguintes refráns debaixo da correspondente cantiga.

- a. *Home adañeirado nunca en xuízo é condenado.*
- b. *Di o teu segredo ao teu amigo e faraste o seu cativo.*
- c. *De vello, gaiteiro.*
- d. *Home de moita parola é de pouca obra.*
- e. *Home de barba rubia, cargue con el quen queira e quen poida.*



1. María a da venda nova,
despois de vella é gaiteira:
mandou facer unha saia
aberta pola dianteira.

Refrán: _____

2. A chumbeira da xustiza,
non vin cousa semellante,
colle os peixes pequeniños
e deixa pasar os grandes.

Refrán: _____

3. Home de moita parola
gasta a forza en parolar.
Nin fai todo o que di,
nin di todo o que fai.

Refrán: _____

4. O segredo do teu peito
non contes ao teu amigo;
a amizade logo se acaba
e el sérveche de “testigo”.

Refrán: _____

5. Cando o río for para riba
e os carballos dean uvas,
han de ser homes de ben
os homes das barbas rubias.

Refrán: _____

17.- Algúns refráns foron inseridos en cantigas. Aínda que poden estar lixeiramente modificados, é doado identificalos. Subliña nas cantigas os seguintes refráns.

1. *Hai cen anos que foi e aínda hoxe a vella chora.*
2. *Pola mañá vento á ría, á tarde vento do mar.*
3. *Auga de moitos regueiros é mala de arrecadar.*
4. *Amor de nai, mellor non o hai.*
5. *Quen ben ama, tarde esquece.*
6. *O amor primeiro é o máis duradeiro.*

a. Barqueiros de Vilanova,
que vento queredes levar?
Pola mañá, vento á ría,
pola tarde, vento ao mar.

Refrán: _____

b. Unha vella fixo as papas,
botoullas o pote fóra.
Hai cen anos que foi iso,
aínda hoxe a vella chora.

Refrán: _____

c. Alcipreste non se rega
porque na lentura nace.
Amor firme non esquece
por máis martirios que pase.

Refrán: _____

d. Tarde vés e non me espanta,
que xa adoitas de tardar.
Auga de moitos regueiros
é mala de recadar.

Refrán: _____

e. Miña nai, miña naiciña,
como a miña non hai ningunha,
que me quentou a cariña
co calorciño da súa.

Refrán: _____

f. A raíz do toxo verde
é moi mala de arrincar.
Os amoriños primeiros
son moi malos de “olvidar”.

Refrán: _____

18.- Algúns escritores incorporaron refráns nas súas obras. Unhas veces, o refrán íntegro, outras, reformulado e outras, soamente o pensamento que transmite. Busca en cada texto un dos seguintes refráns ou o a idea que comunican.

1. *Quen ten tenda que a atenda.*
2. *Cada moucho ao seu souto.*
3. *O que ten oficio ten beneficio.*
4. *A honra e o cristal logo se poden quebrar.*

a. Rosalía de Castro. *Cantares gallegos*.(3)

(...)

Mais xa vén a noite vindo
co seu manto de estrelañas;
xa recolleron o gando
que pastaba na curtiña;
xa lonxe as campás tocan
tocan as Ave-María;
cada coello ó seu tobo
lixeiro, lixeiro tira.
que é mal compañeiro a noite
se a compañeiro se obriga.

b. Curros Enríquez. *Divino sainete*. Canto IV

—¿Logo choras? ¡Ti toleas,
Ladrón!—díxome o meu guía—
Métete en vidas alleas
Mete; verás que bo pelo
Sacas, meu bravo Quixote,
En pago dese teu celo.
Deixa arar o gando, prenda;
Por ninguén poñas a cara:
Quen teña tenda que a atenda.
Pois de redentor o oficio
Sobre de estar en desuso,
Leva sempre ó sacrificio.

c. Castelao. *Os vellos non deben de namorarse*. Lance II

DON RAMÓN. Total un bico.

MICAELA. Pois por algo se empeza, que xa estou ben arrepentida do que fixen. ¡Aí, iso si!

DON RAMÓN. Pois hoxe veño por outro.

DON RAMÓN. Podo entrar, Micaeliña?

MICAELA. Vostede tolea, Don Ramonciño. ¡Xa ando na boca das xentes pola súa culpa e aínda me quer perder máis! Non lle mandei dicir que non viñese hoxe?

DON RAMÓN. Non podo deixar de verte.

MICAELA. Pois o que é hoxe ben se podía quedar no pazo e non vir a comprometerme, que son unha é moza solteira e a conduta logo se perde.

DON RAMÓN. Se a perdes por min estou disposto a pagala. ¿Queres todo canto teño por ela? Non che podo ofrecer máis. (...)

MICAELA. Eu non o desprezo, Don Ramonciño, porque vostede non é coma os demais. ¡Boa proba lle dei onte! ¡boa proba lle dei!

a - _____; b - _____; c - _____

19.- Busca no seguinte texto un refrán que relaciona o leite e o viño coa xuventude.

O *Larón*, un labrego que facía de enterrador, estaba abrindo unha cova cun picachón de longo mango. Cabo del tiña un porrón cheo de viño. Cada pouquiño achegábase ao porrón e botaba un trago. Era un home moi forte de carrelo ancho e pouca perna. Canto máis bebía con máis pulos traballaba. Aínda que non catara o leite soía dicir: O leite e o viño fan do vello mociño.

Tan pronto como viu a miña tía, dixo:

- E moi *buenos días*, *doña Ramona*... Xa saberá que a *Garela* de Cernadas hai oito días que está no leito, *tumbada* de home?

Miña tía ollouno con carraxe segundo ía achegándose. (...)

ÁNXL FOLE. *Á luz do candil* (O traxe de meu tío). Ed. Galaxia.

Refrán: _____

Escribe o significado: _____

20.- Relaciona paremias inseridas en cantigas medievais con paremias actuais do mesmo senso. Despois responde ás preguntas.

1. A boi velho non lhi busques abrigo. (Pero da Ponte)
2. Quan longe dos olhos, longe do corazón. (Fernando Esquíu)
3. Cada casa fabas lavam. (Johán de Guilhade)
4. Longas vías, moi longas mentiras. (Fernandes Torneol)
5. Quan ric'omen, tal vassalo (Afonso Lopes)

- a. *De longas vías, longas mentiras.*
- b. *A boi vello non lle busques abrigo.*
- c. *Lonxe dos ollos, lonxe do corazón.*
- d. *Tal señor, tal criado.*
- e. *En todas as casas cocen fabas.*

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____; 5 - _____

- a. Como se representaba no galego medieval o son que hoxe representamos con “ll”?
- b. Que outras diferenzas notas?
- c. Cales eran os principais tipos de cantigas medievais?
- d. Que son os cancioneros medievais?
- e. Que rei escribiu cantigas medievais? De que tipo eran?

21.- Debate. Partindo da lenda *Os catro brahmanas* podes debater sobre a prudencia, a ambición, a soberbia, a humildade, etc., así como sobre a utilidade e riscos dos avances científicos e técnicos.

a. 8. Os refráns noutras áreas do currículo

1.- Le o seguinte texto e, fixándote nos refráns, contesta as preguntas.

Cultivando

Antes de comezar os labores de cultivo, hai que coñecer a época de plantar ou sementar e escoller a terra máis axeitada. Así, por exemplo, o refraneiro dinos que *O pan no chan e as patacas nas costas* (1). Despois hai que preparar a terra, para iso *Cava fondo e terás anada abondo* (2). Sementar ou plantar ha facerse, segundo o refraneiro, coa debida separación porque *Pan xunteiro, fame na casa e fame no leiro* (3). Nalgúns casos, temos consellos concretos, como por exemplo, *A pataca, que vexa o dono ir para a casa* (4), isto é, que non a enterren moito. Non se hai que esquecer de abonar ben as terras porque *A caste de horta sae da corte pola porta* (5). Algúns cultivos hai que sachalos, quitarlles as malas herbas e regalos para finalmente recollelos. Antes disto, o campesiño espera que lle veña o tempo axeitado, pois *Mais produce o ano que o campo ben labrado* (6). Se hai que segar, convén que cada segador teña detrás un atador ou atadeira, xa que *O seitor sen atadeira é coma peto sen faldriqueira* (7).

a. Explica brevemente o significado dos refráns.

- _____ (1)
- _____ (2)
- _____ (3)
- _____ (4)
- _____ (5)
- _____ (6)
- _____ (7)

b. Que debe determinar un campesiño antes de iniciar os traballos para un cultivo?

c. En que terreos se deben plantar as patacas? E o millo?

d. En xeral, como se debe plantar e sementar? E as patacas en particular?

e. A que lle dá máis importancia un labrego, ao seu traballo ou ao tempo?

2.- Le a seguinte fábula e despois realiza as actividades que se indican.

A formiga e a cigarra

A formiga dedicouse todo o verán a recoller alimentos e a gardalos no formigueiro para ter reservas con que pasar o húmido e frío inverno. Pola contra, a cigarra pasou o verán descansada e non facía outra cousa máis ca tomar o sol e cantar. Incluso, algunhas veces, ao ver o esforzo da formiga burlábase dela.

Cando chegou o inverno, a cigarra tivo fame e foi xunto da formiga para que lle dese algo que comer. Entón a formiga díxolle:

- Por que non traballaches no verán e gardaches para o inverno? Pois agora, segue a cantar e a burláreste de min mentres eu como.

Esopo (Fábula adaptada)

a. Escolle os refráns que atinxen ao contido da fábula.

- _____ a. Fillos criados, traballos dobrados.
- _____ b. Garda de mozo e terás de vello.
- _____ c. Hai que gardar das risas para as choras.
- _____ d. Con afán gáñase o pan.
- _____ e. O traballo non deshonra a ninguén.
- _____ f. Un polo outro, a casa sen varrer.

b. Explica o seu significado.

REFRÁN	SIGNIFICADO

c. Reflexiona sobre a fábula anterior e contesta ás preguntas.

- Que opinión che merece a cigarra?

- E a formiga?

- Fai ben a formiga en negarlle axuda á cigarra? Por que?

- Poderán ambos insectos comer o mesmo tipo de alimento?

3.- Explica o significado dos seguintes refráns e elabora con eles un texto no que saques as túas conclusións.

- a. *Non hai cartos como os que van polo seu pé á feira.*
- b. *O que non ten carro nin bois anda antes ou despois.*
- c. *Cama limpa no cortello e sol de abondo no campo.*
- d. *Non lle ates a boca ao boi que anda arando.*
- e. *O porco é unha botica.*
- f. *O que esterca sacha.*

a. Significados.

a. _____

b. _____

c. _____

d. _____

e. _____

f. _____

b. Texto.

4.- Emparella cada refrán co seu significado.

_____ - a. *A verdade por encima de todo.*

_____ - b. *Non hai inimigo pequeno.*

_____ - c. *O que colle malas mañas, sempre en malos pasos anda.*

_____ - d. *Palabra e pedra solta non teñen volta.*

_____ - e. *O barato sae caro.*

1. Non convén desprezar nada, por insignificante que poida parecer.
2. Alude á dificultade que supón deixar os malos hábitos, en especial, os alcohólicos.
3. Antes de falar convén reflexionar, pois o que se di, dito queda.
4. Recomenda ter coidado á hora de mercar cousas baratas, pois adoitan ser de mala calidade, polo que, aínda que as teñamos, non estamos servidos.
5. Aconsella que debemos ir sempre coa verdade por diante, pois, por moito que se queira ocultar, acaba descubríndose e prevalece sobre a mentira.

5.- Algúns refráns fálannos de certos costumes tradicionais. Emparella os seguintes refráns co costume ao que aluden.


- Caldeiro vello dá para novo.*
- É mellor que o labrador levante unha pedra que o cazador rompa unha perna.*
- Pasou o san Roque, pasou o dormiñoque.*
- As mulleres no regueiro e os homes no ferreiro.*
- Saiña longa e blusiña frouxa, dunha ruín rapaza fan unha boa moza.*

Costume aludido:

- Tradicionalmente, as mulleres vestían con saia e blusa, prendas coas que non só se consideraba que ían decentemente vestidas, senón que podían realzar a súa beleza e mesmo facer que unha moza fea (*ruín*) parecese fermosa.
- Era frecuente que a moza que casaba cun home vello (*caldeiro vello*) facíao coa pretensión de que, ao morrer este, lle deixaría bens suficientes para poder vivir ben cando casase cun mozo novo.
- Nas aldeas, era costume reunirse para comentar a actualidade da parroquia. As mulleres facíano no regueiro onde ían lavar a roupa e os homes, no ferreiro onde acudían a arranxar as ferramentas.
- Alude ao costume dos cazadores de derrubar os muros que cerraban as fincas para facilitar a persecución das presas.
- Na época do ano en que os días son grandes e na que os labregos madrugaban moito para traballaren pola fresca, era costume botar unha sesta (*dormiñoque*) despois de xantar. O refrán concreta que despois de san Roque (16 de agosto) convén deixar ese costume ata o ano seguinte.

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____

6.- Sitúa no mapa os lugares que figuran nos seguintes refráns.



- *Para carne, pan e viño, Carballiño.*
- *Ronca Corrubedo, mariñeiro ponte quedo.*
- *Para picar a pedra, canteiros de Pontevedra.*
- *Os de Noia, zapateiros.*
- *Andar todo o mundo e morrer en Lugo.*

7.- Emparella e comenta os seguintes refráns co feito histórico a que se refiren.

- a. *Santiago xa pasou, a Nosa señora vén vindo: ala galeguiños vamos indo.*
- b. *O que vai nunha mula e cun francés, vai tolo ou vai de a pé.*
- c. *Pedro Pérez e mais o bandullo van os dous ao cabo do mundo.*

Antecedentes:

1. Pedro Pérez de Gomara foi activo visitador da Inquisición en Santiago. O refrán, ademais de ridiculizar a súa excesiva gordura, confirma que instruíu moitos procesos contra supostos xudeus.
2. A emigración estacional (“andoriña”) de moitos galegos á sega de Castela foi un feito histórico durante case toda a Idade Moderna.
3. Durante e despois da guerra da Independencia (1808-1814) xerouse unha antipatía contra os franceses que invadiran Galicia por orde de Napoleón.

a - _____; b - _____; c - _____

8.- Algúns refráns aluden a supersticións. Emparella os seguintes coa superstición a que se refiren. Despois comenta a súa falta de lóxica.

1. *O que mata unha abella ten cen anos de pena.*
2. *Mexo de can, diñeiro na man.*
3. *Ano bisesto, caben as crías debaixo dun cesto.*
4. *Casa feita, cova aberta.*
5. *Quen dorme o día da Ascensión, todo o ano é durmiñón.*

- a. No concello de Baralla (Lugo) non deixan que ninguén durma a sesta o día da Ascensión para que non lle caia a maldición de ser durmiñón todo o ano.
- b. En moitas partes de Galicia, as abellas son obxecto de especial cariño porque as consideran óptimas representantes do traballo, discreción e outras virtudes. Pero o máis curioso é que nalgúns lugares crían que eran almas que adquirían esa forma para baixar á terra. Daquela, había que respectalas e, por suposto, non matalas.
- c. Ao propietario que remata de facer unha casa poden acontecerlle certas desgrazas, mesmo morrer. Por iso algúns deixaban unha parte sen rematar.
- d. Se un can mexa na presenza dunha persoa, estalle a anunciar a chegada de diñeiro ou doutro beneficio material.
- e. Os anos bisestos son temidos no mundo rural, pois é crenza supersticiosa que traen malas colleitas, fame e outros efectos malévolos.

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____; 5 - _____

Comentario.

9.- Emparella cada refrán coa virtude á que se refiren.

1. *Nunca é tarde para facer ben.*
2. *Paso a paso, vaise lonxe.*
3. *As cousas ben pensadas son as máis asisadas.*
4. *A verdade fura as paredes.*
5. *Dá e ten e farás ben.*
6. *Peso e medida manteñen a paz na vida.*
7. *Se unha porta se pecha, outra se abre.*

- a. bondade: _____
- b. constancia: _____
- c. prudencia: _____
- d. veracidade: _____
- e. xenerosidade: _____
- f. xustiza: _____
- g. esperanza: _____

Responde:

a. Serían posibles as relacións sociais se as persoas carecésemos de virtudes? Cal cres que é a virtude social máis importante?

b. Cales das virtudes anteriores cres que tes ti?

Redacción. Fíxate no refrán *A verdade fura as paredes*. Conta que pasaría se os cidadáns sempre dixésemos mentiras. E se sempre dixésemos a verdade?

10.- Os seguintes refráns son opostos ou case opostos a algúns dos do exercicio anterior.

- a. *Por dicir verdades, pérdense as amizades.*
- b. *O que dá o que ten, a pedir vén.*
- c. *Polos ruíns perden os bos.*
- d. *Cando vén unha, nunca vén soa.*

a. Relaciónaos.

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____

b. Explica o seu significado.

- a. _____
- b. _____
- c. _____
- d. _____


c. Por que o refraneiro inclúe ideas case contrapostas?

11.- Busca refráns que se refiran a outros valores como paciencia, sinceridade, previsión, confianza, tolerancia, laboriosidade.

12.- Fai unha relación de refráns que se refiran a vicios (preguiza, avaricia, cobiza, envexa, egoísmo, murmuración...). Valóraos.

13.- O pintor flamenco Pieter Brueghel o Vello (1525-1569) pintou un óleo sobre madeira que titulou “Proverbios flamencos”. Nel aparecen representados proverbios da época, algúns dos cales aínda se usan hoxe. Seguindo a liña de Brueghel, representa o contido dos seguintes refráns, empregando as técnicas e recursos (escena, cómic, viñetas...) que queiras.

- *Circo na lúa, auga segura.*
- *Peixe que busca o anzol, busca a súa dor.*
- *Dunha ovella negra, nace un año branco.*
- *Por un cravo pérdese a ferradura.*
- *O mellor cabalo dá un tropezo.*
- *O que sementa sega.*



14.- Escolle os refráns casteláns semellantes aos galegos e emparéllaos.

Refráns galegos:

1. *Uns levan a fama e outros o proveito.*
2. *Viste un ladrón e parecerá un señor.*
3. *Un erro calquera o ten.*
4. *A mellor casa é a miña, aínda que sexa pequeniña.*

Refráns casteláns:

- a. *Castillo apercebido no es sorprendido.*
- b. *A cada pajarillo le gusta su nidillo.*
- c. *Un tropezón cualquiera da en la vida.*
- d. *Visten un palo y parecerá algo.*
- e. *No hay harina sin salvado.*
- f. *Unos tienen la fama y otros cardan la lana.*

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____

15.- Busca refráns galegos equivalentes e estes casteláns.

1. *A los osados, favorece la fortuna.*

2. *Al hierro caliente, batir de repente.*

3. *Dos pájaros en una espiga se hacen mala compañía.*

4. *La mejor salsa, el apetito.*

- O refrán *A ferro quente, bater de repente* significa que, para que as cousas resulten satisfactorias, convén facelas ao seu tempo, no momento máis oportuno. A referencia ao oficio de ferreiro dá a entender a importancia que este tivo tradicionalmente.
- Busca outros refráns que aludan ao ferreiro.
- Infórmate e fai un pequeno traballo sobre o oficio de ferreiro.
 - Materiais que emprega.
 - Ferramentas que usa.
 - Obxectos que elabora.
 - Importancia tradicional e situación actual.



16.- Emparella os seguintes refráns ingleses cos significados que se indican.

1. *Gifts break a rock.* (Os regalos rompen unha rocha)
 2. *Better aught than naught.* (Mellor algo que nada)
 3. *After a storm comes a calm.* (Despois dunha tormenta, vén unha calma)
 4. *Big fish eat little fish.* (O grande peixe come o pequeno peixe)
- a. Anima a ser optimistas nas circunstancias adversas, pois afirma que estas poden cambiar cando menos o esperemos.
 - b. Os regalos e as boas palabras conseguen o que parece imposible de alcanzar.
 - c. Advirte que non debemos desprezar as cousas pequenas, de baixa calidade ou pouca importancia.
 - d. O poderoso abusa do máis débil.

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____

17.- Busca refráns galegos que se correspondan con cada un dos ingleses anteriores.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____

18.- Emparella os seguintes refráns portugueses cos correspondentes galegos.

1. *Quen ben está non se mude.*
 2. *O amor non ten idade.*
 3. *Ninguém nasce aprendido.*
 4. *É mellor ser chosco que cego.*
 5. *A exceção confirma a regra.*
- a. *Melhor é ser torto que cego de todo.*
 - b. *A excepção confirma a regra.*
 - c. *Ninguém nasce ensinado.*
 - d. *Quem bem está nao se levante.*
 - e. *O amor nom tem idade.*

1 - _____; 2 - _____; 3 - _____; 4 - _____; 5 - _____

19.- Escribe o significado dos seguintes refráns e debaixo o correspondente francés.

1. *Le vin délie les langes.*

3. *Le sage entend à demi-mot.*

2. *Chacun pour soi et Dieu pour tous.*

4. *Quatre yeux voient mieux que deux.*

a. *A bo entendedor, poucas palabras.*

Refrán francés: _____

b. *Cada un na súa casa e Deus na de todos.*

Refrán francés: _____

c. *Canta o borracho o que ten no papo.*

Refrán francés: _____

d. *Máis ven catro ollos que dous.*

Refrán francés: _____

20.- Os seguintes refráns teñen antecedentes nos autores que se indican. Relaciónaos.

a. *Onde hai fume, hai lume.*

b. *O comezar xa é facer a metade.*

c. *A necesidade mete a vella en camiño.*

d. *Ao home ousado, a fortuna pónselle ao lado.*

1. Horacio: *Dimidium facti qui coepit habet.* (O que comezou ten case feita a metade da obra)

2. Terencio: *Audentes fortuna iuvat.* (A fortuna axuda os ousados)

3. Plauto: *Flamma fumo est proxima.* (A chama está próxima ao lume)

4. Sallustius: *Necessitudo etiam timidus fortes facit.* (A necesidade fai valentes mesmo aos apoucados)

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____

21.- *As amizades hanse descoser, mais non se han romper.*

a. Explica o significado deste refrán.

b. Busca en *De amicitia* (76-78) de Cicerón e localiza a frase que se relaciona con el e escríbea.

22.- Comproba a presenza da Biblia no pensamento popular expresado nos refráns.

a. Eclesiástico III.27: O que busca o perigo, nel perece.

b. Eclesiástico. XII.9: Cando un home é feliz, os seus inimigos están tristes, e cando é desgraciado, coñecerás quen é o seu amigo.

c. Salomón. *Proverbios. X.19*: Nunha chea de verbas non faltará o erro.

d. Salomón. *Proverbios. XVII.34.*: O insensato tense por sabio cando cala e por intelixente cando ten a boca pechada.

1. *O que con pólvora se divirte, no corpo a sente.*

2. *No perigo coñécese o amigo.*

3. *O parvo, se é calado, pasa ben por asisado.*

4. *A moito falar, moito errar.*

23.- Debate. Partindo do refrán *Paso a paso, vaise lonxe* e doutros de significado semellante, debater sobre a necesidade de ter calma e constancia no decorrer da vida, poñendo o contrapunto noutros refráns de significado oposto como *Mariñeiro que dorme, peixes non colle*.

b. Actividades por etapas

Neste apartado presentamos as actividades agrupadas por etapas educativas. Con todo, cada docente pode escoller aquelas que se adapten mellor ás circunstancias da súa aula, pois non se trata de propostas pechadas.

En educación infantil amosamos catro unidades. En primaria, dez que graduamos de dous en dous cursos, mentres que en secundaria figuran oito unidades que o profesorado pode utilizar segundo o seu criterio.

b. 1. Educación Infantil



1. *O que non ten cabeza ten pés*

~ O REFRÁN ~

- Segundo os casos, este refrán pode expresar unha obriga (o que non ten cabeza ten que ter pés) ou un sentimento de resignación (o que non ten cabeza, menos mal que ten pés).
- Outros refráns de significado semellante son *O que non ten acordo que teña folgo* e *O que non ten memoria ten que ter pés*.
- Pode traballarse este refrán cando se trate na clase o corpo humano ou cando se fale da necesidades de atender e poñer interese á hora de realizar calquera tarefa.

~ SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS ~

- Diráselles aos/ás escolares o refrán en voz alta. Pediráselles que o repitan ao mesmo tempo que sinalan a cabeza e os pés. Esta acción tamén pode facerse individualmente.
- Facer unha pequena escenificación do refrán para explicarlles o senso metafórico: un neno ou nena vai a un armario da clase para recoller varias cousas (pelota, caderno, lapis, ceras...) e traelas, pero quedalle atrás unha (non ten cabeza/memoria) polo que se ve obrigado/a a volver ao armario (ten pés/andar).

~ FICHA 1 ~


- Interpretar as viñetas. Unha aula. A profesora pídelle a unha alumna que colla no armario unha pelota, un caderno e un lapis. A nena vai e volve, pero esquécelle o lapis, daquela, ten que ir de novo ao armario en busca del.
- Darlles cores ás viñetas. Procurarase que os mesmos personaxes leven as mesmas cores nas distintas viñetas.

~ FICHA 2 ~

- Figura dun neno. Pódese explicar que, exteriormente, na cabeza atópanse: fronte, cellas, ollos, nariz, orellas, boca, meixelas, fazulas, queixo... e interiormente, o cerebro, responsable de varias funcións, entre as que está a memoria.
- Sobre a figura, rodear de azul a parte que, segundo o refrán, non se ten cando se esquece algo.
- Rodear de vermello a parte do corpo, que segundo o refrán, se usa cando falla a memoria.
- Completar o refrán que está na parte inferior da ficha con debuxos das partes rodeadas.
- Se se considera oportuno pódese aproveitar a ocasión para repasar algunhas partes que cada escolar sinalará no propio corpo: 1. caluga, lombo, cu... 2. ombreiro, brazo, cóbado, pulso, man, dedos. 3. coxa, xeonllo, perna, nortello, pé, calcañar, dedas. 4. pescozo, peito, van, barriga.




1. O que non ten cabeza ten pés



O que non ten  ten .



1. O que non ten cabeza ten pés



O que non ten

ten .

2. A cada paxariño gústalle o seu niño

~ O REFRÁN ~

- É certo que a cada paxariño gústalle o seu niño. Así, a non ser o cuco, ningún paxaro vai ao niño doutro. Pero, en sentido metafórico, pode aplicarse ás persoas que aprecian a súa casa, valoran calquera outra pertenza súa ou senten fachenda da localidade onde naceron ou onde viven.
- O feito de que cada persoa mostre afecto pola súa localidade, polas súas cousas, non debe levala ao chauvinismo nin ao conformismo, pois moitas situacións son manifestamente mellorables.
- Outros refráns de significado semellante son *Ben está o paxariño no seu niño; A mellor casa é a miña, aínda que sexa pequeniña.*

~ SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS ~

- Este refrán pode traballarse cando se traten na aula a vivenda ou os animais.
- Para introducir o refrán pódese proceder do seguinte xeito:
 - Preguntar ao alumnado que paxaros coñece.
 - Citar os máis frecuentes: andoriña, merlo, pega, rula, cuco, xirín, verderolo, pardal, canario, loro...
 - Comentar algunhas das súas características: ave pequena, corpo cuberto de plumas, peteiro, dúas patas, poñen ovos...
- Informar que a casa dos paxaros é o niño. Se é posible mostrar un.

~ FICHA 1 ~

- Localizar na árbore o paxaro co seu niño e identificar a casa co seu morador. Aproveitar esta translación para a comprensión do refrán.
- Explicar que, do mesmo xeito que a cada paxariño lle gusta o seu niño, a cada persoa gústalle a súa localidade, a súa casa, as súas cousas.
- Colorear a casa libremente ou cunha pauta: paredes amarelas, portas verdes, ventás azuis, tellado vermello.
- Ler o refrán axudándose dos debuxos.

~ FICHA 2 ~


- Rematar de facer o tellado da casa completando as liñas de puntos e facendo máis ondas. Previamente pódese practicar o movemento facendo ondas co brazo.
- Repetir a mesma operación cos outros elementos: portas, ventás, cheminea...
- Reforzar o sentido metafórico do refrán aplicándoo á casa que acaban de rematar.

~ FICHA 3 ~

- Relacionar con frechas cada animal coa súa “casa”.





2. A cada paxariño gústalle o seu niño



A cada  gústalle o seu  .



2. A cada paxariño gústalle o seu niño



3. O que ten boca vai a Roma

~ O REFRÁN ~

- O refrán expresa que o que sabe preguntar (ten boca) pode ir a calquera parte (Roma) sen risco de perderse. Por extensión, indica que preguntando poden resolverse as dúbidas que teñamos. Daquela, aconsella abandonar o orgullo ou a curtidade de non preguntar.
- Outros refráns referidos ao feito de preguntar son: *Quen pregunta non erra* e *Quen pregunta saber quere*, pero *Quen pregunta o que non debe escoita o que non quere*, que poñen de manifesto o equilibrio do refraneiro.

~ SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS ~

- Presentar o refrán realizando preguntas a algunhas crianzas: onde vive, por onde vai para a casa etc. Facerlles ver que agora o/a docente, se o desexase, podería ir a eses domicilios porque preguntou: *O que ten boca (pregunta) vai a Roma* (os domicilios, calquera sitio).
- Do mesmo xeito pódese preguntar como se chaman a nai e o pai, cantos irmáns ten etc. Explicarlles que o/a ensinante soubo eses datos preguntando.
- Se é o caso, que o alumnado pregunte onde están algunhas dependencias do colexio, por exemplo, oficina, sala do profesorado, caldeira da calefacción, cuarto de materiais de limpeza... e que individualmente faga o percorrido ata chegaren a eles.

~ FICHA 1 ~

- Observar como a persoa que quere ir ao pavillón pregunta a un viandante por onde se vai.
- Aproveitar para traballar os esquemas dereita (parque), esquerda (colexio), arriba (pavillón), abaixo (igreja).
- Colorear a ficha segundo o criterio do/a docente.

~ FICHA 2 ~


- Comentar que cando preguntamos debemos facelo con educación e orde e agradecer as respostas do/a informante. Tampouco podemos ser insolentes nas nosas preguntas.
- Na ficha, tachar o alumno que pregunta inadecuadamente e rodear cun círculo o que o fai correctamente. Se se desexa, colorarase a escena.

~ FICHA 3 ~

- Explicar que a información tamén pode chegarnos por outros medios: libros, charlas, periódicos, televisión, radio, planos, internet...
- Colorar os elementos que nos poden facilitar información.



3. O que ten boca vai a Roma



O que ten  vai a  .



3. O que ten boca vai a Roma



4. Aprende cachola que estamos na escola

~ A FÓRMULA ~

- Este fraseoloxismo é unha *fórmula rutineira* como *o meu can pillou unha mosca, outra vaca no millo, xa pasou moita auga por debaixo da ponte, vai un frío que escaravella o pelexo*, etc.
- Parece oportuno recorrer a ela para introducir o tema *o colexio* pola súa sonoridade e carácter infantil. Existen, non obstante, refráns relacionados coa aprendizaxe como *Todos os días se aprende algo; Non te deitarás sen aprender unha cousa máis; Para aprender nunca é tarde* ou *A necesidade fai mestres*.

~ SUXESTIÓNS DIDÁCTICAS ~

- Explicar que *cachola* significa *cabeza do porco despois de despezada*, sinónimo de *cacheira* e *cachucha*. En ton festivo pode referirse á cabeza das persoas (croca, testa) como é o caso da frase.
- Comentar a necesidade de aproveitar as ensinanzas da escola para poder gozar do saber.

~ FICHA 1 ~

- Analizar a escena. Enumerar os distintos elementos: edificio (portas, fiestras, cuberta...) patio, árbores, escolares, mestres/as...
- Dicir elementos dun colexio que non se ven na escena: aulas, ximnasio, aseos, oficinas... e enumerar persoas relacionadas coa escola: director/a, ensinantes, conserxe, escolares, pais, nais...
- Colorar a ficha segundo criterio do/a profesor/a.

~ FICHA 2 ~

- Preguntar que cousas pode haber nunha aula: encerado, esfera, libros, cadernos, mochilas, lapis, ceras, folios...
- Localizar fóra da escena os elementos que pertencen a ela e rodealos. Cruzar o que non pertence. Se se desexa, darlle cores.

~ FICHA 3 ~

- Que facemos na escola? Provocar respostas como ler, escribir, debuxar, cantar, xogar, estudar...
- Na ficha, rodear o que facemos na aula e cruzar o que non debemos facer.
- Ler a fórmula axudándonos dos debuxos.




4. Aprende cachola que estamos na escola





4. Aprende cachola que estamos na escola




Aprende  que estamos na .

b. 2. Educación Primaria 1º / 2º





1. Non é ouro todo o que reluce



Un día, Andrea paseaba polo campo co seu canciño. Nun recuncho viu unha preciosa mata de flores. Pensou que podía coller un ramo delas e levarllas á súa nai. E así o fixo.

Pero segundo ía volvendo, as flores ían muchándose e cando chegou á casa estaban moi feas. Non servían para regalar.

Andrea desgustouse moito, pero axiña se decatou de que as flores non eran tan boas como ela pensara e concluíu que efectivamente, en certas ocasións acontece que...

Non é ouro todo o que reluce.



1. Non é ouro todo o que reluce

1.- Marca e completa.

- Con quen pasea Andrea?

_____ cun gato.

_____ cun can.

Andrea paseaba polo campo cun _____

- As flores estaban nun recuncho. Que significa recuncho?

_____ espazo pequeno e apartado.

_____ sitio onde hai flores.

Un recuncho é _____

- Como eran as flores que viu Andrea no campo?

_____ fermosas.

_____ grandes.

As flores que viu Andrea no campo eran _____

- Serviron as flores para regalar?

_____ si.

_____ non.

- Por que?

_____ porque murcharon axiña.

_____ porque eran moi pequenas.

As flores _____ serviron para regalar
porque _____

- Daquela, a este caso podemos aplicarlle o refrán

Non é _____ todo o que reluce.





1. *Non é ouro todo o que reloce*

2.- Cales das seguintes frases expresan o significado do refrán *Non é ouro todo o que reloce*? Marca e escribe.

_____ As cousas non sempre son como parecen.

_____ Os fillos sempre se parecen aos pais.


_____ Non hai que fiarse das aparencias.

3.- Cales dos seguintes refráns teñen un significado semellante ao anterior? Marca e escribe.

_____ *Debaixo do mel, hai moitas veces fel.*

_____ *Non son todos reiseñores, os que cantan entre as flores.*

_____ *O que non queiras para ti non o queiras para min.*



4.- Escribe unha anécdota que che sucedese a ti á que se lle poida aplicar o refrán

Non é ouro todo o que reloce.

5.- Volve á lectura e escribe:


Tres nomes: _____

Tres adxectivos: _____

Tres verbos: _____



2. Na necesidade vese a amizade



Veciños e amigos

Paulo e Xacinto eran veciños e, case sempre, ían á escola xuntos. Ademais estaban na mesma clase. Un día de chuvia, cando volvían para a casa, Paulo esvarou no camiño mollado. Caeu no chan e escordou un pé.

Adoecía coa dor e nin sequera podía dar un paso. Daquela, Xacinto ergueuno con coidado, limpouno como puido e axudoulle a chegar á casa sen esquecer as mochilas. Paulo decatouse de que Xacinto era un bo amigo xa que o axudou nun momento difícil, porque

Na necesidade vese a amizade.



2. Na necesidade vese a amizade

1.- Marca e escribe.

- Que significa escordar?

_____ saír do seu sitio un tendón ou un óso. _____ tirar dunha corda.

Escordar significa: _____

- Que significa erguer?

_____ facer ben. _____ levantar.

Erguer significa: _____

- Que significa adoecer?

_____ ter moita dor. _____ non poder andar.

Adoecer significa: _____

2.- Une con frechas. Relaciona cada neno co que fai ou lle acontece.

Paulo

Xacinto

ergue a Paulo.

cae.

limpa as feridas.

manca un pé.

axúdalle a chegar á casa.

3.- Paulo decatouse de que Xacinto era un bo amigo?

_____ si _____ non

Por que?

Porque o axudou cando o _____

Completa:

Na necesidade _____



2. Na necesidade vese a amizade

4.- Fíxate nas escenas e coloréaaas. Que fan xuntos os bos amigos?



• Completa:

Quer _____

Divír _____

Axúd _____

• Que clase de palabras son estas?

_____ nomes _____ verbos _____ adxectivos



5.- Agora volve á lectura e escribe:


- Dous nomes comúns:

- Dous nomes propios:

- Dous adxectivos:



3. Polo san Xoán a sardiña molla o pan



Era polo san Xoán, mes de xuño. O sol lucía alegre. Na casa de Tereixa había invitados e o pai estaba asando sardiñas.

Todos comían as sardiñas quentiñas nada máis saír das brasas, e dicían que estaban moi boas. Pero a Tereixa non lle chistaban.

- Mamá! Eu non quero sardiñas porque pingan no lume e manchan o pan.

- Pois iso quere dicir que están moi boas, que é a mellor época do ano para comelas. Xa o di o refrán:

Polo san Xoán, a sardiña molla o pan.

Noutras tempadas non saben tan ben. Están máis secas.

Tereixa, timidamente, probou un bocado de sardiña e decatouse de que non sabía tan mal como pensara. Ata lle gustou. Despois comeu máis.




3. Polo san Xoán a sardiña molla o pan

1.- Contesta as seguintes preguntas:

- Que mes é san Xoán? _____
- Que asan na casa de Tereixa? _____
- Ao principio, gústanlle as sardiñas a Tereixa? _____
- E despois? _____
- En que mes a sardiña está máis saborosa? _____
- Por que? _____
- Por iso di o refrán:

2.- Pinta de verde as sardiñas que teñen refráns cun significado semellante ao anterior.






3. Polo san Xoán a sardiña molla o pan

3.- De onde proceden os alimentos?

- Rodea:
- de verde os de orixe vexetal.
 - de amarelo os de orixe animal.
 - de azul os de orixe mineral.



Completa con exemplos de alimentos, segundo a súa orixe:

De orixe vexetal: _____

De orixe animal: _____

De orixe mineral: _____

4.- Era polo san Xoán, mes de xuño. O sol lucía alegre. Na casa de Tereixa había invitados e o pai estaba asando sardiñas.

- Fíxate nestas liñas do principio da lectura e realiza:
 - subliña dous nomes comúns en singular.
 - rodea dous nomes comúns en plural.
- Agora, os que están en singular ponos en plural e os que están en plural, en singular.

SINGULAR	PLURAL
mes	
	invitados

- Que clase de palabra é alegre?

_____ substantivo

_____ adxectivo

_____ verbo

b. 3. Educación Primaria 3º / 4º



1. Traballo comezado é medio rematado




Alberte vence a preguiza

Alberte chegou canso do colexio. Tivera ximnasia e, despois dos exercicios, tocoulle xogar á billarda. Traía apetito e xantou ben. Ao rematar foi para a sala coa intención de descansar un pouco. Viu unha película de vaqueiros que lle regalara o padriño pola Pascua, pero cando acabou, deixouse estar comodamente botado no sofá. Non lle pedía o corpo erguerse. Aínda que non lle importaban moito os aburridos programas que poñían nas canles de televisión, pasou alí tempo e tempo, sen axudar nos labores da casa, sen facer as tarefas do colexio que tiña pendentes nin estudar o tema de Ciencias Sociais que tiña para o día seguinte.

A nai foi avisalo varias veces, pero el non lle fixo caso. Tivo que poñerse seria ata o punto de que se enfadou con el.

Menos mal que reaccionou e, facendo un esforzo para vencer a preguiza que o dominaba, dispúxose a cumprir coas súas obrigas. Finalmente, fixo un bo traballo durante o resto da tarde. Está visto que cando se comeza algo é máis fácil de continuar. Ou dito doutra maneira: moitas veces o máis difícil das cousas é empezalas. Por iso di o refrán

Traballo comezado é medio rematado.



1. Traballo comezado é medio rematado

1.- Emparella cada palabra co seu significado.

xantar	comer ao mediodía.
Pascua	traballo que debe facerse nun tempo determinado.
arefa	falta de ganas de traballar.
preguiza	festa que lembra a resurrección de Cristo.

2.- Ordena cronoloxicamente o que fixo Alberte.
Despois escríbeo en forma de relato.

_____ Pasou moito tempo máis vendo a televisión.

_____ A nai tivo que enfadarse con el.

_____ Venceu a preguiza e fixo o traballo.

_____ Xantou e púxose a ver unha película de vaqueiros.



3.- Cal das seguintes frases ten un significado semellante ao refrán *Traballo comezado é medio rematado*? Marca e despois completa.

_____ Se empezas un traballo tes que rematalo.

_____ Unha vez comezado un traballo é máis fácil de rematar.

_____ Hai que comezar despois de rematar.

_____ Comezar e rematar un traballo teñen a mesma dificultade.

O refrán *Traballo comezado é medio rematado* significa que _____



1. Traballo comezado é medio rematado

4.- Que refrán dos seguintes ten un significado semellante a

Traballo comezado é medio rematado?

- _____ *Non se collen as troitas coas mans enxoiatas.*
 - _____ *A comer e rañar todo mal é empezar.*
 - _____ *O que algo quere, algo lle custa.*
-

5.- Pensa no refrán *A comer e rañar todo mal é empezar.*
Que significa *comer e rañar* neste refrán?

- _____ calquera cousa: comida, zapato, casa...
- _____ calquera traballo: estudar, coser, fregar...
- _____ calquera día: luns, martes, venres...

Daquela, o refrán di que para facer calquera traballo todo mal é _____


6.- Ordena as palabras de cada globo e obterás refráns.


- Refrán 1 _____

 Refrán 2 _____


 Refrán 3 _____

 Refrán 4 _____





2. Vale máis maña ca forza



O raposo e o galo

Conta unha lenda que unha mañá cediño, o galo saíu do seu galiñeiro e, coma sempre, lanzou ao vento un fachendoso canto. Con el avisaba os demais que el era o máis importante. Pero un raposo que estaba á espreita lanzouse contra el coa intención de pillalo polo pescozo e matar a fame de varios días pois, naquel tempo de inverno, a caza puxéraselle difícil.

O galo, aínda que asustado, tivo folgos para emprender un voo e situarse na póla máis alta dunha maceira que había alí preto, de tal xeito que nela o raposo non o podería pillar. Este, desesperado pola fame, comezou a abanear a maceira coa intención de que o galo caese. O galo tivo medo de perder o equilibrio e, vendo que podía ser vítima da forza do raposo, díxolle:

- Oe, raposo! Para de abanear a maceira que quero baixar, que vén aí un cazador que me vai disparar.

O raposo, ao oír a palabra cazador, botou a fuxir e non volveu nunca máis por alí. O galo quedou libre. Éche ben certo,

Vale máis maña ca forza

A astucia e habilidade do galo venceron a forza desesperada do raposo.



2. Vale máis maña ca forza

1.- Escribe cada unha das seguintes palabras ou expresións ao lado do seu significado.

Estar á espreita, matar a fame, fachendoso, folgos, abanear

- _____ , eliminar o desexo de comer.
- _____ , mover algo dun lado a outro sen sacalo do sitio.
- _____ , estar vixiando atentamente.
- _____ , forza suficiente para facer unha cousa.
- _____ , orgulloso.

2.- Numera as seguintes accións na orde en que se desenvolven.

- _____ O raposo abanea a maceira.
- _____ O galo voa ata a póla dunha maceira.
- _____ O raposo bótase ao pescozo do galo.
- _____ O galo sae do galiñeiro e bota o seu canto.
- _____ O raposo, ao oír a palabra cazador, foxe.
- _____ O galo queda libre.
- _____ O galo di que quere baixar da maceira porque vén un cazador.




Agora escríbeas ordenadamente.

1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	

3.- Segundo a lectura, quen emprega a forza? _____

E a maña e habilidade? _____



2. Vale máis maña ca forza

4.- Marca e escribe.

- A frase que ten o mesmo significado que o refrán *Vale máis maña ca forza*.

_____ A forza non ten máis valor que a maña.

_____ Sempre é mellor utilizar a habilidade que a forza.

_____ O que ten máis forza ten máis vantaxe.

- O refrán que ten un significado semellante a *Vale máis maña ca forza*.

_____ *O que non se sinta con forzas que non se meta en liortas.*

_____ *A forza vence, a razón convence.*

_____ *O que ten maña sempre apaña.*

5.- Na lectura podemos atopar a seguinte oración:


O galo saíu do seu galiñeiro.

- Subliña o suxeito e ponlle debaixo S.
- Subliña o predicado e ponlle debaixo P.

6.- Debuxa unha escena na que se empregue a maña e non a forza:



3. *Non pon a galiña senón a fariña*



Marcelo non coida ben as galiñas

Marcelo vive feliz nunha casa dunha aldea próxima á vila. Ten un can, dous gatos e cinco galiñas. Sempre se queixa de que as galiñas poñen poucos ovos. Un día, desesperado, díxolle a Antía, a súa veciña:

- Vounas matar todas e despois cómoas. Así líbrome destas preguiceiras, que non poñen nin un ovo.

Antía, que sabía o que pasaba, díxolle:

- Ti dálle ben de comer?

- Ben, ben, non sei. Como andan soltas, xa pican herba e comen areas e bichos que atopan...—Respondeu Marcelo.

- Pero home! Iso non é suficiente. Tes que alimentalas mellor. Dálles millo ou centeo dabondo e verás como, ademais de engordar, han poñer ovos, porque, como di o refrán,

Non pon a galiña senón a fariña.

Efectivamente, para que as galiñas poñan ovos teñen que tomar alimentos suficientes: millo, trigo, centeo, herba, auga etc. No refrán, aos alimentos que poden tomar as galiñas chámanselles fariña e eles son os que fan que as galiñas poñan ovos.



3. Non pon a galiña senón a fariña

1.- Le o texto e relaciona cada palabra co seu significado.

preguiceira
dabondo
desesperado
atribuír


bastante, suficiente.
enfadado, impaciente.
folgazana, que non lle gusta traballar.
sinalar a causa dalgún feito.

2.- Responde ás seguintes preguntas.

- Cales son os animais que ten Marcelo? _____
- Por que as galiñas lle poñen poucos ovos? _____
- Que consello lle dá Antía a Marcelo? _____
- Que significa *fariña* no refrán? _____

3.- Cales dos refráns seguintes teñen un significado semellante ao da lectura?

- _____ *As galiñas poñen como comen.*
- _____ *Pola Santa Mariña deita a galiña.*
- _____ *A galiña polo bico pon.*
- _____ *Aves de pico non fan o amo rico.*



4.- Escolle e completa a frase para que teña o mesmo significado que o refrán.

Non pon a galiña senón a fariña, pero aplicado ao ser humano.

- _____ senón o que lle doe.
- _____ senón o que come.
- _____ senón o que fai.

Non traballa o home, _____

Completa: ***Non pon a*** _____ ***senón a*** _____



3. Non pon a galiña senón a fariña

5.- Fíxate no refrán *Non pon a galiña, senón a fariña* para realizar as seguintes actividades.


- Que clase de animal é a galiña? Escolle e marca.

_____ mamífero _____ ave _____ anfibio _____ réptil _____ peixe

- Completa os ocos coas seguintes palabras: dúas, peteiro, ovos, plumas.

A galiña ten o corpo cuberto de _____ e anda sobre _____ patas. A súa boca remata nun _____. Reprodúcese por medio de _____.

- Que aproveitamos da galiña doméstica?



- Emparella as seguintes expresións co seu significado.

- | | |
|-----------------------------|---|
| - ter a pel de galiña | - deitarse moi cedo. |
| - deitarse canda as galiñas | - galiña que está en período de incubación. |
| - galiña choca | - ter a pel con moitos grans pequenos que se forman por frío ou medo. |


- Cal é o masculino de galiña? _____

6.- A alimentación é moi importante para medrar física e intelectualmente. Todos os nenos do mundo teñen a oportunidade de alimentarse adecuadamente? Por que hai fame no mundo? Que se pode facer para mellorar a situación actual?


Fai unha pequena redacción na que expoñas a túa opinión persoal.

b. 4. Educación Primaria 5º / 6º





1. *O que canta, o seu mal espanta*



Distraerse alivia os males


Hai días que a Patricia lle veñen as cousas torcidas. Enfermou unha das súas mellores amigas, Andrea, sacou un catro en inglés cando esperaba ter polo menos un seis, mancouse nun nocello cando xogaba no patio e non puido ir ao cine porque xa estaba a fin de mes.

Metíase na casa e poñíase triste sen ganas de facer nada. Pero un día decatouse de que non podía seguir así, que cada vez estaba máis ensumida. Daquela, telefonou a Román, un bo amigo, e propúxolle saír a dar unha volta.

- Si. Quedamos ás cinco na ponte nova.—dixo Román que xa a notara algo rara pola mañá. De por parte, avisou a Carmela.

Os tres foron buscar a Andrea que se uniu ao grupo nun paseo pola beira do río. Contaron contos e anécdotas e riron das súas parvadas. Pasaron unha tarde entretida. De volta á casa, Patricia sentiuse mellor, máis animada. Daquela, puido estudar, facer os traballos diarios e incluso pensaba en divertirse.

Sen dúbida, Patricia aplicou o refrán *O que canta, o seu mal espanta*, porque, non cantou, pero visitou unha amiga, paseou e riu na compañía de amigos e iso aliviou a súa tristura.



1. *O que canta, o seu mal espanta*

1.- Emparella cada palabra co seu significado.

espantar	- darse conta.
nocello	- escorrentar, facer fuxir.
beira	- parte saínte dos ósos entre a perna e o pé.
anécdota	- bordo, límite dunha superficie.
mancarse	- narración breve dun suceso curioso.
decatarse	- sufrir unha ferida.

2.- Marca o que queren dicir as partes do refrán *O que canta, o seu mal espanta* e despois completa.

O que canta _____ quen se distrae e sorrí na adversidade.
_____ quen fala moito.
_____ quen se bota a durmir cando está triste e ronca.

o seu mal espanta _____ o seu mal agranda.
_____ foxe de présa do seu mal.
_____ minora o seu mal.


Daquela, o refrán *O que canta, o seu mal espanta* significa que _____

3.- Completa as seguintes frases coas expresións do recadro para que adquiran un significado semellante a *O que canta, o seu mal espanta*.

recupera o humor, perde o tempo,
reduce os problemas, alivia os desgustos

- Quen se divirte _____
- Quen se entretén _____
- Quen se distrae _____
- Pero...
- Quen se aburre _____






2. *Río revolto, ganancia de pescadores*



Este refrán, en sentido literal, indica que algúns peixes de río, especialmente a troita e a anguía, péscanse mellor cando as augas están revoltas que cando están claras e tranquilas. En senso metafórico avísanos de que en moitas situacións, como axitacións sociais, guerras, momentos convulsos dunha crise e, en xeral, en calquera desorde, sempre hai alguén aproveitado que trata de sacar beneficio á conta dos demais.

No Exipto dos faraóns, hai máis de 4.000 anos, xa era coñecido este refrán. Naquel tempo, no río Aquilla, pequeno e pouco caudaloso, podía obter unha boa pesca cando había enchentes e se enlodaban as augas. Da observación dese feito naceu unha frase sentenciosa que foi adoptada polos romanos que dicían *Est captu facilis turbata piscis in unda*, isto é, na auga revolta é fácil a captura do peixe. Esta idea chegou ata nós e expresámola no refrán ***Río revolto, ganancia de pescadores***, que aínda se emprega hoxe grazas ao seu senso metafórico.



2. Río revolto, ganancia de pescadores

1.- Emparella cada un destes sintagmas co seu significado.

- | | |
|-----------------------|--|
| a. sentido literal | 1. frase curta de carácter dogmático. |
| b. sentido metafórico | 2. significado habitual das palabras. |
| c. frase sentenciosa | 3. significado atribuído a unha expresión, diferente do que tería polas palabras que a forman. |

a - _____; b - _____; c- _____

2.- Relaciona os termos do refrán **Río revolto, ganancia de pescadores** co seu senso metafórico.

- | | |
|----------------|--|
| a. río revolto | 1. alguén que se aproveita da ocasión. |
| b. ganancia | 2. calquera liorta, desorde. |
| c. pescadores | 3. beneficio, lucro. |


a - _____; b - _____; c- _____

3.- En que situacións empregarías este refrán. Escolle as válidas.

- _____ a. Nun país desatouse unha guerra entre dous bandos. O país veciño vendíalle armas a cada un deles.
- _____ b. Os ladróns aproveitaron o terremoto que derrubou moitas casas para “facen o seu negocio”.
- _____ c. A policía detivo a un señor por pescar sen licencia nun río despois dunha treboada.
- _____ d. Escapáronlle as vacas a un campesiño. Os veciños foron axudarlle a buscalas, pero un aproveitou para collerlle un becerraño.

4.- Cales dos seguintes refráns teñen significado semellante a **Río revolto, ganancia de pescadores**?

- _____ a. No río avolto, cóllense peixes.
- _____ b. Río grande, peixe grande.
- _____ c. Río avolto, ganancia de pescadores.
- _____ d. O que a auga o trae, a auga o leva.




2. Río revolto, ganancia de pescadores

5.- Ao refrán **Río revolto, ganancia de pescadores** fáltalle o verbo (elipse verbal). Cal dos seguintes verbos lle poñerías? Marca e escribe

_____ traer _____ aumentar _____ augurar _____ indicar

6.- Escribe un relato no que un individuo se beneficia dunha desorde ou calamidade.


7.- Os diagramas seguintes representan os campos semánticos das palabras pescador e mariñeiro. Sitúa neles as seguintes acepcións.




- a. pescador de río
- b. pescador de mar
- c. tripulante dun transatlántico
- d. soldado da mariña

8.- Debate. As guerras.

- Quen se beneficia das guerras?
- Quen se prexudica?



3. A auga no refraneiro




A auga no refraneiro

A auga é un elemento maiormente líquido composto de osíxeno e hidróxeno. Forma as fontes, os ríos, os lagos, os mares e os océanos, cubrindo as tres cuartas partes da superficie terrestre. Tamén hai augas subterráneas ás que, ás veces, chegamos mediante pozos. No cume dalgúñas montañas podemos atopar auga en forma de neve e os casquetes polares están cubertos de auga xeada, é dicir, de xeo. Tamén existe auga en forma de vapor.

A auga é esencial e imprescindible para a existencia de plantas e animais, sen ela non é posible a vida.

Cando o refraneiro di *A auga non ha ter nin sabor nin olor nin cor para que, ao bebela, saiba mellor*, estanos informando das características que debe ter a auga potable, a que se pode beber. Outros refráns indicánnos que auga debemos evitar, *Bebeu auga nun xuncal, sóbolle ben e fixolle mal*, mentres que *Auga que corre nunca mal colle*.

Tamén nos fala o refraneiro dalgúñas utilidades da auga. Poñamos por caso, *A auga clara ben lava a cara* e *Con auga non hai terra mala* que nos din que a auga serve para lavar e para regar, á parte do seu significado metafórico. Por último podemos dicir que no refraneiro galego, moitas veces, a auga emprégase como sinónimo de chuvia, por exemplo, *Auga de tronada, nuns sitios moita e noutras nada*.



3. A auga no refraneiro

1.- O refrán *A auga non ha de ter olor nin sabor nin cor* indícanos certas características da auga potable. Relaciónaa coa palabra correspondente.

Insípida, incolora, inodora

1. Non ten olor: _____

2. Non ten cor: _____

3. Non ten sabor: _____

2.- Actualmente a auga é útil para usos domésticos, agrícolas e industriais.

• Indica que utilidade se lle atribúe á auga en cada refrán.

- *A auga, todo o lava.* _____

- *Con auga, non hai terra mala.* _____

- *Boa é a auga cando hai sede.* _____

• Por que non aparecen refráns que se refiran ao uso industrial da auga?

3.- Agrupa os seguintes refráns segundo o seu significado.

a. *Non hai auga máis mala cá que dorme.*

b. *Auga corrediza non leva malicia.*

c. *Auga corrente non mata a xente.*


d. *Auga parada está envelenada.*

1. *Auga que corre, nunca mal colle.*



2. *Bebeu auga nun xuncal: sóbolle ben e fixolle mal.*

• Por que actualmente non podemos fiarnos nin da auga que corre?



3. A auga no refraneiro

4.- Algúns refráns adquiriron un *senseo metafórico*, isto é, un significado que non é o que teñen estritamente as palabras que o conforman.

Exemplo: *Auga pasada non move muiño* aconsella non volver ás cousas que xa pasaron (*auga pasada*) porque xa perderon a súa eficacia (*non move muiño*) ou xa non son oportunas. É dicir, non serve de nada lamentarse de non aproveitar unha oportunidade que agora xa non está ao noso alcance.

- Explica o significado de *Auga que non has de beber déixaa correr* con exemplos concretos e fai un debuxo.

TÍTULO: _____




5.- Que significado ten “auga” nos refráns
Auga de xaneiro, cada pinga vale diñeiro
e Circo na lúa, auga segura?



6.- Debate. A auga, elemento indispensable.

- Escaseza (máis de 1.200 millóns de persoas carecen de auga en cantidade e calidade necesaria) e mala distribución.
- A maior desenvolvemento económico, maior capacidade de obter auga.
- Os excesos de consumo.
- A contaminación (materias fecais, praguicidas, aceites, deterxentes, plásticos...).
- As inundacións.



4. A comer co refraneiro




No refraneiro atopamos consellos sobre os alimentos e a alimentación. Uns teñen un carácter amplo como *Hai que comer para vivir e non vivir para comer*. Outros valoran a calidade dos alimentos como *Comer verdura é cordura*, *Caldo de galiña é para o enfermo a mellor medicina* ou *Máis valen dous bocados de vaca que sete de pataca*, que nos indican, respectivamente, que as verduras son alimentos beneficiosos, que o caldo de galiña favorece a cura de doenzas e que a carne é mellor alimento que as patacas. Con todo, cando o refraneiro di que *A carne carne cría e os peixes, auga fría* está a sobrevalorar a carne, pois o peixe e outros alimentos teñen importancia na dieta humana.

Ás veces, o refraneiro entra en máis detalles como *Cabruto, dun mes; año, de tres*, que estima a idade ideal para comer estas carnes, ou *Cada día galiña, amarga a cocina*, que aconsella facer unha alimentación variada. O refrán *Almorza ben, come máis, cea pouco e vivirás* dános unha pauta sobre a cantidade das tres principais comidas diarias que se complementa con outros consellos como *A comida descansada e a cea paseada*.

O refraneiro tamén nos axuda a coñecer os alimentos que abundan en cada época do ano e en que momento están na sazón. Esta é unha interesante información porque deste xeito sabemos que alimentos son os máis baratos e cando saben mellor e nutren máis.

Hai refráns referidos a alimentos para todas as épocas do ano, aínda que non sempre coa mesma variedade e abundancia. Vexamos algúns exemplos do mes de xaneiro. *Xaneiro, oveiro*; indícanos que nese mes abundan os ovos. Neste mes moitos peixes están na sazón, *Xaneiro, piardeiro*; *A faneca en xaneiro, vale carneiro*; *A pescada en xaneiro, vale carneiro*; *En xaneiro a raia sabe a carneiro*; tamén as verzas, *Verzas en xaneiro, saben a carneiro*. A comparación dalgúns alimentos coa carne do carneiro está relacionada coa estima que tradicionalmente se ten deste bocado en Galicia, idea reforzada polo refrán *Do mar o mero, da terra o carneiro*.



4. A comer co refraneiro

1.- Os refráns da lectura falan de alimentos que podemos consumir en xaneiro por abundaren e estaren na sazón. Escríbeos no seguinte cadro e debúxaos debaixo.

2.- Contesta as seguintes preguntas.

- Que significa *estar na sazón* un alimento?


- Por que cres que os alimentos de tempada son máis baratos, saborosos e nutritivos?

- Por que o refraneiro compara moitos alimentos coa carne do carneiro?

- É útil o refraneiro para escoller alimentos en cada momento?

- Que quere dicir *Xaneiro, oveiro*?

- *Hai que comer para vivir e non vivir para comer.* Explica o significado



4. A comer co refraneiro

3.- Infórmate e completa o cadro cos alimentos do exercio 1.

CLASES DE ALIMENTOS	EXEMPLOS
ENERXÉTICOS	
PLÁSTICOS	
REGULADORES	

4.- Clasifica agora os mesmos alimentos atendendo á súa orixe.

ALIMENTOS DO MAR	ALIMENTOS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS	ALIMENTOS DA HORTA

5.- Relaciona cada refrán co seu significado.

- A comida debe ser variada.
- A raia está en comida no mes de xaneiro.
- Se non hai uns alimentos, póñense outros.
- Indica a idade idónea do cabrito e do año para seren cociñados.

- Cabrito, dun mes; año, de tres.*
- Cada día galiña, amarga a cociña.*
- En xaneiro a raia sabe a carneiro.*
- A pouca carne, moitas verzas.*

1- _____, 2- _____, 3- _____, 4- _____

6.- Debate. A fame no mundo.

No mundo, prodúcese comida máis que suficiente para todos os seres humanos, pero cada cinco segundos morre de fame un neno, mentres que nalgúns países ricos existe xente que padece obesidade. Por que esta inxusta situación?



b. 5. Educación Secundaria



1. Os refráns do avó



Os refráns do avó


Nunha das visitas á casa dos avós, Fiz subiu ao faiado. Nun recanto viu unha arca e decidiu levantarlle a tampa. Había libros, xornais vellos, cartas e outros papeis. Pero o que máis lle chamou a atención foi un caderno medio esfarelado, de tapas avermelladas. Abriuno e leu con certa dificultade: *Ao morrer o can, acábase a rabia; En boca pechada non entra mosca; Cae antes un mentireiro ca un coxo.*

Como non entendía case nada do que lía, baixou ao salón e foi xunta o avó.

- Mira o que atopei no faiado, avó!
- Ese caderno é o meu vello refraneiro. –Dixo o avó– Quero dicir que nel fun escribindo todos os refráns que sabía.
- Que son refráns? –Preguntou Fiz.

O avó pensouno un pouco e lentamente dixo:

- Son consellos que... serven para a vida. Ensinanzas antigas, moitas delas aínda hoxe serven para grandes e pequenos.
- Onde aprendiches os refráns?
- Onde ía ser? Escoitándollos á xente.
- Eu non entendo iso de *Ao morrer o can, acábase a rabia.*
- Penso que indica que ao desaparecer a causa dun problema, desaparecen tamén os seus efectos e as súas consecuencias, isto é, *acábase o problema.*
- Pero avó, dicir que *En boca pechada non entra mosca* é unha parvada.
- Neste refrán, *boca pechada* significa persoas que saben calar ou falar con discreción. Así evitan inconvenientes que no refrán chámanse *moscas.*
- Ah! Que chachi!



1. Os refráns do avó

1.- Escribe ao lado de cada significado a palabra correspondente.

discreción, arca, rabia, faiado


- _____ 1. caixón con tampa para gardar roupa ou outras cousas.
- _____ 2. parte máis alta da casa situada debaixo do tellado.
- _____ 3. doenza infecciosa do can e outros animais.
- _____ 4. calidade do que actúa ou fala sen molestar.

2.- Escolle a frase que che pareza máis axeitada para definir que é un refrán.

- _____ Frase curta que só usan os vellos.
- _____ Frase curta de tradición popular que contén un consello ou ensinanza.
- _____ Frase popular que serve para adiviñar o tempo.


3.- Marca cunha cruz as características referidas aos refráns.

- _____ Transmítense oralmente.
- _____ Expresan a sabedoría popular.
- _____ Indican calidades das persoas.
- _____ Moitos deles teñen senso metafórico.
- _____ Conteñen rezos populares.
- _____ Xeralmente son curtos.



4.- O refrán *Cando o río sona, auga leva* indícanos que, ás veces, os rumores teñen algún fundamento. Completa o seguinte cadro indicando o significado metafórico do refrán.

REFRÁN	SENSO METAFÓRICO
<i>Cando o río sona</i>	
<i>auga leva.</i>	



1. Os refráns do avó


5.- A maioría dos refráns son bimembres, é dicir, constan de dúas partes. A primeira, **presentación**, ten carácter descritivo e segunda, **termo**, é unha consecuencia da primeira e aparece como conclusión.

Exemplo: *A burro morto, cebada ao rabo.*

- PRESENTACIÓN: *A burro morto,*

- TERMO: *cebada ao rabo.*

- Completa o seguinte cadro coa presentación ou termo que falta.



PRESENTACIÓN	TERMO
<i>Cada mestriño</i>	
	<i>máis claridade.</i>
	<i>o traballo sen facer.</i>
<i>Non se pode repenicar</i>	

6.- Algúns refráns carecen de verbo (elipse verbal), pero sobreenténdese.


Por exemplo: *Ano de ameixas [anuncia] ano de queixas*

- Introduce cada verbo no refrán correspondente.


Sae, cómpre, ponlle, trae, precisa, déixalle

- Na terra dos lobos _____ ouvear coma todos.*
- De tal pau _____ tal racha.*
- A pouca carne _____ moita verza.*
- A boi bravo _____ corda longa.*
- Vaca de leite _____ pouco traballo.*
- Norte escuro _____ vendaval seguro.*

7.- Debate. Que aprendemos dos maiores? A poder ser, apoiar as intervencións con refráns.



2. Un refrán para cada mes




Un refrán para cada mes

Son moitos os refráns que se refiren a distintos aspectos dos meses do ano para deixarnos o seu saber. Neste texto aparecen uns poucos exemplos.

Dar consello é unha das finalidades do refraneiro, así que *En xaneiro non metas obreiro*, pois os días aínda son pequenos e pouco se pode traballar coa luz natural que era a única que había antigamente. *En febreiro, sete capas e un sombreiro*, avísanos do frío de febreiro e de que debemos andar ben abrigados. Ás veces, o refraneiro reflicte o que acontece cos cultivos, tal é o caso de *Marzo, espigarzo* que constata que os cereais (trigo, centeo, avea) en marzo comezan a botar a espiga. Se nos di que *En abril sae o cuco do cubil*, anúncianos a chegada da primavera, pois o cuco vén canda ela.

Non faltan refráns que prognostican as colleitas ou o tempo meteorolóxico, como *Maio chuvioso, verán caloroso* e os que nos orientan dos alimentos de tempada e da súa sazón como *Polo san Miguel os figos saben a mel*. *No mes de xullo cóllese o trigo maduro* lémbra-nos os labores do campo, mentres que *Agosto agosteiro, mes de festas e pouco diñeiro* indica que nese mes celébranse moitas festas que incrementan os gastos, causa pola que a xente queda con menos diñeiro. Tamén o refraneiro define como pode ser a meteoroloxía dos meses: *Setembro leva as pontes ou seca as fontes*.

Outubro a chegar, porco a cepar aconsella que convén engordar os porcos para que na matanza, polo san Martiño, o porco teña boas carnes. Este refrán é, ao mesmo tempo, outra mostra dos que nos avisan dos labores que tradicionalmente se fan no agro en cada momento. Poucas son as veces que o refraneiro se refire aos xogos, aínda que para o mes de novembro hai un: *Polo san Andrés, buxainas aos pés*. Abundan máis as referencias ao santoral, incluso, para medir o tempo cronolóxico, como por exemplo, *Do nadal a san Xoán, seis meses van*.



2. Un refrán para cada mes

1.- Escribe, ao lado de cada definición, a palabra correspondente.

santoral, buxaina, cubil, sazón, cebar

- Alimentar un animal para que engorde e así poder aproveitar a súa carne. _____
- Lugar onde se meten algúns animais ceibes para durmir. _____
- Época na que as colleitas e os alimentos están no mellor momento. _____
- Xoguete de madeira de forma cónica que baila lanzándoo cunha corda. _____
- Libro da vida dos santos ou listaxe dos nomes dos santos. _____

2.- A que meses se refiren os seguintes refráns?

xuño, agosto, setembro, novembro, decembro

- *Cando santos acaba, inverno empeza.* _____
- *Polo san Pedro, coller o centeo.* _____
- *Polo nadal pon o teu allal.* _____
- *Despois da Nosa Señora, o verán vai fóra.* _____
- *Por san Mateu vendima ti, vendimo eu.* _____

3.- Os seguintes refráns son equivalentes aos anteriores. Escríbeos debaixo.

- *En setembro, vendima correndo.*


- *Novembro acabando, inverno empezando.*

- *En san Xoán, a fouce na man.*

- *Ao pasar a Peregrina, inverno encima.*

- *Allos no nadal nin nados nin por sementar.*





2. Un refrán para cada mes

4.- Clasifica os seguintes refráns segundo o tema que traten.

meteoroloxía, calendario, alimentos, agricultura, aves

- *En febreiro sabe a verza a carneiro.* _____
- *O millo raro vai no carro, o millo mesto vai no cesto.* _____
- *Polo san Matías, marzo aos cinco días.* _____
- *Marzo marzán, pola mañá cariña de rosa, pola tarde cara de can.* _____
- *Ave de pico non fai ao amo rico.* _____

5.- Relaciona cada refrán co seu significado.

<u>Refrán</u>	<u>Significado</u>
- <i>Ben lle irá ao borracho, se trona en marzo.</i>	- Para haber boas castaña ten que ir moita calor en agosto e vir unha boa rega en setembro.
- <i>Auga de maio carga o carro.</i>	- Os tronos de marzo anuncian que haberá boa colleita de viño.
- <i>Herdeiro é agosto do que outros fixeron.</i>	- As chuvias de maio aseguran boas colleitas.
- <i>A castaña en agosto quere arder e en setembro beber.</i>	- A colleita de agosto depende do tempo dos meses anteriores.

6.- Volve sobre a lectura e explica por que...

- ...non debes chamar obreiros en xaneiro?

- ...o refrán lle chama “espigarzo” a marzo?

- ...o cuco sae do cubil en abril?


- ...se sega o trigo en xullo?

- ...se ceba o porco en outubro?

- ...agosto é mes de pouco diñeiro?

7.- Coloquio. Cada alumno/a buscará un refrán de cada mes que explicará na clase.

3. Recursos lingüísticos dos refráns




Recursos lingüísticos dos refráns

Os refráns están cargados de intención informativa e persuasiva polo que empregan maiormente unha linguaxe sinxela, directa e popular. Con todo, moitos deles presentan artificios estéticos propios da linguaxe literaria, de entre os que destacan a rima e os recursos de estilo.

Respecto da rima, os dous elementos dos refráns bimembres poden non rimar (*O que algo quere, algo lle custa*), rimar en asonante, que é o máis frecuente (*Ao mal vento, vólvelle o capelo*), ou rimar en consonante (*Cada ovella coa súa parella*).

No refraneiro atopamos numerosas figuras literarias por iso, ás veces, se nos mostran esaxerados como as hipérboles, suxestivos como as metonimias ou burlescos como a ironía. Vexamos algúns exemplos.

FIGURAS LITERARIAS	EXEMPLOS
hipérbole	<i>Baguiño a baguiño, encheu unha vella unha pipa de viño.</i>
personificación	<i>Cando o diñeiro fala, todos calan.</i>
antítese	<i>Morte duns, vida doutros.</i>
xogo de palabras	<i>Non todo o que se di se fai, nin todo o que se fai se di.</i>
ironía	<i>O que moito traballa non ten tempo para gañar cartos.</i>
comparación	<i>Boca sen moas é coma muiño sen pedra.</i>
metáfora	<i>Home sen agarimo é paxaro sen niño.</i>
metonimia	<i>A cabeza manda nos pés.</i>



3. Recursos lingüísticos dos refráns

1.- Indica ao lado de cada refrán o tipo de rima que ten.


consonante, asonante, sen rima

- a. *Polo santo bícase a peaña.* _____
- b. *Falando do rei de Roma, pola porta asoma.* _____
- c. *Se queres ser ben servido, sérvete ti correndiño.* _____
- d. *O que colle malas mañas, sempre en malos pasos anda.* _____
- e. *Cara de beato, uñas de gato.* _____
- f. *Falen cartas e calen barbas.* _____

2.- Lembra a definición de cada figura literaria e completa o cadro. Despois escribe un exemplo de cada unha delas.

metáfora, metonimia, comparación, personificación,
hipérbole, antítese, hipérbato, ironía

RECURSO LITERARIO	DEFINICIÓN
	a. Esaxerar grandemente algo.
	b. Atribuír calidades humanas a animais, plantas ou obxectos.
	c. Dar a entender o contrario do que se di.
	d. Contraponer dúas realidades para realzalas.
	e. Alterar a orde normal das palabras na frase.
	f. Presentar dúas realidades que se comparan polas súas semellanzas, diferenzas, etc.
	g. Designar un concepto ou obxecto cunha palabra coa que garda certa relación: proximidade, causa/efecto, continente/contido, etc.
	h. Empregar unha palabra para referirse a unha cousa diferente da que significa, pero coa que ten algunha relación.



3. Recursos lingüísticos dos refráns

3.- Le os seguintes refráns e indica que tipo de figura literaria atopas en cada un deles.

- a. *O que casa fai, casa desfai.* _____
- b. *Meu sogro é moi bo patrón, non sabe diferenciar unha vela dun resón.* _____
- c. *O labrador entre dous avogados está coma o peixe entre dous gatos.* _____
- d. *Da árbore caída, todos fan pitelos.* _____
- e. *Máis moscas se collen con mel ca con fel.* _____
- f. *O inverno come e non cría.* _____
- g. *Febreiro louco, cos teus vinte e oito, se duras máis catro, non queda can nin gato.* _____
- h. *Ao novo dálle prato, ao vello zapato.* _____

4.- Infórmate e indica que outras figuras están presentes nos seguintes refráns.

- a. *Casado por amores, casado con dores.* _____
- b. *Brétemas no alto, chuvias no baixo.* _____
- c. *En marzo nazo, en abril estou no cubil, en maio saio, en san Xoán fuxo do can, en agosto xa son bo raposo.* _____
- d. *O malo, amalo e senón, deixalo.* _____

5.- O seguinte refrán contén unha metáfora. Analiza os seus elementos e completa o cadro.

Cando te capen, berra


Termo figurado: VEHÍCULO (A)	Termo real aludido TENOR (B)
<i>Cando te capen,</i>	
<i>berra.</i>	

6.- Que figura de estilo atopas no seguinte refrán?


Cando a figueira ten folla, ten boa comida a solla. _____

Escribe o refrán ordenadamente e despois analízao sintacticamente.

7.- Debate: A linguaxe das mensaxes a través de SMS, whatsapp, etc. Pobreza de expresión? Comunicación práctica? Remedios.



4. O amor no refraneiro




O amor no refraneiro

Segundo o refraneiro, o amor presenta variadas caras, unhas gratas, como *O amor fai cantar*, e outras amargas, como *Moito sofre quen ben quere*, pero ningunha delas é indiferente. Por iso, o refraneiro di categoricamente: *Amor, non hai nada mellor nin nada peor*. Desde sempre, *Os primeiros amores son os mellores* e *Amor con amor se paga* porque *Amar a quen non ama é responder a quen non chama*.

Por outra banda, o amor fai perder o siso aos namorados ata o punto de que *O que a feo quere, fermoso lle parece* e, chegado ese momento, non poden ocultar o namoramento porque *Mal se esconde o lume que no peito arde*.

Aínda que o refraneiro afirma que *Ben ama quen nunca esquece*, tamén estima que *O que unha mora tinxe, outra verde o destinxo*, é dicir, *Os amores novos fan esquecer os vellos*. O amor non ten idades, non obstante *O amor de neno, auga nun cesto*, mentres que *O amor é gala no mancebo e crime no vello*. Tradicionalmente os amores e casamentos facíanse entre membros da mesma clase social, así o manifesta o refrán *Cada ovella, coa súa parella*, pero sempre hai outra posibilidade, pois *O amor todo o iguala*.

Nas relacións amorosas adoita haber crises, pero, se o amor é verdadeiro, supéranse os problemas de tal xeito que *Rifan os amantes e quérense máis ca antes*. Por último di o refraneiro que o amor máis estable e auténtico é o da nai: *Amor de nai, outro mellor non hai*.



4. O amor no refraneiro

1.- No texto anterior aparecen dous refráns semellantes. Localízaos e comenta o seu significado.

- _____

- _____

2.- Busca no texto refráns que teñen significado oposto aos que se indican. Anótaos e explica o significado.

- *O amor fai cantar.* _____


- *O amor, todo o iguala.* _____

3.- Escribe as dúas parellas de refráns que aparecen no texto unidos por unha relación de causalidade.

- _____ porque _____
- _____ porque _____

4.- No refrán *O que unha mora tinxe, outra verde o destinxo* atopamos algunhas metáforas. Completa o cadro.

Termo figurado: VEHÍCULO (A)	Termo real aludido: TENOR (B)
mora	
tinxe	
outra (mora) verde	
destinxo	




4. O amor no refraneiro

5.- Segundo os refráns do texto, cal é a mellor idade para namorarse? Comenta a resposta.

6.- Segundo o refraneiro, o amor ten certas características e require determinadas actitudes. Emparella cada refrán coa característica ou actitude a que se refire.

- O amor é cego.*
- Contigo, pan e cebola.*
- Polo santo bícase a peaña.*
- O amor fai valentes.*
- Ollos que non ven, corazón que non sente.*



1. Poderoso.
2. Irreflexivo.
3. Usa estratexias.
4. Ha estar próximo.
5. Sacrificado.

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____


7.- O refrán *Sen amar e sen xantar ninguén pode pasar* dá a entender que o amor é imprescindible para os seres humanos. Referirase a todos os tipos de amor (de parella, fraternal, paternal, divino ...)? Estás de acordo con esta afirmación en todos os casos? Coñeces alguén que non ame a ninguén? Fai unha redacción na que comentes o refrán, así como estas preguntas.




8.- Debate. Organizade un debate sobre a actualidade, prexuízo, realidade, etc. dos seguintes refráns:

*O mozo atrevido é da moza o máis querido
e Á muller na casa nada lle pasa.*





5. Refróns da vida e da morte




Refróns da vida e da morte

A vida é breve, afirma o refraneiro: *Hoxe somos, mañá non seremos*. Así que, mentres esteamos neste mundo *Non esquezas que a vida tela perdida*, o que nos dá a entender que debemos tomar as cousas con calma. Daquela, *A boa vida non quere présa*, aínda que observado o acontecer vital decatámonos que *Cada un vive como pode e non como quere*. O refrán *A máis vivir, máis sufrir* advirtenos, con certo senso fatalista, das dificultades da vida.

Non obstante, no refraneiro tamén ten cabida o optimismo: *Ata a morte, todo é vida* ou *Mentres hai vida hai esperanza*, aínda que, por dignidade e decoro, *Vale máis morte calada que pública desventura*. Porén, o refraneiro tamén aconsella vivir a vida sen pensar en morrer porque *Quen teme a morte non desfruta da vida* e que *Pagar e morrer canto máis tarde poida ser*; incluso aconsella que *Quen queira chegar a vello vaia con tento*.

Di un refrán que *A morte é tan certa como a vida incerta*. Efectivamente a morte é certa porque sabemos que *A morte a ninguén perdoa*, daquela, *Morre o rei, morre o papa e de morrer ninguén se escapa*. Neste senso, a morte acada un significado igualitario que se reforza con *Contra a morte non hai casa forte*. A morte tamén é incerta porque *A morte sempre ten desculpa para chegar* e pode aparecer en calquera lugar xa que *Non sabe un onde a ten*.

O refraneiro non aconsella desexarlle a morte a ninguén porque *A quen a morte allea desexa a súa lle chega*. Cando se produce unha morte, pode beneficiar a alguén, así que *Morren os gatos e alégranse os ratos*, ou dito doutro xeito, *Morte duns, vida doutros*. O refraneiro é ambiguo no tocante ao máis alá pois mentres di *Home morto pide rezos e responsos* tamén asegura que *Coa morte acabouse todo*.



5. Refrans da vida e da morte

1.- Escribe ao lado de cada palabra do texto o seu significado.

coidado	amor propio	honestidade nos feitos
mundo despois da morte		rezo polos defuntos

- Responso, _____
- Decoro, _____
- Tendo, _____
- Dignidade, _____
- Mais ala, _____

2.- Escribe palabras da familia lexica de *ventura*.

3.- Fixate no refran *Non sabe un onde a ten*.

- Que figura literaria identificas nel? _____
- Escribe o refran coas palabras ordenadas (s+v+comp.).


- Tratase dunha oracion simple ou composta? De que clase?

- Sublina o suxeito, verbo e complemento da oracion principal. Despois fai o mesmo coa subordinada.

4.- Indica a que calidades da vida se refiren os seguintes refrans.

limitada, breve, dificil, esperanzada
--

- A mais vivir, mais sufrir.* _____
- Hoxe somos, mana non seremos.* _____
- Ata a morte, todo e vida.* _____
- Non esquezas que a vida tela perdida.* _____



5. Refróns da vida e da morte

5.- Completa o cadro con refróns relativos á morte.

MORTE CERTA	MORTE INCERTA

6.- Infórmate e indica que di o refraneiro sobre o máis alá.




7.- No refrón *Morren os gatos e alégranse os ratos* hai dúas metáforas. Completa o cadro.

Termo figurado: VEHÍCULO (A)	Termo real aludido: TENOR (A)
gatos	
ratos	

8.- Debate. O refrón *A morte a todos iguala* indica que, á hora de morrer, todos os humanos somos iguais.

Pero, é o mesmo morrer na indixencia que nun moderno hospital?





6. Refrans do mundo clasico

Ainda que os refrans son populares e anonimos, dalguns deles podemos rastrexar antecedentes no mundo grecolatino, na Biblia e noutras esferas.

O mundo clasico e a denominacion que se emprega para referirmonos as antigas civilizacions grega e romana. Numerosos autores gregos usaban paremias (sentencias, maximas, aforismos...) nas suas obras. Moitas delas entraron no ambito romano, onde adquiriron forma latina, e do latin pasaron as linguas romanicas, entre elas o galego.




Autores latinos tamen empregaron proverbios e outras paremias que chegaron ata nos. Ademais, no latin medieval atopamos numerosos refrans, antecedentes doutros actuais, como *O que cala consente*.

1.- No seguinte cadro podes ver alguns exemplos de refrans con antecedentes no mundo clasico. Completao, indicando se se trata dun antecedente grego ou romano.

REFRAN	FRASE e AUTOR	GREGO/ ROMANO
a. <i>A cara e o espello da alma.</i>	O espello da alma e o rostro e os ollos son os interpretes. (Ciceron)	
b. <i>A bo entendedor, curto falador.</i>	Ao sabio unha soa palabra lle basta. (Plauto)	
c. <i>A quen madruga, Deus axuda.</i>	E bo acurtar a noite e engadir algo dela ao dia. (Seneca)	
d. <i>A grandes males, grandes remedios.</i>	A enfermidades extremas, os ultimos remedios exquisitamente insuperables. (Hipocrates)	
e. <i>A sorte axuda aos ousados.</i>	A fortuna vai a coraxe. (Quinto Ennio)	

2.- Explica o significado dos refrans anteriores.

- a. _____
- b. _____
- c. _____
- d. _____
- e. _____



6. Refr ns do mundo cl sico

Sarna con gusto non pica

As molestias ocasionadas polas cousas que facemos con ilusi n ou que soportamos voluntariamente acept molas con facilidade. Este   o significado do refr n. Ademais, algunhas veces ocorre que esas cousas que pretendemos poden ser unha teima ou un capricho innecesarios e, nestes casos, a ilusi n   como un verdadeiro analx sico que minora as incomodidades que producen os traballos realizados. Esta idea atop mola no poemario *Amores*, do poeta latino Ovidio (43 .a C.- 17 d. C.), onde se di que “a carga faise lixeira se sabe levar ben”.

Unha variante do refr n   *Sarna con gusto non pica, pero mortifica*. Neste caso, ind case que, a pesar de todo, sempre se produce alg n dano ou se sente algunha incomodidade.

3.- Completa a seguinte frase para que te a un significado semellante a *Sarna con gusto non pica*.

non molesta, non avisa, non queda sen facer


O traballo feito con ilusi n _____


4.- Cales dos seguintes refr ns te en un significado semellante a *Sarna con gusto non pica*?

- _____ a. *A carga que con gusto se leva pouco pesa.*
- _____ b. *Algo se ha facer para algo ser.*
- _____ c. *Traballo que se fai con gusto non o sente o corpo.*

5.- Inf rmate sobre a enfermidade da sarna e cruza o que sexa correcto.

- _____ enfermidade da pel.
- _____ contaxiosa.
- _____ ocasionada por un  caro par sito.
- _____ caracter zase pola aparici n de pequenas bochas.
- _____ afecta especialmente aos xeonllos.
- _____ produce comech n.
- _____ tam n se chama ra a.






6. Refrans do mundo clasico

Lonxe dos ollos, lonxe do corazon

Atopamos un antecedente deste refran nunha das Elexas (III, 21, 10) do poeta latino Propertius (s. I a. C.) onde escribe que “o amor na medida en que esta lonxe dos ollos, esta na mesma medida lonxe do corazon”, querendo dicir que a ausencia da persoa amada arrefra o amor e contribue a esquecela.



6.- Que significa no refran *Lonxe dos ollos*? Sinala a resposta verdadeira.

- _____ A ausencia dunha mirada clara.
- _____ A ausencia da persoa amada.
- _____ A ausencia de interese polo amor.


7.- Que sentido ten no refran *lonxe do corazon*? Marca a resposta correcta.

- _____ O amor arrefra ata pode chegar a desaparecer.
- _____ O amor situase lonxe do corazon e pasa ao cerebro.
- _____ O amor hai que buscalo lonxe do lugar.

8.- Daquela, cal e o significado do refran *Lonxe dos ollos, lonxe do corazon*?

9.- Segundo o refran, onde reside o amor? Que funcion se lles reserva aos ollos?

10.- Debate. Hai outros refrans que tenen significado semellante a *Lonxe dos ollos, lonxe do corazon*, como *Ollos que non ven, corazon que non sente*; *Do ver nace o querer e do non ver nace o esquecer* ou *Ao santo que non esta presente, vela non se acende*. Pero, realmente, o amor necesita tanto da presenza do/a namorado/a?. Como influen nisto os novos sistemas de comunicarnos como internet, mobiles, etc.?



7. A Biblia, fonte de refráns




A Biblia, fonte de refráns

A Biblia é o conxunto de libros sagrados que conteñen a doutrina básica do cristianismo. As súas ensinanzas difundíronse durante séculos de xeito reiterado nas catequese e desde os púlpitos a través de prédicas e sermóns. A ampla difusión do catolicismo deu pé a que influíse extraordinariamente no noso saber e nos nosos costumes, tanto no ámbito grecolatino como no anglosaxón. Daquela, non é de estrañar que tamén manifeste o seu impacto no noso refraneiro.

Nas actividades desta unidade danse a coñecer algúns exemplos de mensaxes do Antigo e Novo Testamentos que se corresponden con refráns galegos.

- 1.- No seguinte cadro podes ver algúns exemplos de refráns con antecedentes na Biblia. Realizar un revoltó de ideas para intercambiar opinións sobre o significado dos refráns.

REFRÁN	ANTECEDENTE BÍBLICO
<i>Ninguén pode servir a dous amos e agradar a entrambos.</i>	Ninguén pode servir a dous amos porque aborrecerá a un e amará a outro. (Mateu, 6,24)
<i>De tal pau, tal racha.</i>	Así, toda árbore boa produce froitos xeitosos, a árbore mala dá froitos malos. (Mateu, 7,17)
<i>Ollo por ollo, dente por dente.</i>	Se algún resultase danado, dará vida por vida; ollo por ollo; dente por dente... (Éxodo, 21,24)
<i>Non cuspas ao alto que che pode caer na cara.</i>	Quen lanza unha pedra cara ao alto esta caerá sobre a súa cabeza. (Eclesiástico, 27,25)
<i>O Demo aos seus quiere.</i>	Vós, que sodes ruíns, ben sabedes darlles cousas boas aos vosos fillos. (Mateu, 7,11)



7. A Biblia, fonte de refráns

2.- Le as seguintes citas bíblicas e escribe debaixo o refrán correspondente.

1. Pedide e darásevos. (Lucas, 11,9)

2. Quen busca o perigo nel perece. (Eclesiástico, 3,27)

3. Non deades as cousas santas aos cans nin botedes margaridas aos porcos. (Mateu, 7, 6)

4. Porque reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán e non te decatás da viga que tes no teu propio ollo? (Lucas, 4, 41)

5. Un profeta só carece de prestixio na súa patria e na súa casa. (Mateu, 13, 54)

6. O obreiro merece o seu salario. (Lucas, 10, 7)

a. Santo bo, o de lonxe.


b. Detrás do traballo vén o pago.

c. O que non chora non mama.


d. Vemos a palla no ollo doutro e non vemos a viga no noso.

e. Non lle botes margaridas aos porcos que as fozan.

f. O que con pólvora se divirte, no corpo a sente.



3.- Escribe o significado de cada refrán e explica en que situacións se emprega.



7. A Biblia, fonte de refráns

4.- Cada un dos seguintes refráns ten un significado semellante a algún dos anteriores. Relaciónaos.

1. *Do que non pide, ningún se acorda.*
2. *Vemos as faltas alleas na alforxa dianteira e non vemos as nosas na traseira.*
3. *Santo da pé da porta non fai milagres.*
4. *Obra acabada diñeiro agarda.*
5. *Xogar con lume é moi mal costume.*
6. *O que lava a cabeza da burra perde o xabón e a lavadura.*

a - _____; b - _____; c - _____; d - _____; e - _____; f - _____

O que non traballa non come

A idea deste refrán xa era común entre os hebreos. San Paulo (s. I) recóllea na segunda epístola dirixida aos tesalonicenses (3,10-11) e dilles que “*se alguén non quere traballar, que tampouco coma. Porque oímos que algúns de vós andan desordenadamente, sen traballar en nada, pero entremeténdose no alleo*”.

5.- Marca a frase que mellor define o significado deste refrán.


- _____ a. Advirte que cada persoa debe esforzarse para lograr o sustento.
- _____ b. Afirmo que, se non se traballa, xa non fai falta comer.
- _____ c. Di que, sen comer, non se pode facer o traballo.

6.- Escolle os refráns que sexan sinónimos de *O que non traballa non come*

- _____ a. *Na terra do meu home, o que non traballa non come.*
- _____ b. *Quen non traballa non ten (nin) migalla.*
- _____ c. *Máis fai quen quere ca quen pode.*

7.- Coloquio. O refrán *Vemos a palla no ollo doutro e non vemos a viga no noso* ten as súas raíces no Novo Testamento (Mateu 7, 3 e Lucas 6, 41). Existen moitos casos nos que se pode aplicar o refrán. Buscade información na historia, na vida ordinaria, na política, etc. e organizade un coloquio onde cada un expoña as súas pesquisas e as súas conclusións.





8. Outros refráns con raíces

O bispo de Santiago, espada e báculo

Este vello refrán fai referencia ao poder da igrexa, en concreto dos prelados de Santiago, durante o medievo. Os bispos e arcebispos interviñan na política e o mesmo empuñaban o báculo, símbolo da súa autoridade espiritual, que botaban man da espada para loitar contra os seus inimigos: normandos, musulmáns ou fregueses rebeldes.

San Rosendo (907-977) loitou contra os normandos invocando o nome do Señor e o bispo Sisnando II (...-968) morreu combatendo contra outra vaga de normandos que entraran pola ría de Arousa. Pero, se cadra, a mostra máis evidente de mestura de relixión, poder político e armas sexa Diego Xelmírez, bispo e arcebispo de Santiago durante boa parte do século XII.



1.- Onde podemos situar os antecedentes deste refrán?

_____ Na historia.

_____ Na relixión.

_____ Nun conto.

2.- Explica o significado de:

a. prelado, _____


b. báculo, _____

c. normando, _____

d. fregués, _____

3.- Elabora un traballo que recolla datos de tres prelados de Iria e Compostela: Sisnando, Cresconio e Xelmírez. Axúdate do cadro. Despois fai unha valoración global daquel ambiente medieval.

Prelado (cronoloxía)	Orixe social e económica	Labor eclesiástico	Participación en política	Participación en loitas
Sisnando				
Cresconio				
Xelmírez				



8. Outros refráns con raíces



A cada porquiño chégalle o seu san Martiño

Este refrán alude á matanza do porco que, tradicionalmente, adoita comezar arredor do 11 de novembro, festividade de san Martiño. Nun principio actuaba como un recordatorio do labor que había que facer nesa época do ano.

Actualmente prevalece grazas ao seu sentido metafórico, vindo a significar que as persoas que obran mal, tarde ou cedo, chégalles o seu castigo.


1.- Onde podemos situar os antecedentes deste refrán?

_____ nunha lenda. _____ nunha tradición. _____ nun conto.

2.- En que época do ano se realiza a matanza do porco?

3.- Que significado tivo o refrán na súa orixe? E actualmente?

4.- Busca outros refráns referidos ao porco e á matanza.




8. Outros refráns con raíces

Un refrán inspirado na pesca

O mascato é unha ave mariña de gran tamaño, de cor branca con manchas negras no bordo das ás.

O peteiro, longo e forte, tamén ten manchas negras no principio. Aliméntase de peixe, especialmente sardiñas, polo que a súa presenza no mar, lanzándose desde o alto para pescar, é sinal de abundancia de sardiñas e aviso de que os mariñeiros poden saír a faenar.



1.- Responde:

a. Que é un mascato? De que se alimenta? Como pesca?

b. Como interpreta a xente mariñeira a presenza de mascatos no mar?

c. Que refráns recollen mellor o significado deste relato.

_____ 1. *Coitada da sardiña que todo o peixe a come.*

_____ 2. *Se o mascato ves voar e tirar, vai alí pescar.*

_____ 3. *Se ves o mascato voar, busca a sardiña no mar.*

• Escribe outros refráns que teñan os seus antecedentes na pesca.

2.- Debate. A vida do mariñeiro. Deixar a familia, perigos do mar, etc. Sempre que se poida recorrer a refráns, por exemplo, *As estrelas a brillar; mariñeiros para o mar; Coñécese o mariñeiro cando vén a tempestade, Lúa deitada, mariñeiro en pé, O mariñeiro ao saír para o mar non sabe o que vai pasar; A mariñeira, nin casada nin solteira.*

4. SUXESTIÓNS E RESPOSTAS



4. SUXESTIÓNS E RESPOSTAS

a. ACTIVIDADES XERAIS

a. 1. Recollida de refráns. Suxestión de actividades previas

- a. Achegarse ao significado dun refrán facendo un pequeno coloquio.

Un supoñer: *O que cala consente.*

Cada docente pode animar o debate facendo preguntas. Por exemplo:

- Quen oíu este refrán algunha vez? En que contexto?
- Que significado ten para ti o refrán?
- Estás de acordo coa mensaxe que contén?
- Quen coñece algunha anécdota á que se poida aplicar este refrán?
- Sabes dalgún refrán que teña significado afín? E oposto?

- b. Opinar sobre a mensaxe dun refrán. Actividade preferiblemente oral.

Por exemplo: *A palabra é prata, o silencio é ouro.*

Motivarase a intervención do alumnado con preguntas como:

- Que valora máis o refraneiro falar ou estar calado?
- O que moito fala é sempre o que máis razón ten?
- Estás de acordo co enunciado deste refrán?
- Quen sabe doutros refráns que transmitan esta mesma idea?
- Propoñede situacións nas que se poidan empregar.

c. Explicar e entregar unha ficha para a recollida de refráns.

FICHA DE RECOLLIDA DE REFRÁNS	
Alumno /a: _____ Curso: _____	

REFRÁN	
VARIANTES	
SIGNIFICADO	
USO	
ORIXE	
OUTROS DATOS	
INFORMANTE: nome, idade, profesión, lugar.	

a. 1. Recollida de refráns. Solucións

1. a, maquia; b, autoridade; c, lebre; d, frouxo.
2. Alude a que en calquera momento pode sucedernos algo repentino e inesperado, utilizando a lebre como símil pola súa axilidade. Un refrán de significado semellante pode ser *O que non sucede nun ano sucede nunha hora*. Actividade libre.
Para este refrán e para os outros da actividade 1, pódense organizar coloquios semellantes aos propostos anteriormente nas suxestións a. e b.
3. a-2; b-4; c-3; d-1.
4. Os males pasan, non duran sempre.
5. a-2; b-3; c-4; d-1.
6. a-2; b-3; c-4; d-1.
7. 1-d; 2-c; 3-b; 4-a; 5-e.
Pódense aproveitar estes refráns para iniciar os alumnos no significado metafórico.
8. *A cabra tira ao monte*.
SENSO LITERAL: A cabra, pola súa inclinación natural, tende a andar por terreos escabrosos e lugares difíciles que o refrán sintetiza na palabra monte.
SENSO METAFÓRICO: Expresa que calquera persoa actúa, normalmente, de acordo coa súa condición natural e coas súas orixes.
9. *O que quere besta sen chata, a pé anda*.
SENSO LITERAL: O que busca unha besta perfecta dificilmente a vai atopar por ser practicamente imposible que non teña un defecto aínda que sexa pequeno. Daquela, terá que ir andando. Pénsese no momento en que se orixina o refrán.
SENSO METAFÓRICO: As persoas excesivamente esixentes analizan tanto as decisións (elixir amizades, amores ou obxectos) que poden quedarse sen nada. Tamén se usa para criticar a quen sempre ve problemas diante dunha decisión tomada ou por tomar. En definitiva, como non hai persoas, cousas nin solucións absolutamente perfectas, o que busca esa perfección pode pasar toda a vida sen atopala.
10. a -2; b -3; c -4; d -1.
11. - *Vale máis calar que mal falar*. Invítanos a ser discretos cando falamos.
- *Auga que non has de beber déixaa correr*. Aconsella non perder o tempo en asuntos que non nos interesan nin en cousas que non imos precisar nin usar.
- *Do dito ao feito vai un treito*. Ás veces, existen diferencias entre o que se di e o que se fai. Aconsella non confiar plenamente en promesas, en especial, nas difíciles de cumprir.
- *Cando un non quere, dous non rifan*. Cando se desexa a concordia, non se inician disputas polo que se recomenda calma.
- *Pecado oculto, medio perdoado*. Calquera falta feita sen escándalo ten menos castigo. Tamén expresa que recoñecer a culpa pode levar a una atenuación da pena.
12. Constancia: 1, 3, 7, 9; Avaricia: 2, 4, 8; Pobreza: 5, 6, 10, 11.
13. Amor: 6, 8; Amizade: 1, 7; Agricultura: 2, 5; Familia: 3, 4.
14. Orde: 3, 7, 8, 1, 6, 2, 4, 5, 9.
15. a-2; b-1; c-3; d-4.
16. Solución, segundo o texto.

a. 2. Traballando cun refrán

1. - a. Que se queimou cun líquido moi quente.
 - b. Escapa correndo.
 - ...que se se escalda con auga a ferver, escapa correndo...
2. b.
3. a, c.
4. Presentación: *Gato escaldado*. Termo: *da auga fría foxe*. Sílabas: 5+6=11. Non.
5. *Gato escaldado / da auga fría foxe*
 ESTRUTURA: Bimembre.
 N° DE SÍLABAS: 5+6=11.
 RIMA: Non.
 RITMO: Case regular.
6. a, b, d.
7. R. posible. O refrán e a frase de Ovidio transmiten a mesma idea: calquera persoa que tivo unha mala experiencia vólvese precavida, ás veces en exceso, para non volver pasar por unha parecida situación desagradable.
8. Gato escaldado foxe da auga fría. S: gato escaldado; V: foxe; C Pr.: da auga fría. Núcleo do suxeito, gato. Oración simple, afirmativa, intransitiva.
9. Substantivos: *gato, auga*; adxectivos: *escaldado, fría*; preposición *de* + art. *a*: *da*; verbo: *foxe*.
10. Presente de indicativo: Fuxo, foxes, foxe, fuximos, fuxides, foxen.
 Resposta posible: bulir, cubrir, cuspir, subir, pulir, tusir, lucir, durmir etc.
11. Resposta posible: can, porco, vaca, ovella, raposo, lobo, elefante, morcego, balea...
12. Tachar: agudo, autobús.
- 13.
- | palabra | separa as sílabas | n° sílabas | clase de palabra |
|------------------|-------------------|------------|------------------|
| <i>gato</i> | ga-to | 2 | bisílaba |
| <i>escaldado</i> | es-cal-da-do | 4 | polisílaba |
| <i>da</i> | da | 1 | monosílaba |
| <i>auga</i> | au-ga | 2 | bisílaba |
| <i>fría</i> | frí-a | 2 | bisílaba |
| <i>foxe</i> | fo-xe | 2 | bisílaba |
14. - As dúas son palabras graves rematadas en vogal, daquela, pola norma xeral non deberían levar til. Pero *fría* lévao para marcar o hiato, xa que a sílaba tónica é “i”.
 - Gatos escaldados das augas frías foxen.
 - (de), auga, foxe.
15. R. posible. 1. animal mamífero doméstico. 2. ferramenta do cubeiro. 3. utensilio para elevar automóviles ou cousas pesada.
16. a-2; b-3; c-5; d-4; e-6; f-1.

17. 1-d; 2-a; 3-b; 4-c.

18. Debate libre.

Suxestión. Con este refrán poderían establecerse dous centros de interese, un arredor do *gato*, outro, da *auga*. Daquela, ademais das actividades anteriores, poderían establecerse outras referentes aos seguintes contidos.

1. O gato, animal mamífero. Os mamíferos

- características (morfoloxía externa, alimentación, respiración e circulación, locomoción...).
- clases de mamíferos.
- o gato, animal doméstico. Outros animais domésticos.
- o gato na literatura, no cine e na música (“O gatopardo”, “A gata sobre o tellado de zinc”, “O gato con botas”, “Gato montés”...).
- supersticións e mitoloxía do gato (gato negro, mala sorte; tragar pelo de gato, contraer epilepsia; tocar crías de gato, coller a tiña; os gatos teñen sete vidas...).

2. A auga

- composición, propiedades, estados, ciclo...
- importancia e utilidade da auga.
- augas continentais, augas mariñas, auga salgada, doce, potable...
- mitoloxía e supersticións arredor da auga (a auga lava males e pecados, cidades assoladas, tomar nove ondas no mar dá fertilidade ás mulleres, sartegos pétreos flotan no mar...).
- a auga na literatura, no cine e na música (“Ondas do mar de Vigo”, “O lago dos cisnes”, “Mareas vivas”, “Lago azul”, “Augas tranquilas”, “A nena e o mar”...).

a.3. Reciclaxe de refráns

1. R. posible. Herba mala, comida de cabaleiro; Non ten que comer e vai tremendo; Quen dá primeiro, as mans unta.
2. R. posible. Para veres a Renata, ponte de prata; Fai choios e tiraranche os ollos. Cando non chove, tempo alegre; Fume de loureiro, enche o cabaceiro. A moitos compradores, ganancia de pescadores.
3. R. posible. ...ollo ao cadrado; ...reloxo que se perde; ...abriuse a porta; ...non é xordo.
4. R. posible. Ao bo tempo, mala cara. A Deus dando e co mazo rogando. Bótate boa sona e colle a durmir. Quen molle o peixe que queira o cu.
5. R. posible.
 - a. A letra con cores entra.
 - b. Antes de mal pensar, a verdade investigar.
 - c. En calquera día, fai o que poidas con alegría.
 - d. Gato negro na ventá, á espreita do rato está.
 - e. Home faladeiro busca compañeiro.
6. R. posible. O que sabe ler vai a Roma. En xaneiro arde un petroleiro. Por un parafuso pérdese unha roda. Vale máis un euro na man que mil no aire.
7. Resposta libre. Hoxe considerámoslos inadmisibles por termos outra visión do mundo, da xustiza, da sociedade, da educación etc.
8. Respostas posibles.
 1. O refrán revela a importancia da muller nunha casa, non obstante convén destacar que a muller, igual que o home, tamén poder ser relevante noutros aspectos da vida.
 2. As relacións sociais deben basearse no respecto e na reciprocidade, independentemente do xénero das persoas que as establecen. No caso de relacións amorosas, tendo en conta o sometemento histórico das mulleres ao desexo masculino, débense respectar e aceptar as súas decisións escrupulosamente.
 3. O refrán atribúelle o bo goberno dunha casa á muller. Os homes tamén deben contribuír, e de feito algúns contribúen, á organización da casa (decoración, limpeza, alimentación...). E non esquecer que a muller ten capacidade para “gobernar” outros ambientes diferentes do doméstico.
 4. Unha das claves da estabilidade dunha parella, heterosexual ou homosexual, é que un dea seguridade ao outro.
 5. Efectivamente, a muller inflúe no home, pero o home tamén inflúe na muller. O bo é que ambas influencias sexan positivas.
9. a. Hipócrita, b. Falsa, c. Larapeteira, d. Voluble, e. Ignorante, f. Pecadora.
A falsidade destes refráns é obvia. Tamén hai homes hipócritas, falsos, larapeteiros, volubles, ignorantes, pecadores... É dicir, mulleres e homes podemos ser bos, malos, avarentos, magnánimos, fieis, infieis..., virtudes e defectos que nada teñen que ver co xénero das persoas.
10. Segundo os resultados. Convén explicar que hoxe fanse previsións meteorolóxicas cun alto grao de fiabilidade, grazas a modernos medios técnicos. Con todo, aínda se cometen erros. Non é de estrañar, pois, que os refráns, froito da simple observación, tamén os teñan.
11. *Ao mal tempo, boa cara; A quen madruga, Deus axuda; En boca pechada non entra mosca; Contigo, pan e cebola; Quen mal anda, mal acaba; Cria corvos e comeranche os ollos; Non te deitarás sen saber unha cousa máis; Cando o río soa, auga leva; O que non chora, non mama.*

a. 4. Significado e uso dos refráns

1. a. Debemos ser dilixentes no traballo. b. Os libros hai que abrilos, lellos e aprender deles.
2. 1-d; 2-a; 3-b; 4-c.
3. a. ...*bocado que perde*. b. *Vasoira nova...* c. ...*dentes*. d. ...*descansada...*
4. a-2;b-1; c-4; d-3.
5. Resposta posible. 1. ...non hai negocio. 2. ...nunca hai sorte. 3. O que se ignora...
4. ...navegar. 5. ...entra o esquecer. 6. Do que non se le...
6. Ver resposta posible no seguinte cadro.

	SENSO LITERAL	SENSO METAFÓRICO
a.	As noces fan moito ruído.	Aplicase a algo ao que lle damos máis importancia da que ten ou que non responde ás expectativas.
b.	As moscas van mellor ao mel que ao fel.	Para atraer a vontade de alguén é mellor empregar bos modos.
c.	Unha mala abella pode alporizar unha colmea.	Alude á influencia negativa das malas compañías.
d.	En todos os sitios, o pan (trigo, centeo...) bota espigas.	En todos os sitios pode haber atrancos, problemas e desgustos.
e.	Cada paxaro canta dun xeito que nos permite identificalo.	Polos feitos coñécese a condición das persoas.
f.	O que é capaz de facer un cesto, pode facer máis.	O que sabe facer un labor pode repetilo as veces que queira.

7. Resposta posible. a. A pobreza trae tristeza a homes mulleres. b. Só se valora a saúde cando se está enfermo. c. O que fai mal pensa que todos o fan. d. Nalgunha parte do corpo ou no modo de ser parecémonos a alguén da familia.
8. Facilitade para facer algo: 2, 3.
Importancia da calidade: 4, 6.
Conveniencia de beber á comida: 1, 5.
9. *Home pobre, todo é mañas.*
10. *O que cala amola a quen fala.*
11. 1-b; 2-c; 3-d; 4-a.
12. R. posible. a. *Casa composta, morte á porta*. b. *Quen promete en débeda se mete*. c. *Tales terras, tales nabos*. d. *Contra a morte non hai remedio, pero a morte é un remedio*.
13. 1-c; 2-d; 3-b; 4-a.
14. R. modelo. a. *O que a lonxe vai casar, tacha leva ou vai buscar*. b. *O bo pano véndese na arca, o malo verse quere*. c. *O hábito non fai o monxe*. d. *O que non monta a cabalo nunca del cae*.

15. a-2; b-3; c-4; d-1.

16. a. burro; b. millo; c. galiña; d. viña; e. centeo; f. raposo.

17. Resposta, segundo resultados.

18. Ver a solución no cadro seguinte.

Q	U	E	N	Z	N	V	O
B	N	L	U	Q	O	E	P
P	R	E	G	U	N	T	A
R	D	E	B	E	O	S	T
F	G	H	D	R	N	M	I
Q	U	E	R	E	O	Z	O
F	G	L	T	I	N	N	C
O	Z	X	C	Q	U	E	S
N	M	L	N	H	E	F	E

19. 1. nunca; 2. chove; 3. a; 4. gusto; 5. de; 6. todos. O que resulta aceptable para uns pode non selo para outros.

20. Debate libre.

a.5. Algunhas características dos refráns

1. *Caldo sen pan / dáselle ao can. Uns levan as noces / e outros as voces. Auga que non has de beber / déixaa correr. O que ten cu / ten medo.*
2. *Ao boi vello non lle busques abrigo. Cando un non quere, dous non rifan. Comíchesme a carne, róeme os ósos. Onde fores, fai como vires.*
3. *O emprastado é parente do dado. Dádivas e boas razóns amolecen pedras e corazóns. Pecado oculto é medio perdoado. O que dá o que ten, a pedir vén.*
4. *Quen traballa non ten nugalla. Garda que comer e non gardes que facer. Ao mal tempo, boa cara. Pasiño a pasiño, faise o camiño.*
5. Bimembres, 3, 5, 6.
Non bimembres, 1, 2, 4.
6. Resposta posible. A quen le mellor, réndelle máis o estudo. Cal comes, tal pagas. Polo cheiro, sábese o xantar. O que fai mal, non espera ben.
7. R. posible. a. Vacacións longas, corpo cansado. b. O milmañas todo amaña c. A máis viaxe, máis peaxe. d. O que fai unha casa de todo lle pasa. e. Adestrador novo, partido gañado.
8. Asonante: a, e, f.
Consonante: c, d.
Sen rima: b, g.
9. R. posible.

Asonante:
*Quen leva presa, no bo camiño tropeza.
Se queres chegar a vello, faite vello cedo.*

Consonante:
*Polo pan baila o can.
Non hai atallo sen traballo.*

Sen rima:
*A corda creba sempre polo máis frouxo.
O amor dos burros entra a couces e a dentadas.*
10. a: $7+6=13$; b: $8+8=16$; c: $5+4=9$; d: $5+6=11$.
11. Ver cadro.

	a	b	c	d
estrutura	bimembre	bimembre	bimembre	bimembre
nº sílabas	$10+8= 18$	$8+8= 16$	$5+5= 10$	$8+7= 15$
rima	asonante	consonante	asonante	consonante
ritmo	irregular	case regular	regular	case regular

12. R. posible. Convén; é considerada; poñerlle; botarlle.
13. R. posible. Non hai, acompañalos con, son, vaticina.
14. c, b, e. R. posible. A boa terra está de lado da serra. En agosto comeza a dar o frío no rostro. A pequeno pote resulta pequeno guisote.
15. a. Aliteración e xogo de palabras. b. Anáfora. c. Asíndeto. d. Hipérbato. e. Comparación e ironía. f. Metáfora. g. Metonimia e personificación. h. Personificación.
16. a. O louco sabe máis na súa casa que o cordo na allea. b. Non deas pan de millo ao teu fillo. c. Non debes ter segredos para a túa muller. d. A vella está morrendo e está aprendendo. e. O tempo tráeo todo e lévao todo.
17. Resposta posible.
- A cabalo cansado, que traballe o amo.
 - Cal traballes, cansarás.
 - Por san Xoán, á festa van.
 - Quen mal anda, chega tarde.
18. Debate libre.

a. 6. Orixe e universalidade do refraneiro

1. a-5; b-2; c-3; d-4; e-1; f-6.

2. a-4; b-1; c-6; d-2; e-3; f-5.

3. a-4; b-2; c-3; d-1.

4. a-3; b-1; c-4; d-2; e-5.

5. a-5; b-1; c-2; d-3; e-4.

Ás veces, ocorre que os beneficios van para os que non traballaron para conseguilos. Tamén se refire a que a alguén apónselle algo negativo cando en realidade outros fan o mesmo e pasan por bos. Neste caso, refírese máis ben a aspectos morais.

6. a-3; b-2; c-4; d-1.

7. a-2; b-3; c-4; d-1. Significados: 1-b; 2-e; 3-c; 4-d; 5-a.

8. a-4; b-3; c-2; d-1.

9. a-3; b-1; c-5; d-2; e-4; f-6.

10. a.4; b-1; c-2; d-3.

1. As persoas excesivamente tenaces e, se cadra, tamén maliciosas dificilmente atenden a razóns por moito que se lles explique.

2. Á hora de falar debemos ser prudentes e discretos.

3. Dá un valor excesivo ao diñeiro.

4. Aconsella quedarnos co que temos seguro, aínda que sexa pouco e non aventurarnos en algo que non é seguro que o consigamos.

11. Debate libre.

a. 7. Os refráns nas clases de lingua galega

1. a. *Sola* (castelanismo). Soa. b. *Vrau* (dialectalismo e vulgarismo) verán; *abundoso* (castelanismo) abundoso. c. *Millor* (vulgarismo) mellor. d. *Paloma, torcaz, soilo* (castelanismos e vulgarismo). A pomba torcaza só a mata un rapaz. Perde rima e ritmo.
2. 1. *maus*, dialectalismo, mans.
2. *ouvellas*, hiperenxebrismo, ovellas.
3. *conocido*, castelanismo, coñecido.
4. *craba*, vulgarismo, cabra.
3. Gheada: amighos, amighos, algo, augha. (amigos, amigos, algo, auga). Seseo: bendisen, serto, siensia, pasiensia, esperiensia. (bendicen, certo, paciencia, ciencia, experiencia). A gheada é válida na fala. Fálase con gheada nas provincias da Coruña e Pontevedra e as zonas occidentais das provincias de Lugo e Ourense.
4. R. posible.
- Ten coidado que vas caer da estada, Tomé!
 - Descoida, *herba ruín non periga*.
 - Pero, *coñecido o dano, fuxilo é "sano"*. Así que amárrate ben e, se ves que tal, baixa de aí con coidado.
 - Eu sempre aplico aquilo de... *o que non se arrisca non cruza o mar*.
 - Mira Tomé, *non as fagas, non as temas*, porque xa sabes que *ao seguro non o levan preso*.
 - Eu sei que *o medo garda a vida, pero o boi tira do arado, mais non é do seu agrado*, así que eu teño que facer este choio porque preciso gañar uns cartos.
 - Como ti queiras, pero *a confianza, moitas veces, mata o home*. Non te despistes.
 - Que me vas dicir a min!
5. Resposta libre.
6. Resposta libre.
7. *O que todo quere, todo perde. Máis vale onza de prudencia que ferrado de ciencia.*
8. Actividade libre.
9. a. O máis listo pode equivocarse. b. Os insultos non van moi lonxe. c. Como uns poñen alcuños, os outros tamén.
10. a. efectivamente; b. así que; c. pero, d. ademais.
11. a: aliteración; b: anáfora; c: asíndeto; d: polisíndeto; e: hipérbato; f: metáfora; g: comparación; h: metonimia; i: personificación e metáfora.
- 12.

Termo figurado: VEHÍCULO (A)	Termo real aludido: TENOR (B)
<i>O hóspede e o peixe</i>	Calquera persoa que vai de visita a unha casa.
<i>aos tres días</i>	Despois dun tempo prudencial.
<i>feden</i>	Molesta.

13. a. Os paxaros non se collen a pedradas.
 b. Quen non cansa alcanza algo.
 c. O pan faise amasando.
 d. Cereixas e mentiras tiran unhas das outras.
 e. Os desenganos veñen cos anos.
14. Recomenda ter calma e esperar o momento oportuno para actuar ou conseguir algo.

Hipérbato. As uvas maduran co tempo.

S V Comp.

 PV

Oración simple, afirmativa, intransitiva.

Significado semellante: a., b., d.

15. a. *Pensa o ladrón que todos son da súa condición.* b. Resposta libre. c. Actividade libre.
16. a-2; b-4; c-1; d-3; e-5.
17. a-2; b-1; c-5; d-3; e-4; f-6.
18. a-2; b-1; c-4.
19. *O leite e o viño fan do vello mociño.* Refrán de dubidosa mensaxe que apunta que o leite e o viño benefician a saúde da xente maior.
20. 1-b; 2-c; 3-e; 4-a; 5-d.
 a. lh.
 b. longe/lonxe. corazón/corazón. lavam/lavan. ric'omen/rico home. vassalo/vasalo.
 c. De amor, de amigo, de escarnio e maldicir, relixiosas.
 d. Libros que recollen poemas de distintos poetas da época medieval.
 e. Afonso X, o Sabio. Relixiosas.
21. Debate libre.

a. 8. Os refráns noutras áreas do currículo

1. a. (1) O trigo, centeo... deben sementarse en terreo chan, mentres que as patacas, en inclinado. (2) Para obter boas colleitas convén cavar profundamente. (3) Se se sementa moi mesto, obtense pouco froito. (4) Ao botar as patacas, convén non enterralas moito. (5) A horta dará bos froitos se se esterca ben. (6) O tempo atmosférico inflúe máis nas colleitas que o traballo do labrego. (7) Ao segador réndelle máis o traballo se vai acompañado doutra persoa que lle ate os monllos.
- b. Coñecer a época de sementar/plantar e a terra axeitada.
- c. Inclínados/planos.
- d. Sementando/plantando separado. As patacas poñelas pouco profundas.
- e. O refrán dálle máis importancia ao tempo que ao traballo do labrego.
2. a. Refráns: b, c, d, e.
- b. *Fillos criados, traballos dobrados.* As preocupacións dos pais polos fillos, aumentan a medida que estes medran, pois son maiores os problemas aos que se enfrontan.
- Garda de mozo e terás de vello.* Aconsella economizar de novo para pasar unha vellez feliz.
- Hai que gardar das risas para as choras.* Semellante ao anterior, pero aquí aconsella gardar nos bos momentos para saír de futuros apuros.
- Con afán gáñase o pan.* Para conseguir algo, os alimentos tamén, é preciso traballar e, ás veces, esforzarse.
- O traballo non deshonra a ninguén.* Gañar a vida traballando é honra para quen o fai.
- Un polo outro, a casa sen varrer.* Cando algo queda sen facer, é frecuente que ninguén asuma o traballo e se culpe a outro do incumprimento. Así que todos pensan que era misión doutro e non cousa súa.
- c. Posible comentario.
- A formiga é traballadora e previsora. Pero non é solidaria. Adopta unha postura moi rixida. A pesar de todo, se a cigarra se atopa nunha situación límite, debería axudala.
- A cigarra, como é o seu natural, descansa durante o verán. Non lle fai falta ter reservas para o inverno, porque vive moi pouco tempo como adulto. Entre nós case todas morren no outono.
- Por outra banda, a formiga ten mandíbulas, mentres que a cigarra ten un pico chupador, de aí que os hábitos alimentarios de ambos insectos sexan diferentes, polo que dificilmente poden compartir alimentos. Porén, o relato é unha fábula, non ten porque cingirse á natureza das cousas, pero dela pódense tirar ensinanzas.

3. a. Alude aos beneficios que proporciona a cría do gando que logo se vende na feira, á que vai polo seu pé.
 b. O que non ten carro nin apeiros de labranza nin bois vese obrigado a pedilos prestados para facer os seus traballos do campo. Pero é evidente que llos prestarán antes ou despois da época óptima de plantar/semear.
 c. Refírese ás condicións mínimas con que se ha de atender o gando.
 d. Os bois que traballan merecen comer polo que se lle deben facilitar os alimentos suficientes.
 e. Indica que a carne de porco constitúe un parte considerable da alimentación campesiña, ata o punto de considerala como unha medicina que prevé enfermidades.
 f. A importancia do esterco para os cultivos é comparable a unha boa sachadura do terreo.
4. 1-b; 2-c; 3-d; 4-e; 5-a.
5. a-2; b-4; c-5; d-3; e-1.
6. Localidades, no mapa.
7. a-2; b-3; c-1.
8. 1-b; 2-d; 3-e; 4-c; 5-a. Comentario libre.
9. 1-a; 2-b; 3-c; 4-d; 5-e; 6-f; 7-g.
 a) R. posible: non, xustiza.
 b) e c) respostas libres.
10. a-4; b-5; c-6; d-7.
 a. Ás veces, hai amigos que non aceptan que lles digan a verdade cando lles afecta a eles.
 b. Dá a entender que se debe axudar aos demais, pero na debida proporción, sen que nos cause quebranto.
 c. Avisa dos problemas que poden ter as persoas que se relacionan con outras de mala condición.
 d. Ás veces, ocorre que, cando a alguén lle sucede unha contrariedade, outras lle veñen a continuación.
11. Resposta libre.
12. Resposta libre.
13. Debuxo libre.
14. 1-f; 2-d; 3-c; 4-b.
15. R. posible.
 1. *Ao home ousado, a fortuna pónselle ao lado.*
 2. *Aquí te collo, aquí te esfolo.*
 3. *Dúas aves de rapina non (se) gardan compañía.*
 4. *A pan de quince días, fame de tres semanas.*
16. 1-b; 2-c; 3-a; 4-d.
17. R. posible.
 1. *Dádivas e boas razóns amolecen pedras e corazóns.*
 2. *Vale máis pouco que nada.*
 3. *Despois da tempestade vén a calma.*
 4. *O peixe grande come o pequeno.*

18. 1-d; 2-e; 3-c; 4-a; 5-b.

19. a-3; b-2; c-1; d-4.

- a. As persoas intelixentes e de boa vontade comprenden axiña o que se lles quere dicir, sen necesidade de moitas explicacións.
- b. Aconsella non meterse na vida nin nos asuntos dos demais.
- c. Unha persoa baixo os efectos do alcohol, di o que non diría se estivese sobrio.
- d. Aconsella que os asuntos, especialmente os complicados, sexan analizados por máis dunha persoa.

20. a-3; b-1; c-4; d-2.

21. a. Cando xorden dúbidas ou se enfría a amizade, é aconsellable ser flexibles e manter a relación, aínda que non exista a confianza de antes.

- b. *De amicitia*. Cicerón: *Amicitiae dissuendae magis quam discindendae*. (As amizades deben descoserse pouco a pouco e non rachar dunha vez).

22. a-1; b-2; c-4; d-3.

23. Debate libre.

b. ACTIVIDADES POR ETAPAS**b. 1. Ed. Infantil**

Ver suxestións ao comezo de cada unidade.

b. 2. Ed. Primaria. 1º / 2º cursos*1. Non é ouro todo o que reloce***Suxestións**

- Podemos botar man deste refrán cando tratemos temas como os metais ou os sentidos, así como para argumentar a necesidade de estar atentos ao que ocorre ao noso arredor para evitar equívocos, pois, en certos casos, os sentidos engánannos.
- Comentar a lámina: nomes: mata, flores, recanto, camiño...
adxectivos: fermoso, grande, boas... verbos: pasear, ver, levar, decatarse...
- Recordar que o ouro é un metal de cor amarela e brillante, moi prezado, co que se fan xoias. Advertir que hai obxectos que brillan como o ouro, pero non son de ouro. Poñer exemplos e, se é posible, mostrar obxectos que confirmen o que dicimos.
- O refrán aplícase cando se quere manifestar que algo non é tan fácil como poden pensar os descoñecedores do asunto; ensínanos que algúns negocios non son tan rendibles como aparentan; avísanos de que non todo o que parece bo é realmente tan bo. Iso debe levarnos a ser precavidos, pero non a ser desconfiados.
- Outros refráns de significado semellante son:
 - *A moita cortesía é, moitas veces, falsía.* (aparencia de bondade, hipocrisía)
 - *Moita fachenda e pouca riqueza.* (aparencia de riqueza)
 - *Ave de moita pluma pouca carne ten.* (aparencia de contido)
 - *A cara lavada e a casa cagada.* (aparencia de traballo)

Solucións

1. Cun can; espazo pequeno e apartado; fermosas; non; porque murcharon axiña.
Non é ouro todo o que reloce.
2. As cousas non sempre son como parecen.
Non hai que fiarse das aparencias.
3. *Debaixo do mel hai moitas veces fel.*
Non son todos reiseñores os que cantan entre as flores.
4. Resposta libre.
5. R. posible. Nomes: camiño, ramos, canciño. Adxectivos: preciosa, feas, boas.
Verbos: paseaban, viu, coller.

2. Na necesidade vese a amizade

Suxestións

- Para traballar a amizade e o compañeirismo, calquera tempo escolar é bo. Non obstante, adoitan ser momentos idóneos as sesións de titoría e cando se trata a paz, a familia, o colexio, as relacións sociais en xeral.
- *Na necesidade vese a amizade* parece inspirado no proverbio latino “Amicus certus in re incerta cernitur” (O verdadeiro amigo coñécese na fortuna incerta).
- Explicar que o refrán indica que os verdadeiros amigos son os que están ao noso lado nos momentos difíciles. Isto non debe levarnos a esixirilles moito, pois mesmo o refraneiro fala de que *Ao amigo e ao cabalo non hai que cansalos* e que *Ao amigo hai que aturalo co seu vicio*.
- Outros refráns relacionados coa amizade son:
 - *Quen me quere ben dáme o que ten.*
 - *Máis vale amigo na praza que diñeiro na arca.*
 - *No perigo coñécese o amigo.*
 - *Os amigos son para as ocasións.*
 - *Cando un amigo pide, non hai mañá.*
 - *O amigo leal faiche compañía no ben e no mal.*
 - *Será teu amigo, o que te tire do perigo.*
- Se fose oportuno, comentar outros refráns que nos avisan dos falsos amigos:
 - *Desde que teño ovellas e crías, todos me dan os bos días.*
 - *Amigo da taberna, amigo da merda.*
 - *Amigo de moitos e amigo de ningún, todo é un.*

Solucións

1. Saír do seu sitio un tendón ou un óso. Levantar. Ter moita dor.
2. Paulo: cae, manca un pé.
Xacinto: ergue a Paulo, límpalle as feridas, axúdalle a chegar á casa.
3. Si. Porque o axudou cando tivo unha necesidade.
Na necesidade vese a amizade.
4. Quérense, divírtense, axúdanse. Verbos.
5. Resposta posible. Chuvia, pé; Xacinto, Paulo; mollado, difícil.

3. Por san Xoán, a sardiña pinga o pan

Suxestións

- Este refrán préstase para traballar cando se traten as festas anuais, os peixes ou os animais en xeral e os alimentos.
- Observar o debuxo e comentar como se asan sardiñas e como se poden comer sobre o pan.
- Destacar a actitude de Tereixa que, malia pensar que non lle gustaban as sardiñas asadas, próbaas e remata coméndoas e mesmo sabéndolle ben.
- Insistir en que debemos comer de todo e con moderación.
- Aclarar que, desde o punto de vista cronolóxico, san Xoán é un período de tempo indeterminado arredor do día do santo. Tamén pode entenderse como o mes de xuño.
- Explicar o significado do refrán. Se se considera oportuno, falarlles de como a graxa as fai máis nutritivas e apetitosas. Iso só ocorre cando están na sazón. Noutras épocas están secas e pouco saborosas.
- Outros refráns que nos axudan a escoller os alimentos de temporada son:
 - *Xaneiro, aÑeiro.*
 - *En febreiro sabe a verza coma o carneiro.*
 - *A lagosta e o cazón en marzo están en sazón.*
 - *Polo san Xoán o xurelo molla o pan.*
 - *A solla, na caída da folla.*

Solucións

1. Xuño. Sardiñas. Non. Si.

En xuño (san Xoán). Porque teñen máis graxa alimentaria (a que pinga no pan) que as fai máis nutritivas e apetitosas.

Polo san Xoán a sardiña molla o pan.

2. *Por san Xoán pinga a sardiña no pan.*

A sardiña por san Xoán sabe ben e unta o pan.

3. De orixe vexetal: pan, pera, cenoria. De orixe animal: xamón, polo, peixe, queixo. De orixe mineral: auga, sal.

4. mes/meses, sol/soles; invitados/invitado, sardiñas/sardiña.

Adxectivo.

b. 3. Ed. Primaria. 3º / 4º cursos**1. Traballo comezado é medio rematado****Suxestións**

- Pode ser útil este refrán, que nos anima a vencer a preguiza, cando se fale na aula sobre as obrigas, a constancia, o esforzo...
- Explicar as palabras descoñecidas do relato. Para axudar á comprensión do texto propónse a realización dos exercicios 1 e 2.
- Comentar que a maior dificultade dun traballo é comezar, pois iso supón saber acometelo. Unha vez posto en marcha é máis doado de continuar.
- Outros refráns de significado semellante ao proposto son:
 - *A comer e rañar, todo mal é empezar.*
 - *Obra comezada xa está case acabada.*
 - *Comezar xa é facer a meta(de).*
- O refraneiro tamén dá importancia ao feito de rematar as tarefas:
 - *Traballo feito non ten présa.*
 - *O feito vence ao por facer.*
 - *Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe.*

Solucións

1. - xantar, comer ao mediodía.
 - Pascua, festa que lembra a resurrección de Cristo.
 - tarefa, traballo que debe facerse nun tempo determinado.
 - preguiza, falta de ganas de traballar.
2. - Xantou e púxose a ver unha película de vaqueiros.
 - Pasou moito máis tempo vendo a televisión.
 - A nai tivo que enfadarse con el.
 - Venceu a preguiza e fixo un bo traballo.
 - Resposta libre.
3. Unha vez comezado un traballo é máis fácil de rematar.
4. *A comer e rañar, todo mal é empezar.*
5. Calquera traballo: estudar, coser, fregar...
6. - *Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe.*
 - *Traballo feito non ten présa.*
 - *O que ten oficio ten beneficio.*
 - *Se ben o fas, ben o toparás.*

2. Vale máis maña ca forza

Suxestións

- Refrán interesante para tratar o valor da tolerancia, da mestría, do talento...
- Para que o alumnado comprenda a mensaxe do relato, ademais das explicacións oportunas, poden ser útiles as dúas primeiras actividades.
- As actividades tres e catro reforzarán a comprensión do significado do refrán.
- Outros refráns de significado semellante:
 - *Onde a forza non basta, abonda a maña.*
 - *O que non sabe de maña queda, ás veces, sen probar castaña.*
 - *Neste mundo redondo, o que non sabe nadar vai ó fondo.*
 - *Quen fala mal da egua, ese é quen a merca.*
 - *Quen ten maña, para todo se apaña.*

Solucións

1. Estar á espreita, estar vixiando atentamente. Matar a fame, eliminar o desexo de comer.
Fachendoso, orgulloso. Folgos, forza suficiente para facer unha cousa.
Abanar, mover algo dun lado a outro sen sacalo do sitio.
2. 4, 3, 2, 1, 7, 5, 6.
3. A forza, o raposo. A maña, o galo.
4. Sempre é mellor utilizar a habilidade que a forza. *O que ten maña sempre apaña.*
5. S: O galo. P: saíu do seu galiñeiro.
6. Debuxo libre.

3. *Non pon a galiña senón a fariña***Suxestións**

- Este refrán pode utilizarse para introducir ou reforzar a idea de linguaxe figurada. Tamén, cando se traten as aves ou a alimentación animal.
- Se fose oportuno, explicárase que as galiñas son aves de curral que teñen patas, peteiro, plumas..., como se alimentan...
- Tamén se pode falar da importancia da alimentación nas persoas (actividade 4).
- Outros refráns de significado semellante son:
 - *A galiña polo bico pon.*
 - *As galiñas comen como poñen.*
 - *Non pon a galiña polo galo senón polo papo.*

Solucións

1. - preguiceira, folgazana, que non lle gusta traballar.
 - dabondo, bastante, suficiente.
 - desesperado, enfadado, impaciente.
 - atribuír, sinalar a causa dalgún feito.
2. - Un can, dous gatos e cinco galiñas.
 - Marcelo non as alimenta ben.
 - Que lles dea alimento suficiente: millo, centeo... Herba, verzas...
 - Alimentos en xeral.
3. - *As galiñas poñen como comen.*
 - *A galiña polo bico pon.*
4. ...senón o que come.
5. - Ave.
 - A galiña ten o corpo cuberto de plumas e anda sobre dúas patas.
 - A súa boca remata nun peteiro e reproducése por medio de ovos.
 - Carne e ovos.
 - Ter a pel de galiña / ter a pel con moitos grans pequeniños que se forman por frío ou medo.
 - Deitarse canda as galiñas / deitarse moi cedo.
 - Galiña choca / galiña que está en período de incubación.
 - Galo.
6. Resposta libre.

b. 4. Ed. Primaria. 5º / 6º cursos**1. O que canta, o seu mal espanta****Suxestións**

- Valéndonos do relato que inicia a unidade, explicarase o significado do refrán e cando se aplica.
- O refrán aconséllanos que actitude debemos tomar ante sucesos desagradables ou desgraciados. Para minorar e aliviar os males pode ser útil buscar algún asunto que nos distraia e nos encamiñe na busca da forza necesaria para superar calquera adversidade.
- Outra aplicación deste refrán máis próxima á letra é que o simple feito de cantar pode axudar a diminuír as mágoas de calquera, mentres que chorar agrándaa.
- Este refrán tamén se pode enunciar:
 - *Os seus males espanta, o que canta.*
 - *Quen canta o seu mal espanta.*
- Outros refráns que incitan ao optimismo son:
 - *Nunca choveu que non escampase.*
 - *Se queres ter alegría, sementa e cría.*
 - *Ata morrer, todo é vivir.*

Solucións

1. - espantar: escorrentar, facer fuxir.
 - nocello: parte saínte dos ósos situados entre a perna e o pé.
 - beira: bordo, límite dunha superficie.
 - anécdota: narración breve dun suceso curioso.
 - mancarse: sufrir unha ferida.
 - decatarse: darse conta.
2. - Quen canta, quen se distrae e sorrí na adversidade.
 - O seu mal espanta, minora o seu mal.
 - Quen se distrae e sorrí na adversidade minora o seu mal. Dito doutro xeito: para aliviar os males, convén buscar algunha distracción.
3. Respostas posible.
 - Quen se divirte recupera o humor.
 - Quen se alegra reduce os problemas.
 - Quen se distrae alivia os desgustos.
 - Quen se aburre perde o tempo.
4. a.
5. *O que canta (s) espanta (v) o seu mal (cd).*
6. a-3; b-2; c-1.
7. *Ata morrer, todo é vivir.*
Na vida hai que ser optimista e ter mente positiva.
8. Debate libre.


2. Río revolto, ganancia de pescadores

Suxestións

- Este refrán tamén se enuncia coa preposición diante: *A río revolto, ganancia de pescadores*. Ao longo das propostas pode aparecer de calquera das formas.
- Outras variantes son: *Río avolto, ganancia de pescadores*. *Mar revolto, ganancia de mariñeiros*.
- Un exemplo real no que se pode aplicar o refrán é á situación de guerra. Delas tiran bos beneficio os países ricos e as grandes multinacionais que se dedican á fabricación e venda de armamento.
- Pódese trasladar esta polémica aos/ás estudantes na medida que sexan capaces de asimilala e incluso establecer debates na clase para que expresen a súa opinión ou fagan as preguntas oportunas.
- Na vida ordinaria tamén se poden dar casos nos que a aplicación deste refrán vén ao pelo.

Solucións

1. a-2; b-3; c-1.
2. a-2; b-3; c-1.
3. a, b, d.
4. a, c.
5. Resposta posible: Río revolto augura ganancia de pescadores.
6. Resposta libre.
7. Ver diagrama.



8. Debate libre.

3. A auga no refraneiro

Suxestións

- Esta unidade ten especial aplicación na clase de Ciencias da Natureza ao se tratar o tema da auga.
- Aclarar que o refraneiro, ademais de referirse directamente á auga, ás súas calidades etc. tamén utiliza o termo auga como sinónimo de chuvia.
- Outros coñecidos refráns referidos a auga son:
 - *A auga molla por onde pasa.*
 - *Auga, a da serra, sombra, a da pedra.*
 - *Gábate merda, que a auga te leva.*
 - *Borracheira de auga non emborracha.*

Solucións

1. 1. inodora; 2. incolora; 3. insípida.
2. Doméstico (lavar); agrícola; doméstico (beber).
Resposta posible. Os refráns son maioritariamente de épocas preindustriais.
3. 1. *Auga corrediza non ten malicia.*
Auga corrente non mata a xente.

2. *Non hai auga máis mala cá que dorme.*
A auga parada está envelenada.

Actualmente, mesmo as augas que corren, poden estar contaminadas por residuos fecais, pesticidas, deterxentes, residuos industriais, etc.
4. Resposta posible. Indica que non debemos meternos en asuntos que non nos atinxen. Daquela, aconsella prudencia se intervimos en asuntos alleos.
5. Chuvia.
6. Realización libre.

4. A comer co refraneiro

Suxestións

- Esta proposta de actividades pode empregarse cando se traten temas relacionados coa alimentación, a saúde e mesmo a economía.
- Probablemente haxa que explicar o significado de *faneca*, *piarda*, *pescada* (peixes), *año* (cría da ovella) e *verza* (col).
- Convén facer fincapé en que o refraneiro dá ideas sobre a alimentación, a dieta... Tamén se refire á fame, á gula... Nestes aspectos, moitos refráns aínda son válidos hoxe, pero outros están superados pola racionalidade, cambios sociais...
- No debate, pódese comentar algunhas causas da fame no mundo: a corrupción (incluída a dos propios países pobres), os intereses financeiros e as guerras.

Solucións

1. Galiña (calquera parte), faneca, pescada, verzas, porco (calquera parte), ovos, piardas, año (calquera parte).
2. - Estar no tempo oportuno para calquera cousa. Na lectura, estar en comida.
 - Resposta posible: Ao abundaren máis, hai máis oferta no mercado, daquela, os prezos baixan. Os produtos de tempada son normalmente frescos ou escasamente manipulados e conservan todo o seu sabor natural e todas as propiedades alimentarias.
 - A carne de carneiro é moi apreciada tradicionalmente, por iso, cando se quere dar importancia a un alimento, compárase con ela.
 - Si. Indícanos o momento oportuno para comer certos alimentos.
 - En xaneiro poñen máis as galiñas, hai máis ovos. Refrán só aplicable ás galiñas que se crían en liberdade.
3. Enerxéticos: graxa do porco, da galiña.
Plásticos: xamón, ovos, galiña, peixes.
Reguladores: verzas.
4. - pescada, faneca, piarda.
 - porco, galiña, año, ovos.
 - verzas.
5. 1-d; 2-a; 3-b; 4-c.
6. Debate libre.

b. 5. Ed. Secundaria

1. Os refráns do avó

Suxestións

- Aproveitar a lectura para explicar que é un refrán.
- Comentar algunhas das súas características.
- Explicar que a maioría dos refráns teñen un senso metafórico. Reforzar a idea coa actividade 3.
- Comentar que moitos refráns teñen estrutura bimembre: presentación e termo. Nalgún caso as dúas partes riman (en asonante ou consoante) e noutros non.

Solucións

1. 1, arca.
2, faiado.
3, rabia.
4, discreción.
2. Frase curta de tradición popular que contén un consello ou ensinanza.
3. Transmítense oralmente. Conteñen sabedoría popular. Moitos deles teñen senso metafórico. Xeralmente son curtos.
4. *Cando o río sona / Cando corre un rumor.
auga leva / pode haber algo de certo.*
5. *Cada mestriño / ten o seu libriño.
Canto menos vulto, / máis claridade.
Un polo outro, / o traballo sen facer.
Non se pode repenicar / e andar na procesión.*
6. a, cómpre.
b, sae.
c, ponlle.
d, déixalle.
e, precisa.
f, trae.
7. Debate libre.

2. Un refrán para cada mes

Suxestións

- Ademais de explicar aquelas dificultades do texto, deberase facer comprender o significado de cada refrán.
- Poderase facer referencia ao contexto histórico dos refráns que se presentan, así como á súa vixencia, esquecemento ou caducidade na actualidade.
- Destacar as múltiples referencias dos refráns ao mundo agrícola e rural que os orixinou, así como ao santoral.

Solucións

1. Cebar, cubil, sazón, buxaina, santoral.
2. Novembro, xuño, decembro, agosto, setembro.
3. - *En setembro, vendima correndo / Por san Mateu vendima ti, vendimo eu.*
 - *Novembro acabando, inverno empezando / Cando santos acaba, inverno empeza*
 - *En san Xoán, a fouce na man / Polo san Pedro, coller o centeo.*
 - *Ao pasar a Peregrina, inverno encima / Despois da Nosa Señora, o verán fóra.*
 - *Allos no nadal, nin nados nin por sementar / Polo nadal pon o teu allal*
4. Alimento, agricultura, calendario, meteoroloxía, aves.
5. - *Ben lle irá ao borracho, se trona en marzo.* Os tronos de marzo son precursores de boa colleita de viño.
 - *A auga de maio carga o carro.* Moitos refráns galegos insisten en que as chuvias de maio aseguran boas colleitas.
 - *Herdeiro é agosto do que outros fixeron.* As colleitas de agosto dependen do tempo dos meses anteriores.
 - *A castaña en agosto quere arder e en setembro beber.* Para haber boas castañas ten que ir moita calor en agosto e vir unha boa rega en setembro.
6. a. Os días son pequenos e antes non había luz eléctrica, así que se traballa menos.
 b. O trigo/centeo bota a espiga.
 c. Chega a primavera.
 d. Xa está maduro.
 e. Para que estea gordo para a matanza no san Martiño.
 f. O diñeiro gástase nas moitas festas que se celebran nese mes.

4. O amor no refraneiro

Suxestións

- Convén ter en conta que os refráns que aparecen no texto son unha escolma que pretende ser representativa dos moitos refráns que existen sobre o amor. Con todo, na escollla fuxiuse intencionadamente dos notoriamente clasistas, escatolóxicos e obscenos sen caer no puritanismo.
- Algúns refráns relacionados co amor son:
 - *O amor non quere consello* (turba a razón).
 - *Contigo, pan e cebola* (sacrificio).
 - *O amor é lume, pero con el non coce o cazolo* (valor relativo).
 - *Diñeiro e amor mal se encobren* (mal se oculta).
 - *O amor desfaise coa ausencia* (require presenza).
 - *Do ver nace o querer* (entra polos ollos).

Solucións

- *Os amores novos fan esquecer os vellos.*
Resposta posible. Este refrán constata que un amor fai esquecer outro amor anterior e, ao mesmo tempo, aconsella que cando alguén sofre un desamor é bo remedio volver a namorarse doutra persoa.
 - *O que unha mora tinxe, outra verde o destinxo.*
Resposta posible. O significado deste refrán é obviamente semellante ao anterior o mesmo que *Un cravo saca outro cravo (se os dous non quedan dentro)*. No exercicio número catro explícase o senso metafórico dos refráns.
- *O amor fai cantar.* O amor trae ilusión e alegría á persoa que se namora, se é correspondida.
 - *Moito sofre quen ben quere.* Quen está namorado e non é correspondido como desexa sofre moito, tanto como ama.
 - *O amor todo o iguala.* Indica que o verdadeiro amor é capaz de salvar todas as diferenzas (sociais, culturais, económicas...) entre dous namorados.
 - *Cada ovella coa súa parella.* Normalmente refírese ás amizades e ao matrimonio, aconsellando que cada persoa se relacione cos/coas da súa categoría social. Lémbranos aquel aforismo de Plauto: “A cada raíña gústalle o seu rei”.
- *Amor con amor se paga, porque Amar a quen non ama é responder a quen non chama.*
 - *O que unha mora tinxe, outra verde o destinxo* porque *Os amores novos fan esquecer os vellos.*
- Mora/amor; tinxe/fai sentir, representa; outra (mora) verde/un amor novo; destinxo/provoca esquecemento.
- Resposta libre.
- a-2; b-5; c-3; d-1; e-4.
- Resposta libre.
- Debate libre.

5. Refráns da vida e da morte

Suxestións

- Pode comentárselle ao alumnado que os refráns adoitan agruparse por temas, sendo os máis tradicionais *a vida, a familia, o casamento, o amor, as amizades, o diñeiro, o aforro, o tempo, a morte, etc.*
- Existen moitos refráns referentes á vida. Algúns deles son:
 - *Máis vale burro vivo que sabio morto* (amor á vida).
 - *A boa vida non quere présa* (vivir ben).
 - *Nace o home para traballar non para folgar* (necesidade de traballar para vivir).
 - *Vai así o mundo rolando: uns rindo e outros chorando* (desigualdade).
 - *Ninguén morre ata que Deus quere* (poder de Deus para os crentes).
 - *Cabalo de andadura pouco dura* (brevidade).
 - *A máis vivir, máis sufrir; Cousa cumprida só nutra vida* (a vida é dura).
- No referente ao máis alá, o refraneiro é ambiguo. Así algúns refráns, como *Coa morte acabouse todo, Coa morte todo se vai* ou *Todo acaba cando a morte chega e chama*, fan referencia a que despois de morrer non hai outra vida, mentres que outros falan da existencia dun máis alá: *Home morto pide rezos e responsos, O que neste mundo fai risa no outro chifra, Alá lle dirán o mal que facía cando aquí vivía*. Incluso hai refráns ambiguos como *Acá xa sabemos o que hai, e alá, que haberá?*

Solucións

1. Responso/rezo polos defuntos; decoro/honestidade nos feitos; desventura/sorte adversa; dignidade/amor propio; máis alá/mundo despois da morte.
2. Ventureiro, venturoso, desventura, aventura, benaventuranza, boaventura.
3. a) hipérbato.
 b) Un non sabe onde a ten.
 c) Or. comp. sub. substantiva de CD.
 d) Or. pral. S: un; V: sabe; CCN non; CD: onde a ten. or. sub. S: (un); V: ten; CD: a.
4. difícil, breve, esperanzada, limitada.
5. Morte certa:
 - *Non se morre máis ca unha vez.*
 - *A ninguén perdoa a morte.*
 - *Contra a morte, non hai casa forte.*
 Morte incerta:
 - *A morte sempre ten desculpa.*
 - *Non sabe un onde a ten.*
6. Resposta libre.
7. - gatos/as clase social elevada, os poderosos, os que mandan.
 - ratos/as clase inferior, os mandados, os subordinados.
8. Debate libre.

6. Refróns do mundo clásico

Suxestións

- Son varias as clases e os momentos nos que se pode utilizar esta unidade: o mundo grego, a civilización romana, a influencia destas culturas no occidente europeo, etc.
- En calquera caso, o alumnado deberá coñecer como chegou ata nós a influencia grecolatina, así como que esta recolle certos saberes das chamadas civilizacións fluviaais.
- Se se cre oportuno, pódese falar da sarna, enfermidade da pel, etc.
- Tamén se pode informar que o trobeiro galego Fernando Esquíó (s. XIII-XIV) introduciu nunha das súas cantigas o refrán “quam longe d’ollos, longe do corazón”.

Solucións

- a, romano.
 - b, romano.
 - c, grego.
 - d, grego.
 - e, romano.
- a. Na cara reflíctese o carácter dunha persoa, así como o seu estado de ánimo e de saúde.
 - b. Unha persoa intelixente e activa é capaz de captar e valorar calquera detalle ou insinuación. Non precisa moitas explicacións para comprender.
 - c. Recomenda ser dilixente para ter éxito no que nos propoñemos.
 - d. Diante dun problema grave, hai que acudir a medios enérxicos para encontrar a solución.
 - e. Dá a entender que na vida hai que correr certos riscos se se quere triunfar.
- non molesta.
- a, c.
- Son todas correctas menos *afecta especialmente aos xeonllos*.
- A ausencia da persoa amada.
- O amor arrefría, ata pode chegar a desaparecer.
- Referido ao amor, quere dicir que a ausencia contribúe a esquecer a persoa que se ama. Tamén se refire a que a distancia axuda a sentir menos as desgracias que se producen lonxe.
- No corazón. Os ollos son a porta de entrada do amor.
- Debate libre.

7. A Biblia, fonte de refráns

Suxestións

- Poderase comentar a influencia da Biblia e do pensamento cristián nos tempos actuais.
- Esta unidade dá pé para practicar o manexo da Biblia, introducir e/ou debater sobre temas relacionados co currículo escolar como o socialismo, o dogmatismo da doutrina cristiá, as analogías entre cristianismo e socialismo, o poder da igrexa medieval, etc.
- Pódese comunicar ao alumnado que o refrán *O que non traballa, non come* está recollido na constitución da URSS de 1918, artigo 12. e que Manuel García Barros, *Ken-Keirades*, (1876-1972) tamén o usa no capítulo “Subindo a campana” de *Contiños da terra*.
- O *Cronicón Iriense* (561-982) pon na boca de San Rosendo (907- 977) “*Qui gladio operatur, gladio peribit*” (o que se serve da espada, da espada morrerá) que aparecerá en galego na *Crónica de Santa María de Iria século XV* “*Aquel que con espada fere, con espada morrerá*”.

Solucións

1. Actividade libre.
2. 1-c; 2-f; 3-e; 4-d; 5-a; 6-b.
3. a. Aplícase a quen obtén boa reputación fóra do seu lugar por non atopar nel os medios para alcanzala. Tamén responde á idea de que, en moitos casos, dáselle máis valor ao de fóra que ao da propia casa, localidade ou país.
 - b. Quen realiza as tarefas con dilixencia e perfección ten dereito a recibir un xusto salario.
 - c. O que queira lograr un propósito ten que pretendelo e expoñelo, incluso repetidas veces.
 - d. Avisa de que é fácil ver os defectos alleos, aínda que sexan pequenos, pero somos incapaces de ver os nosos, se cadra, máis grandes.
 - e. Non convén perder o tempo en axudar a quen non quere ser axudado ou non o vai agradecer.
 - f. Advirte do perigo a que se expón quen, sen motivo, escolle situacións arriscadas.
4. 1-c; 2-d; 3-a; 4-b; 5-f; 6-e.
5. a.
6. a, b.
7. Coloquio libre.

8. Outros refráns con raíces

Suxestións

- Nesta unidade traballamos tres refráns con antecedentes: históricos, na tradición e na pesca.
- Pódeselles falar ao alumnado doutros exemplos de refráns inspirados
 - na historia:
Non se gañou Zamora nunha hora.
Cada día galiña, amarga a cociña.
 - na matanza:
A bo porco, boa landra.
Un porco é unha botica.
 - na pesca:
Onde hai patrón, non manda mariñeiro.
Barco grande, ande non ande.
 - na gandería:
A xente de seu e gando alleo, calquera chega.
Animal de pico non fai o dono rico.

Solucións

O bispo de Santiago, espada e báculo

1. Historia.
2. a. Relixioso con autoridade na Igrexa católica, como bispo ou arcebispo.
b. Bastón, símbolo de poder, que levan os bispos e outras autoridades eclesiásticas nos actos relixiosos.
c. Pobo escandinavo de guerreiros e navegantes que realizou numerosas expedicións marítimas entre os séculos VII e IX polas costas galegas.
d. Persoa pertencente a unha freguesía (parroquia).
3. Resposta libre.

A cada porquiño, chégalle o seu san Martiño

1. Nunha tradición.
2. Fundamentalmente arredor de san Martiño (11 de novembro), pero porcos mátanse durante todo o inverno e aínda a comezo da primavera.
3. Ver a explicación no texto.
4. Por exemplo: *A bo porco, boa landra; Un porco é unha botica; Se queres ver o teu corpo, mata un porco; Porco cebadeiro non quere compañeiro.*

Se o mascato ves voar e tirar, vai alí pescar

1. a. Ave mariña de gran tamaño e cor branca con manchas negras no bordo das ás. O peteiro, que tamén ten manchas negras no principio. Aliméntase de peixe, especialmente sardiñas, que pesca lanzándose desde o alto cara ao mar.
 - b. Sinal de abundancia de sardiñas e aviso de que se pode saír a faenar.
 - c. 2, 3.
 - d. Resposta posible. *Onde hai patrón, non manda mariñeiro; Barco grande, ande non ande; Gaivotas na terra, mariñeiros á merda; O que é bo patrón nunca deixa o temón.*
2. Debate libre.

BIBLIOGRAFÍA



BIBLIOGRAFÍA

- ALCALÁ CALDERA, J. E RASERO MACHACÓN, J. *Parecias y fábulas en himeneo. Una proposición didáctica.* En *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y Literatura.* Tomo I. Deputación da Coruña. 2004.
- APARICIO CASADO, B. *A tradición oral en Poio.* Deputación de Pontevedra. 1991.
- BENAVENTE JAREÑO, P. e FERRO RUIBAL, X. *Refraneiro galego da vaca.* Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 1995.
- BIZARRI, H.O. *El refranero castellano en la Ed. Media.* Laberinto. Madrid. 2004.
- CANALLEDA, M.J. e PALLARES, B. *Refranero español.* ed. Castalia. Madrid, 2001.
- BLANCO PÉREZ, D. *Do refrán á Cantiga.* En *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero.* Tomo II. 1999.
- BLANCO PÉREZ, D. *Historia da literatura popular galega.* Servizo de publicacións da USC. 1994.
- BLANCO PÉREZ, D. *Literatura popular no ensino.* En *Revista Galega do Ensino.* nº 9. Novembro 1995.
- CASARES, C. *Refráns para predicir o tempo.* Galaxia. Vigo. 1997.
- CONDE TARRÍO, G. *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés.* Ed. Galaxia. Vigo. 2001.
- CONDE TARRÍO, G. *Hacia una verificación práctica de una teoría del refrán: Galicia, un exemplo de estudio.* En *Las lenguas de Europa: Estudios de fraseología, fraseografía y tradición.* 2000.
- CONDE TARRÍO, G. *O problema da terminoloxía paremiolóxica en Galicia.* En *Madrygal,* nº 2. 1999.
- CONDE TARRÍO, G. *El refrán en la pedagogía popular.* En *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y Literatura.* Tomo I. Deputación da Coruña. 2004.
- CORREIA, A. *Do refrao de Mendinho á escrita dos refráns nos cancioneros.* En *Actas do Congreso O mar das Cantigas.* 1998.
- CONS LOUSA, X. *O refrán.* *Anuario Brigantino,* 24, 2001.
- DOVAL, G. *Refranero temático español.* Ed. Del Prado. Madrid. 1997.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. *A inserción do verbo antigo na literatura medieval galego-portuguesa.* En *Homenaxe a Xesús Taboada Chevite.* 1976. E. Do Castro. Vigo 1990.


- FERRO RUIBAL, X. *Álvaro Cunqueiro e a paremioloxía*. En *Cadernos de Fraseoloxía Galega n° 13*. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2011.
- FERRO RUIBAL, X. *Dentes e moas na fraseoloxía galega*. En *Cadernos de Fraseoloxía Galega n° 12*. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2010.
- FERRO RUIBAL, X. *Explicitación e implicitación fraseolóxica: notas galegas*. En *Cadernos de Fraseoloxía Galega n° 6*. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2004.
- FERRO RUIBAL, X. *Refraneiro galego básico*. Galaxia. Vigo. 1987.
- FERRO RUIBAL, X. *Refraneiro galego máis frecuente*. La Voz de Galicia. A Coruña. 2002.
- GARCÍA ESTRADÉ, M.C. *El aforismo como base para la creación de nuevos refranes*. En *Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y Literatura*. Tomo I. Deputación da Coruña. 2004.
- GIPPINI ESCODA, E. *Refraneiro galego (escolma)*. Edicións do Castro. Sada. 1991
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. *O refraneiro do mar*. Deputación Provincial de Pontevedra. 1987.
- LÓPEZ TABOADA, C. e SOTO ARIAS, M. D. *Así falan os labregos. Fraseoloxía da lingua galega*. Galinova. A Coruña. 1995.
- LORENZO FERNÁNDEZ, X. *Refraneiro galego*. Editorial Castrelos. Vigo. 1983.
- MAYÁN TABOADA, L. *O refrán, un legado de inmenso valor*. Aunios 4. St. 2001.
- MARTÍNEZ SEIXO, R.A. e outros. *Diccionario fraseolóxico galego*. A nosa Terra. Vigo. 2000.
- MERILLE, P. de. *Refraneiro agrícola-meteorolóxico*. Asociación Cultural Eira Vella. Betanzos. 1994.
- MORREIRA SANTISO, J. *Os mil e un refráns da muller*. Edicións Celta. Lugo. 1973.
- MOREIRA SANTISO, J. *Os mil e un refráns do home*. Alvarellos. Lugo. 1977.
- PENA ROMAY, X. A. *Diccionario de expresións e frases feitas castelán-galego*. Edicións Do Cumio. Vigo. 2001.
- QUINTÁNS LÓPEZ, R. *Refraneiro, pensamento tradicional e nacionalismo*. En *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*. 1999.
- QUINTÁNS SUÁREZ, M. *Refraneiro Galego*. El Correo Gallego. Santiago. 1992.
- QUINTÁNS SUÁREZ, M. *O noso refraneiro (I) e (2)*. Sotelo Blanco. Santiago 2009
- RIVAS, P. *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa*. En *Cadernos de Fraseoloxía Galega n° 1*. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2000.
- RAJO LÓPEZ, M. *Refráns e ditos galegos*. Follas Novas. Santiago. 1977.
- RODRÍGUEZ, F. *Refráns e ditos da nosa terra*. Cardeñoso. Vigo. 1995.
- SAMPEDRO Y FOLGAR, C. *Refranero de los pescadores de las Rías Bajas*. En *El Museo de Pontevedra* VI. 1951.

- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, E. *Aproveitamento dalgún ditos populares no ensino*. En *Revista Galega de Educación*, nº 5. 1987.
- SEVILLA, J.e CANTERA, J. *Pocas palabras bastan*. Deputación de Salamanca. 2002.
- SOTO ARIAS, M. R. *Achegas a un diccionario de refráns galego-castelán*. En *Cadernos de Fraseoloxía Galega* nº 3. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2003.
- TABOADA CHEVITE, X. *Refraneiro galego*. En *Cadernos de Fraseoloxía Galega* nº 2. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2000.
- VV. AA. *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2016
- VV. AA. *877 refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa, Inglesa*. Ediciones Internacionales Universitarias. Madrid. 1998.
- VÁZQUEZ SACO, F. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, nº 5. Centro Ramón Piñeiro. Consellería de Educación. Xunta de Galicia. 2003.
- ZAMORA MOSQUERA, F. *Refráns e ditos populares galegos*. Ed. Galaxia. Vigo 1972.


Consultas en internet:

- CENTRO RAMÓN PIÑEIRO para a Investigación en Humanidades. *Cadernos de fraseoloxía de Galicia*. Saniago. <http://www.cirp.es/w3/cfg/numeros.htm>
- CENTRO VIRTUAL CERVANTES. *Refranero multilingüe*. Madrid. Instituto Cervantes <<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>>
- REVISTA DIGITAL PAREMIA. <http://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/indice.htm>.



 Xacobeo 2021

gálicia



XUNTA
DE GALICIA